



PARLAMENTO
DE GALICIA



BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

XI lexislatura
Número 80
21 de xaneiro de 2021

Fascículo 1

CSV: BOPGDSPG29xpL416s3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



SUMARIO

1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Resolución da Presidencia, do 20 de xaneiro de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002) [27541](#)

1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

7626 (11/POC-001221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coa organización e xestión do curso escolar 2020-2021 [27557](#)

7628 (11/POC-001222)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da renuncia do Goberno central a aproveitar o traballo desenvolvido na pasada lexislatura para alcanzar un pacto pola educación no conxunto do Estado [27560](#)

7648 (11/POC-001226)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre as vivendas de uso turístico [27563](#)

7649 (11/POC-001227)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre o distintivo Q de calidade do sector turístico [27566](#)

7658 (11/POC-001230)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego destinadas a impulsar o proxecto do *hub* audiovisual-industria cultural [27570](#)



I 7659 (11/POC-001231)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis**

Sobre a valoración polo Goberno galego da posta en marcha do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021

[27572](#)**I 7751 (11/POC-001262)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre os avances na elaboración do Plan de dinamización lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia

[27574](#)**I 7761 (11/POC-001264)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis**

Sobre o papel que vai desempeñar o Museo do Pobo Galego no contexto da nova Lei de museos de Galicia e no marco do Ano Xacobeo 2021

[27577](#)**I 7832 (11/POC-001305)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 10 máis**

Sobre as previsións da Xunta en relación coa posta en marcha do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional

[27580](#)**I 7834 (11/POC-001306)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro

[27582](#)**I 7837 (11/POC-001307)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre a valoración polo Goberno galego do sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia

[27584](#)**I 7839 (11/POC-001308)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis**

Sobre as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

[27586](#)**I 8048 (11/POC-001387)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e 7 máis**

Sobre as iniciativas da Xunta de Galicia para a mellora da rede de saneamento e execución dunha nova depuradora en Burela, as previsións do Goberno e o papel do departamento de Costas do Estado en relación con futuras obras e proxectos

[27588](#)

I 8049 (11/POC-001388)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Vega Pérez, Daniel e 7 máis**

Sobre as medidas implementadas pola Xunta de Galicia para solucionar os problemas de abastecemento de auga que afectan os concellos de Ribadeo e Trabada

[27591](#)**I 8053 (11/POC-001391)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre as actuacións que vai executar a Xunta de Galicia para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no concello de Viveiro

[27593](#)**I 8054 (11/POC-001392)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis**

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de mellora da seguridade da estrada Viveiro-Cabreiros e outras melloras executadas na estrada LU-540

[27596](#)**I 8066 (11/POC-001398)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre o reforzamento da seguridade viaria nas estradas galegas

[27598](#)**I 8068 (11/POC-001399)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre a posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0 para a mellora da xestión dos recursos hídricos

[27600](#)**I 8074 (11/POC-001401)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Murillo Solís, María Guadalupe e 7 máis**

Sobre a situación na que se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego

[27603](#)**I 8077 (11/POC-001402)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre as vantaxes que ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia, impulsado pola Xunta

[27606](#)**I 8079 (11/POC-001403)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9

[27608](#)

I 8091 (11/POC-001414)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis**

Sobre o contido e resposta do protocolo de colaboración proposto pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo para avanzar no Plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seo paso por ese municipio

[27611](#)**I 8094 (11/POC-001415)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis**

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación á situación en que se atopa a estación de tratamento de auga potable municipal do Casal de Vigo e da prórroga da concesión do servizo de saneamento e abastecemento de Auga que vén de materializar o Concello de Vigo

[27614](#)**I 8095 (11/POC-001416)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta de Galicia nas estradas da súa titularidade e as novidades que presenta o novo contrato no que atinxe á avaliación e control do estado dos muros e noiros existentes na rede autonómica de estradas de Galicia

[27617](#)**I 8101 (11/POC-001417)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis**

Sobre o transporte escolar no concello de Folgoso do Courel

[27619](#)**I 8177 (11/POC-001424)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis**

Sobre as esixencias que podería plantexar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado relativas á situación do corpo de profesorado técnico de formación profesional, garantindo a súa integración no corpo de profesores do ensino secundario, o acceso á función pública docente cos mesmos requisitos dos futuros profesores de ensino secundario e o mantemento das condicións salariais e laborais

[27623](#)**I 8221 (11/POC-001429)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Verea Fraiz, Borja e 7 máis**

Sobre as actuacións máis singulares executadas pola Xunta de Galicia para a integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela

[27627](#)**I 8223 (11/POC-001430)****Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 6 máis**

Sobre as previsións que baralla a Xunta de Galicia para dotar de infraestruturas intermodais as principais cidades galegas

[27630](#)

I 8226 (11/POC-001431)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Calvo Pouso, Diego e 7 máis**

Sobre a situación en que se atopan os trámites para a construción do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e o avance que están a ter os traballos correspondentes á fase 0 [27633](#)

I 8264 (11/POC-001451)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 6 máis**

Sobre os avances efectuados pola Xunta de Galicia nos últimos meses en relación coa promoción e recoñecemento social do voluntariado de protección civil [27635](#)

I 8315 (11/POC-001477)**Grupo Parlamentario Popular de Galicia****Prado del Río, Paula e 6 máis**

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da formación que se está a impartir na Academia Galega de Seguridade Pública [27637](#)

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación**I 7408 (11/POC-001187)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís****Sobre as verteduras na Ría da Arousa**[27639](#)**I 7414 (11/POC-001188)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Castro García, Daniel e 3 máis**

Sobre o número de aulas CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) en Galicia, os problemas de conectividade e o aumento da facilidade de acceso a Internet [27643](#)

I 7420 (11/POC-001189)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre a valoración do goberno galego do impacto do *Brexit*, as previsións da Xunta de Galicia e a súa monitorización [27646](#)

I 7426 (11/POC-001190)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre os resultados da Enquisa conxuntural a fogares e o impacto na economía galega do agravamento da pobreza e da exclusión social durante a crise da covid [27650](#)

I 7432 (11/POC-001191)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 2 máis**

Sobre as previsións de ingresos extraordinarios por parte do Estado e de Europa e o mantemento dos servizos públicos básicos [27654](#)

I 7444 (11/POC-001192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que o ciclo formativo de grao medio de Emerxencias e Protección Civil poida volver a ofertarse no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada [27658](#)

I 7455 (11/POC-001193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a suba no prezo da enerxía eléctrica e do gas [27660](#)

I 7460 (11/POC-001194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a apertura de expedientes a residencias de maiores e os incumprimentos que os motivaron [27665](#)

I 7500 (11/POC-001196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as medidas, orzamentos, infraestruturas e achega económica para o desenvolvemento dos eixes estratéxicos e os programas da Estratexia Galicia dixital 2030 [27668](#)

I 7507 (11/POC-001197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a consideración da Xunta de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para pacientes coa capacidade de comunicación e movemento impedida e a situación do procedemento de actualización da carteira de servizos do Sergas [27670](#)

I 7513 (11/POC-001198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as liñas de cambio en canto ao novo modelo de atención residencial por parte da Xunta de Galicia e se considera importante que estea inmerso dentro dun programa integral de medidas cara a un enfoque de atención e coidados dos maiores e persoas dependentes [27673](#)

I 7529 (11/POC-001199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia volva ofrecer anualmente a posibilidade de realizar as probas para acreditar o Celga fóra de Galicia [27675](#)



I 7543 (11/POC-001200)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rodil Fernández, Olalla e 2 máis**

Sobre a convocatoria dos contratos posdoutorais para 2021 e as modificacións previstas, que empeoran as condicións laborais e salariais respecto de anos anteriores [27679](#)

I 7558 (11/POC-001201)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Queixas Zas, Mercedes e 2 máis**

Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para poñer en marcha a elaboración do plan director do parque do Pasatempo, de Betanzos, que dea comezo á implicación económica para a súa urxente restauración [27683](#)

I 7568 (11/POC-001202)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Pérez Fernández, Rosana e 2 máis**

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas á falta de pediatra no Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal [27686](#)

I 7572 (11/POC-001203)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as avarías e os fallos nas redes de telefonía e conexións á internet no rural [27690](#)

I 7573 (11/POC-001204)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o balance da «emerxencia cinexética» decretada en outubro de 2019 [27693](#)

I 7575 (11/POC-001205)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre a convocatoria de contratos predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2021 e posibles agravios comparativos nela [27699](#)

I 7595 (11/POC-001210)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Presas Bergantiños, Noa e 3 máis**

Sobre a xestión da estación de montaña de Manzaneda e as garantías do proceso de adxudicación [27702](#)

I 7601 (11/POC-001211)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis**

Sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas [27706](#)



I 7609 (11/POC-001212)**Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel**

Sobre as accións desenvolvidas no Plan de reactivación do sector cultural fronte á crise da covid-19

[27708](#)**I 7614 (11/POC-001213)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre as investigacións realizadas no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

[27710](#)**I 7618 (11/POC-001214)****Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia****Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis**

Sobre o número de persoas beneficiarias das axudas do Goberno galego dentro do sector da hostalaría e ocio nocturno e o plan de reactivación do sector

[27719](#)**I 7619 (11/POC-001215)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre a alta incidencia de lumes en determinadas zonas de Ourense e a creación de prazas de axentes ambientais, nas brigadas de investigación de incendios forestais

[27722](#)**I 7620 (11/POC-001216)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o sector da gandaría de carne en Galicia e a súa situación económica

[27727](#)**I 7621 (11/POC-001217)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a coexistencia do gando cabalar e o lobo en Galicia

[27737](#)**I 7622 (11/POC-001218)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis**

Sobre o cumprimento da orde de axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000

[27742](#)**I 7623 (11/POC-001219)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as axudas que poidan materializarse antes da época de alto risco de incendios e os traballos necesarios para a súa prevención

[27745](#)**I 7624 (11/POC-001220)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a axilización da entrada en funcionamento das inspeccións móbiles de maquinaria agrícola [27749](#)

I 7633 (11/POC-001223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as alegacións presentadas polo Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se establecen as normas para a nutrición sostible dos solos agrarios [27753](#)

I 7634 (11/POC-001224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación cos pagamentos correspondentes ás axudas directas da PAC e a implementación dalgún sistema para axilizar os pagamentos relacionados coas compensacións pola covid-19 [27760](#)

I 7638 (11/POC-001225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de información á Xunta de Galicia en relación co estado de conservación da capela de Santa María de Oza (A Coruña) e o seu uso social e cultural por parte da veciñanza [27763](#)

I 7650 (11/POC-001228)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre a valoración pola Axencia de Turismo de Galicia da evolución da liña de axudas destinadas á mellora de infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia [27766](#)

I 7655 (11/POC-001229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha regulación específica para a xestión dos residuos derivados da covid-19 [27769](#)

I 7661 (11/POC-001232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis

Sobre as razóns da ampliación dos horarios de actividade nos locais de xogo e apostas sobre os locais de hostalaría e restauración [27772](#)

I 7662 (11/POC-001233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as razóns da ampliación dos horarios de actividade nos locais de xogo e apostas sobre os locais de hostalaría e restauración [27775](#)



I 7615 (11/POC-001234)**Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as supresións dos mercados locais e sector de proximidade alegando falta de seguridade sanitaria

[27778](#)**I 7666 (11/POC-001235)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre a actuación do Goberno galego en relación co establecemento de medidas necesarias para tratar de eliminar os continuados cheiros nos terreos da antiga explotación mineira de Touro pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L.

[27786](#)**I 7668 (11/POC-001236)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o funcionamento e a composición do Consello Agrario Galego

[27791](#)**I 7670 (11/POC-001237)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellaría do Medio Rural destinadas ao cumprimento da lexislación vixente en materia de recuperación de zonas afectadas polos lumes, así como a elaboración dun plan específico de recuperación para as zonas calcinadas polos incendios forestais

[27795](#)**I 7671 (11/POC-001238)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre as medidas de actuación do Goberno galego en relación coa fixación do prezo do leite

[27801](#)**I 7673 (11/POC-001239)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre os resultados da investigación das causas e o desenvolvemento dos incendios forestais que tiveron lugar nos concellos do parque natural da Baixa Limia-Xurés e nos concellos do Macizo Central e Cualedro durante o verán de 2020

[27806](#)**I 7675 (11/POC-001240)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****González Albert, María e 2 máis**

Sobre as condicións laborais e a falta de recursos dos vixilantes forestais do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

[27809](#)**I 7676 (11/POC-001241)****Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego****Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis**

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro e as actuacións que pensa levar a cabo para corrixir esta situación [27814](#)

I 7678 (11/POC-001242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a consideración que lle merecen ao Goberno galego as feiras, mercados e mercadiños de proximidade, así como as medidas previstas en materia de seguridade sanitaria e reactivación desta actividade comercial [27818](#)

I 7680 (11/POC-001243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o estado de execución dos procesos de concentración parcelaria [27823](#)

I 7682 (11/POC-001244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as condicións laborais dos veterinarios e veterinarias que realizan as campañas de saneamento gandeiro [27829](#)

I 7684 (11/POC-001245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno galego en relación co tratamento do problema medioambiental que representan os plásticos agrícolas non recollidos e as rodas que premian os silos [27836](#)

I 7686 (11/POC-001246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a execución do Programa de Desenvolvemento Rural [27840](#)

I 7688 (11/POC-001247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de recursos humanos para o desenvolvemento máximo de competencias das oficinas agrarias comarcais [27843](#)

I 7693 (11/POC-001248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre as medidas e actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, en Verín [27846](#)

I 7694 (11/POC-001249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis



Sobre a política da Consellería do Medio Rural en relación co Plan forestal e o Consello Forestal

[27849](#)

I 7696 (11/POC-001250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e 7 máis

Sobre a valoración da execución do proxecto de reforma integral do pavillón dos Remedios, no concello de Ourense

[27855](#)

I 7697 (11/POC-001251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis

Sobre a valoración da produción e difusión pola CRTVG acerca do patrimonio artístico e cultural de Galicia nos últimos tempos

[27858](#)

I 7702 (11/POC-001252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis

Sobre a adopción polo Goberno galego, a teor do recrutamento dos efectos da covid-19, de novas medidas de axuda directa no sector da hostalaría

[27861](#)

I 7725 (11/POC-001253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as medidas e actuacións que ten pensado levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, en Verín

[27864](#)

I 7732 (11/POC-001254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Carballo Páez, Ramón e 11 máis

Sobre a fase concreta na que se atopan as obras de construción do novo CEIP Sagrado Corazón, de Lugo, e as previsións da Xunta de Galicia no que respecta a este proxecto

[27867](#)

I 7734 (11/POC-001255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno da Xunta de Galicia da implementación da política de descartes cero que establece a política pesqueira común da Unión Europea

[27870](#)

I 7735 (11/POC-001256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance pola Consellería do Mar dos investimentos acometidos nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia, así como cales foron os principais investimentos, desagregados por obras, subministracións, servizos e convenios

[27873](#)

I 7736 (11/POC-001257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis



Sobre as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro [27875](#)

I 7737 (11/POC-001258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da evolución da frota cerqueira galega nos últimos anos

[27877](#)

I 7738 (11/POC-001259)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a evolución dos produtos certificados baixo o selo de calidade *PescadeRías*

[27879](#)

I 7739 (11/POC-001260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o estado en que se atopa actualmente o procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre potencia das embarcacións que operan a marisqueo e/ou a recursos específicos

[27882](#)

I 7746 (11/POC-001261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia subministre todo o material necesario aos clubs de fútbol base, fútbol feminino e fútbol sala galego coa finalidade de poder comezar a tempada con todas as medidas de seguridade sanitaria

[27885](#)

I 7756 (11/POC-001263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit*

[27888](#)

I 7764 (11/POC-001265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e a renovación dos citados privilexios

[27894](#)

I 7766 (11/POC-001266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia tendentes a encargar a unha comisión independente a realización dun informe sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita

[27897](#)



1. Procedementos parlamentarios

1.1. Procedementos de natureza normativa

1.1.2. Propostas de normas

1.1.2.1. Proxectos e proposicións de lei

1.1.2.1.2. Proposicións de lei

Resolución da Presidencia, do 20 de xaneiro de 2021, polo que se amplía o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002)

No Rexistro Xeral do Parlamento de Galicia tivo entrada, co número 8461, o escrito do G. P. do Bloque Nacionalista Galego polo que solicita a ampliación do prazo para a presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002).

A Presidencia, tendo en conta a inmediatez da conclusión do prazo —o día 23 de xaneiro de 2021—, en uso da delegación temporal de competencias de xestión ordinaria da Mesa do Parlamento na Presidencia da Cámara (Acordo da Mesa do Parlamento do 17 de agosto de 2020, publicado no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia* núm. 5 do 20 de agosto de 2020), resolve:

1º. Admitir a trámite o documento número de rexistro de entrada 8461, presentado polo G. P. do Bloque Nacionalista Galego.

2º. Ampliar, por terceira vez, o prazo de presentación de emendas ao articulado á Proposición de lei de simplificación administrativa e de apoio á reactivación económica de Galicia (doc. núm. 6203, 11/PPL-000002), ata o día 25 de xaneiro de 2021, ás 18.30 horas.

3º. Dar conta desta resolución á Mesa e á Xunta de Portavoces.

4º. Notificar este acordo aos grupos parlamentarios.

5º. Publicar este acordo no *Boletín Oficial do Parlamento de Galicia*.

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Miguel Ángel Santalices Vieira

Presidente



1.4. Procedementos de información

1.4.4. Preguntas

1.4.4.2. Preguntas orais en comisión

A Mesa do Parlamento, na súa sesión do día 19 de xaneiro de 2021, adoptou os seguintes acordos:

Admisión a trámite polo procedemento de urxencia, asignación a comisión e publicación

- 7626 (11/POC-001221)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia en relación coa organización e xestión do curso escolar 2020-2021

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7628 (11/POC-001222)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a consideración pola Xunta de Galicia da renuncia do Goberno central a aproveitar o traballo desenvolvido na pasada lexislatura para alcanzar un pacto pola educación no conxunto do Estado

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7648 (11/POC-001226)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre as vivendas de uso turístico

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7649 (11/POC-001227)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre o distintivo Q de calidade do sector turístico

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7658 (11/POC-001230)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis

Sobre as actuacións do Goberno galego destinadas a impulsar o proxecto do *hub* audiovisual-industria cultural

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7659 (11/POC-001231)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Ferro Iglesias, José Luis e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da posta en marcha do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 7751 (11/POC-001262)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre os avances na elaboración do Plan de dinamización lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7761 (11/POC-001264)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o papel que vai desempeñar o Museo do Pobo Galego no contexto da nova Lei de museos de Galicia e no marco do Ano Xacobeo 2021

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7832 (11/POC-001305)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 10 máis

Sobre as previsións da Xunta en relación coa posta en marcha do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7834 (11/POC-001306)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre o plan de ensino virtual para blindar o ensino no caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou dun centro

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7837 (11/POC-001307)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego do sistema de financiamento do Sistema universitario de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7839 (11/POC-001308)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Rodeiro Tato, Ovidio e 6 máis

Sobre as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 8048 (11/POC-001387)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis



Sobre as iniciativas da Xunta de Galicia para a mellora da rede de saneamento e execución dunha nova depuradora en Burela, as previsión do Goberno e o papel do departamento de Costas do Estado en relación con futuras obras e proxectos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8049 (11/POC-001388)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Vega Pérez, Daniel e 7 máis

Sobre as medidas implementadas pola Xunta de Galicia para solucionar os problemas de abastecemento de auga que afectan os concellos de Ribadeo e Trabada

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8053 (11/POC-001391)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre as actuacións que vai executar a Xunta de Galicia para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no concello de Viveiro (procedemento urxente)

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8054 (11/POC-001392)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Balseiro Orol, José Manuel e 6 máis

Sobre a situación na que se atopa o proxecto de mellora da seguridade da estrada Viveiro-Cabreiros e outras melloras executadas na estrada LU-540

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8066 (11/POC-001398)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o reforzamento da seguridade viaria nas estradas galegas

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8068 (11/POC-001399)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0 para a mellora da xestión dos recursos hídricos

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8074 (11/POC-001401)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Murillo Solís, María Guadalupe e 7 máis

Sobre a situación na que se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos



- 8077 (11/POC-001402)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as vantaxes que ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia, impulsado pola Xunta

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8079 (11/POC-001403)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre a valoración que fai o Goberno galego sobre as subidas, dende o 1 de xaneiro deste ano, nas peaxes da AP-9

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8091 (11/POC-001414)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre o contido e resposta do protocolo de colaboración proposto pola Xunta de Galicia ao Concello de Vigo para avanzar no Plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seo paso por ese municipio

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8094 (11/POC-001415)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 7 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego en relación á situación en que se atopa a estación de tratamento de auga potable municipal do Casal de Vigo e da prórroga da concesión do servizo de saneamento e abastecemento de Auga que vén de materializar o Concello de Vigo

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8095 (11/POC-001416)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta de Galicia nas estradas da súa titularidade e as novidades que presenta o novo contrato no que atinxe á avaliación e control do estado dos muros e noiros existentes na rede autonómica de estradas de Galicia

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8101 (11/POC-001417)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre o transporte escolar no concello de Folgoso do Courel

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 8177 (11/POC-001424)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Lourenzo Sobral, Manuel Antonio e 2 máis



Sobre as esixencias que podería plantexar a Xunta de Galicia ao Goberno do Estado relativas á situación do corpo de profesorado técnico de formación profesional, garantindo a súa integración no corpo de profesores do ensino secundario, o acceso á función pública docente cos mesmos requisitos dos futuros profesores de ensino secundario e o mantemento das condicións salariais e laborais
Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 8221 (11/POC-001429)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 7 máis

Sobre as actuacións máis singulares executadas pola Xunta de Galicia para a integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela.

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8223 (11/POC-001430)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 6 máis

Sobre as previsións que baralla a Xunta de Galicia para dotar de infraestruturas intermodais as principais cidades galegas.

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8226 (11/POC-001431)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Calvo Pouso, Diego e 7 máis

Sobre a situación en que se atopan os trámites para a construción do novo Complexo Hospitalario Universitario da Coruña e o avance que están a ter os traballos correspondentes á fase 0.

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 8264 (11/POC-001451)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre os avances efectuados pola Xunta de Galicia nos últimos meses en relación coa promoción e recoñecemento social do voluntariado de protección civil.

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 8315 (11/POC-001477)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Prado del Río, Paula e 6 máis

Sobre o balance que fai a Xunta de Galicia da formación que se está a impartir na Academia Galega de Seguridade Pública.

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Admisión a trámite, asignación a comisión e publicación

- 7408 (11/POC-001187)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e Bará Torres, Xosé Luís

Sobre as verteduras na Ría da Arousa

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 7414 (11/POC-001188)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 3 máis

Sobre o número de aulas CeMIT (Centros para a Modernización e Inclusión Tecnolóxica) en Galicia, os problemas de conectividade e o aumento da facilidade de acceso a Internet

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 7420 (11/POC-001189)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre a valoración do goberno galega do impacto do *Brexit*, as previsións da Xunta de Galicia e a súa monitorización

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 7426 (11/POC-001190)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre os resultados da Enquisa conxuntural a fogares e o impacto na economía galega do agravamento da pobreza e da exclusión social durante a crise da covid

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 7432 (11/POC-001191)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 2 máis

Sobre as previsións de ingresos extraordinarios por parte do Estado e de Europa e o mantemento dos servizos públicos básicos

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 7444 (11/POC-001192)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Álvarez Martínez, Luis Manuel e 2 máis

Sobre as previsións da Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que o ciclo formativo de grao medio de Emerxencias e Protección Civil poida volver a ofertarse no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7455 (11/POC-001193)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e Fernández Alfonso, Ramón

Sobre a suba no prezo da enerxía eléctrica e do gas

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7460 (11/POC-001194)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a apertura de expedientes a residencias de maiores e os incumprimentos que os motivaron

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego



- 7500 (11/POC-001196)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e Seco García, Martín

Sobre as medidas, orzamentos, infraestruturas e achega económica para o desenvolvemento dos eixes estratéxicos e os programas da Estratexia Galicia dixital 2030

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7507 (11/POC-001197)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre a consideración da Xunta de habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tabletas con brazo articulado para pacientes coa capacidade de comunicación e movemento impedida e a situación do procedemento de actualización da carteira de servizos do Sergas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 7513 (11/POC-001198)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Ortega Otero, Marina e Torrado Quintela, Julio

Sobre as liñas de cambio en canto ao novo modelo de atención residencial por parte da Xunta de Galicia e se considera importante que estea inmerso dentro dun programa integral de medidas cara a un enfoque de atención e coidados dos maiores e persoas dependentes

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 7529 (11/POC-001199)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Castro García, Daniel e 2 máis

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia volva ofrecer anualmente a posibilidade de realizar as probas para acreditar o Celga fóra de Galicia

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7543 (11/POC-001200)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rodil Fernández, Olalla e 2 máis

Sobre a convocatoria dos contratos posdoutorais para 2021 e as modificacións previstas, que empeoran as condicións laborais e salariais respecto de anos anteriores

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7558 (11/POC-001201)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre as actuacións que está a desenvolver o Goberno galego para poñer en marcha a elaboración do plan director do parque do Pasatempo, de Betanzos, que dea comezo á implicación económica para a súa urxente restauración

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 7568 (11/POC-001202)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre as actuacións da Xunta de Galicia relativas á falta de pediatra no Centro de Saúde da Pobra do Caramiñal

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 7572 (11/POC-001203)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as avarías e os fallos nas redes de telefonía e conexións á internet no rural

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7573 (11/POC-001204)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o balance da «emerxencia cinxética» decretada en outubro de 2019

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7575 (11/POC-001205)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre a convocatoria de contratos predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2021 e posibles agravios comparativos nela

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 7595 (11/POC-001210)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Presas Bergantiños, Noa e 3 máis

Sobre a xestión da estación de montaña de Manzaneda e as garantías do proceso de adxudicación

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7601 (11/POC-001211)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e 3 máis

Sobre os datos e informes cos que conta o Goberno galego acerca dos efectos da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas

Comisión 5ª, Sanidade, Política Social e Emprego

- 7609 (11/POC-001212)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Díaz Varela, Noa Susana e Álvarez Martínez, Luis Manuel

Sobre as accións desenvolvidas no Plan de reactivación do sector cultural fronte á crise da covid-19

Comisión 4ª, Educación e Cultura



- 7614 (11/POC-001213)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre as investigacións realizadas no Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7618 (11/POC-001214)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Gallego Sanromán, María Leticia e 4 máis

Sobre o número de persoas beneficiarias das axudas do Goberno galego dentro do sector da hostalaría e ocio nocturno e o plan de reactivación do sector

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7619 (11/POC-001215)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre a alta incidencia de lumes en determinadas zonas de Ourense e a creación de prazas de axentes ambientais, nas brigadas de investigación de incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7620 (11/POC-001216)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o sector da gandería de carne en Galicia e a súa situación económica

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7621 (11/POC-001217)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a coexistencia do gando cabalar e o lobo en Galicia

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7622 (11/POC-001218)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 3 máis

Sobre o cumprimento da orde de axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7623 (11/POC-001219)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as axudas que poidan materializarse antes da época de alto risco de incendios e os traballos necesarios para a súa prevención

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 7624 (11/POC-001220)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a axilización da entrada en funcionamento das inspeccións móbiles de maquinaria agrícola

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7633 (11/POC-001223)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as alegacións presentadas polo Goberno galego en relación co proxecto de real decreto polo que se establecen as normas para a nutrición sostible dos solos agrarios

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7634 (11/POC-001224)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis

Sobre a actuación da Xunta de Galicia en relación cos pagamentos correspondentes ás axudas directas da PAC e a implementación dalgún sistema para axilizar os pagamentos relacionados coas compensacións pola covid-19

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7638 (11/POC-001225)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Queixas Zas, Mercedes e 2 máis

Sobre a demanda de información á Xunta de Galicia en relación co estado de conservación da capela de Santa María de Oza (A Coruña) e o seu uso social e cultural por parte da veciñanza

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7650 (11/POC-001228)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Verea Fraiz, Borja e 6 máis

Sobre a valoración pola Axencia de Turismo de Galicia da evolución da liña de axudas destinadas á mellora de infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7655 (11/POC-001229)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Castro Rey, Paloma e 4 máis

Sobre a elaboración pola Xunta de Galicia dunha regulación específica para a xestión dos residuos derivados da covid-19

Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 7661 (11/POC-001232)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Iglesias, María do Carme e 2 máis



Sobre as razóns da ampliación dos horarios de actividade nos locais de xogo e apostas sobre os locais de hostalaría e restauración

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 7662 (11/POC-001233)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as razóns da ampliación dos horarios de actividade nos locais de xogo e apostas sobre os locais de hostalaría e restauración

Comisión 6ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo

- 7615 (11/POC-001234)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as supresións dos mercados locais e sector de proximidade alegando falta de seguridade sanitaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7666 (11/POC-001235)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a actuación do Goberno galego en relación co establecemento de medidas necesarias para tratar de eliminar os continuados cheiros nos terreos da antiga explotación mineira de Touro pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L.

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7668 (11/POC-001236)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o funcionamento e a composición do Consello Agrario Galego

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7670 (11/POC-001237)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as actuacións que está a levar a cabo a Consellaría do Medio Rural destinadas ao cumprimento da lexislación vixente en materia de recuperación de zonas afectadas polos lumes, así como a elaboración dun plan específico de recuperación para as zonas calcinadas polos incendios forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7671 (11/POC-001238)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as medidas de actuación do Goberno galego en relación coa fixación do prezo do leite

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes



- 7673 (11/POC-001239)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre os resultados da investigación das causas e o desenvolvemento dos incendios forestais que tiveron lugar nos concellos do parque natural da Baixa Limia-Xurés e nos concellos do Macizo Central e Cualedro durante o verán de 2020

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7675 (11/POC-001240)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

González Albert, María e 2 máis

Sobre as condicións laborais e a falta de recursos dos vixilantes forestais do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7676 (11/POC-001241)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o coñecemento polo Goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro e as actuacións que pensa levar a cabo para corrixir esta situación

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7678 (11/POC-001242)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a consideración que lle merecen ao Goberno galego as feiras, mercados e mercadiños de proximidade, así como as medidas previstas en materia de seguridade sanitaria e reactivación desta actividade comercial

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7680 (11/POC-001243)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre o estado de execución dos procesos de concentración parcelaria

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7682 (11/POC-001244)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as condicións laborais dos veterinarios e veterinarias que realizan as campañas de saneamento gandeiro

Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7684 (11/POC-001245)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Rivas Cruz, Xosé Luís e 2 máis



Sobre a actuación do Goberno galego en relación co tratamento do problema medioambiental que representan os plásticos agrícolas non recollidos e as rodas que premían os silos
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7686 (11/POC-001246)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a execución do Programa de Desenvolvemento Rural
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7688 (11/POC-001247)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
Aira Díaz, María del Carmen e 2 máis
Sobre a política do Goberno galego en relación coa dotación de recursos humanos para o desenvolvemento máximo de competencias das oficinas agrarias comarcais
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7693 (11/POC-001248)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis
Sobre as medidas e actuacións que vai levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, en Verín
Comisión 2ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos

- 7694 (11/POC-001249)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego
González Albert, María e 2 máis
Sobre a política da Consellería do Medio Rural en relación co Plan forestal e o Consello Forestal
Comisión 7ª, Agricultura, Alimentación, Gandaría e Montes

- 7696 (11/POC-001250)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Murillo Solís, María Guadalupe e 7 máis
Sobre a valoración da execución do proxecto de reforma integral do pavillón dos Remedios, no concello de Ourense
Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 7697 (11/POC-001251)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia
Arias Rodríguez, Raquel e 6 máis
Sobre a valoración da produción e difusión pola CRTVG acerca do patrimonio artístico e cultural de Galicia nos últimos tempos
Comisión Permanente non Lexislativa de Control da Corporación da RTVG

- 7702 (11/POC-001252)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia
Francisco Rivera, Juan Carlos e 2 máis



Sobre a adopción polo Goberno galego, a teor do recrutamento dos efectos da covid-19, de novas medidas de axuda directa no sector da hostalaría

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 7725 (11/POC-001253)

Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia

Francisco Rivera, Juan Carlos e 3 máis

Sobre as medidas e actuacións que ten pensado levar a cabo a Xunta de Galicia tendentes a desenvolver o proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos, en Verín

Comisión 3ª, Economía, Facenda e Orzamentos

- 7732 (11/POC-001254)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Carballo Páez, Ramón e 11 máis

Sobre a fase concreta na que se atopan as obras de construción do novo CEIP Sagrado Corazón, de Lugo, e as previsións da Xunta de Galicia no que respecta a este proxecto

Comisión 4ª, Educación e Cultura

- 7734 (11/POC-001255)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración polo Goberno da Xunta de Galicia da implementación da política de descartes cero que establece a política pesqueira común da Unión Europea

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 7735 (11/POC-001256)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o balance pola Consellería do Mar dos investimentos acometidos nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia, así como cales foron os principais investimentos, desagregados por obras, subministracións, servizos e convenios

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 7736 (11/POC-001257)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre as medidas que está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan a remuda xeracional no sector pesqueiro

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 7737 (11/POC-001258)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a valoración pola Xunta de Galicia da evolución da frota cerqueira galega nos últimos anos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo



- 7738 (11/POC-001259)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre a evolución dos produtos certificados baixo o selo de calidade *PescadeRías*

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 7739 (11/POC-001260)

Grupo Parlamentario Popular de Galicia

Egerique Mosquera, Teresa e 6 máis

Sobre o estado en que se atopa actualmente o procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre potencia das embarcacións que operan a marisqueo e/ou a recursos específicos

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 7746 (11/POC-001261)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Carreira Pazos, Iria e 3 máis

Sobre a necesidade de que a Xunta de Galicia subministre todo o material necesario aos clubs de fútbol base, fútbol feminino e fútbol sala galego coa finalidade de poder comezar a tempada con todas as medidas de seguridade sanitaria

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 7756 (11/POC-001263)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Pérez Fernández, Rosana e 2 máis

Sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación co *Brexit*

Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo

- 7764 (11/POC-001265)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre a valoración polo Goberno galego da concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e a renovación dos citados privilexios

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

- 7766 (11/POC-001266)

Grupo Parlamentario do Bloque Nacionalista Galego

Bará Torres, Xosé Luís e 2 máis

Sobre as actuacións previstas pola Xunta de Galicia tendentes a encargar a unha comisión independente a realización dun informe sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita

Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior

Santiago de Compostela, 20 de xaneiro de 2021

Diego Calvo Pouso

Vicepresidente 1º



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A situación excepcional sobrevida pola pandemia da Covid-19 supón que a organización e xestión deste curso 20-21 sexa o maior reto ao que se enfrontou nunca a administración educativa de Galicia.

Estamos ante un curso que, como todos sabemos, partiu dunha circunstancia para todos descoñecida que obrigou a adoptar, cunha enorme axilidade, unha serie de medidas adaptadas a este contexto de crise sanitaria, co obxectivo de tratar de darlle a máxima seguridade e normalidade ao inicio do curso.

Nesta nova situación a Xunta de Galicia mantivo un diálogo constante co Goberno e coas outras Comunidades Autónomas, ademais dun contacto permanente con todos aqueles axentes e institucións da comunidade educativa galega que aportaron valiosas ideas e iniciativas ao inicio deste complexo curso escolar

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade desenvolveu un intenso traballo para a elaboración de protocolos destinados a facer que a volta ás aulas se realizase

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



cunha máxima seguridade. Ademais, estes protocolos están en permanente actualización, seguindo sempre os criterios do comité clínico e do comité educativo da Xunta de Galicia.

Toda esta labor desenvolvida pola administración non contaría cos resultados desexados sen a colaboración e a responsabilidade que demostraron en todo momento a totalidade da comunidade educativa.

De aí que todos e todas debemos de estar orgullosos do compromiso coa nosa educación pública que demostraron os pais e nais, os alumnos e alumnas, o persoal tanto docente como non docente e os equipos directivos, que traballaron intensamente para organizar en cada un dos centros o inicio do curso, nunha situación excepcional como a que estamos vivindo.

Froito de todo este esforzo conxunto e unha vez finalizado o primeiro trimestre do curso, podemos afirmar que a volta ás aulas tivo lugar con seguridade e que os centros escolares non se converteron en focos de transmisión comunitaria da Covid-19.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cal é a valoración que fai a Xunta de Galicia do curso escolar?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro 2021.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 12:40:12

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2021 12:40:26

José Luis Ferro Iglesias na data 12/01/2021 12:40:36

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2021 12:40:47

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2021 12:41:13

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 12:41:36

María Felisa Rodríguez Carrera na data 12/01/2021 12:41:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Teresa Egerique Mosquera, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Na pasada lexislatura creouse no Congreso dos Deputados unha Subcomisión e no Senado unha Ponencia para traballar nun Pacto de Estado pola Educación, que desenvolveu un intenso traballo escoitando a máis dun cento de relatores de recoñecido prestixio a nivel internacional, nacional e rexional.

En 2018 foi enviado polo goberno do Estado ás Comunidades Autónomas un anteproxecto de lei educativa que non recollía nin unha soa das recomendacións, consellos e conclusións de todo o traballo desenvolvido no marco do Pacto de Estado pola Educación.

Ese anteproxecto transformouse na Lei Orgánica de Modificación da Lei Orgánica de Educación (LOMLOE), a coñecida como lei Celaá, que foi tramitada por parte do Goberno de España de costas á comunidade educativa en particular e a sociedade en xeral.

Unha lei que, ademais, iniciou o seu trámite parlamentario en pleno estado de alarma, utilizando de maneira inaceptable a situación de pandemia para acelerar os prazos parlamentarios e evitar os seu debate.

Por primeira vez na historia da nosa democracia unha lei educativa non foi informada polo Consejo de Estado nin polo Consejo Escolar do Estado nin se permitiu a participación de sindicatos, expertos e representantes da comunidade educativa.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Dende o grupo parlamentario Popular sempre defendemos que calquera proposta de cambio no eido educativo debe facerse no marco do Pacto de Estado pola Educación, para tratar de acadar o consenso imprescindible para o futuro da nosa educación.

Ante a recente aprobación da LOMLOE, tamén coñecida como Ley Celaá, Os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta:

Considera a Xunta de Galicia unha oportunidade perdida a renuncia do actual Goberno central a aproveitar o traballo realizado no pasado para alcanzar un Pacto por la Educación no conxunto do Estado?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro do 2021.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 12:42:31

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2021 12:42:53

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2021 12:43:02

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2021 12:43:20

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 12:43:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Felisa Rodríguez Carrera na data 12/01/2021 12:43:45

José Luis Ferro Iglesias na data 12/01/2021 12:44:03

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)

CSV: BOPGDSPG29xpL416s3
Verificación:
<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e turismo polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Definimos como vivenda de uso turístico (VUT) aquela que é cedida a terceiras persoas de xeito reiterado e a cambio de contraprestación económica.

- Estas cesións fanse para estadias inferiores a trinta días consecutivos en vivendas que se atopan equipadas e con todas as características establecidas por vía regulamentaria.
- As VUT teñen ademais a peculiaridade de que poden ser ofertadas por particulares na súa propia vivenda.

O fenómeno das vivendas de uso turístico é unha tendencia global que en Galicia rexistra case 12.000 vivendas. A Xunta regulou esta tipoloxía de aloxamento a través do decreto 12/2017, co obxectivo de protexer os dereitos dos usuarios e aos empresarios do intrusismo profesional.

O decreto foi deseñado atendendo a cuestións formuladas polo sector turístico e pola sociedade e está a funcionar satisfactoriamente.



O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia avalouno, na súa totalidade e en dúas ocasións, rexeitando todos os recursos presentados por asociacións e pola Comisión Nacional do Mercado da Competencia.

Grazas á regulación exitosa levada adiante ata o de agora, este tipo de aloxamentos turísticos contan con normativas que garanten os dereitos dos seus usuarios, están incorporados á nosa actividade inspectora e dan conta desde o ano pasado do rexistro de viaxeiros, a través da ferramenta de Turespazo habilitada por Turismo de Galicia.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orais :

- Cantas altas se produciron dende a entrada en vigor do Decreto 12/2017?
- Cal é a evolución do número de aloxamentos ofertados?
- Cal é o número de prazas ofertadas e a súa proporción respecto ao total de prazas ofertadas no sector?
- Teñen este tipo de aloxamentos unha implantación homoxénea na conxunto do territorio galego? (provincias, xeodestinos, etc)
- Cantas inspeccións se fixeron para o control do correcto funcionamento das Vivendas de Uso Turístico (VUTs)? , cantos expedientes se incoaron?
- Cales son os principais competidores deste tipo de aloxamentos e como é a súa distribución?
- Como é a relación respecto a propiedade das VUTs?
- Son propietarios individuais ou empresarios?

Santiago de Compostela, 12 de Xaneiro de 2021.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 12/01/2021 13:40:09

Marta Nóvoa Iglesias na data 12/01/2021 13:40:28

Cristina Sanz Arias na data 12/01/2021 13:40:50

José Antonio Armada Pérez na data 12/01/2021 13:41:12

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 13:42:39

Miguel Angel Tellado Filgueira na data 12/01/2021 13:42:52

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 13:43:16

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereza Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e turismo polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Q de calidade é unha marca que garante a calidade dos produtos e servizos ofrecidos por diferentes establecementos do sector turístico. Outorga aos que a posúen unha marca de confianza e prestixio, a Q, recoñecida a nivel nacional e internacional, que certifica que o establecemento que a ostenta pasou probas rigorosas e obxectivas no seu compromiso coa calidade.

O distintivo está destinado ao sector turístico, promovido polo Ministerio de Industria, Turismo e Comercio, e está emitido polo Instituto de Calidade Turística Española-ICTE

O ICTE recoñece a Turismo de Galicia como o seu representante no ámbito territorial da Comunidade Autónoma de Galicia co obxectivo de acadar a máxima difusión posible do Sistema de Calidade Turística e un maior número de empresas certificadas.

O tipo de organización turística que pode optar á certificación da “Q” de calidade abarca ata 25 subsectores do ámbito do turismo.



Dende a Xunta de Galicia, a ATG leva anos traballando por consolidar en Galicia un turismo de calidade, feito que pode considerarse como conseguido, tanto na opinión dos visitantes que veñen a coñecer Galicia, como polos propios galego e galegas.

Galicia é segunda comunidade autónoma española con maior número de lugares e locais con esta marca de garantía, por detrás de Andalucía e por diante da Comunidade Valenciana e do País Vasco.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas orales:

- Cantas modalidades no turismo de Galicia están catalogas ca “Q” de calidade?
- Cantas o fixeron durante o 2020?
- Que valoración se fai dende a ATG da repercusión desta distintivo no éxito do turismo galego?

Santiago de Compostela, 12 de Xaneiro de 2021.



Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 12/01/2021 13:37:14

Marta Nóvoa Iglesias na data 12/01/2021 13:37:30

Cristina Sanz Arias na data 12/01/2021 13:37:41

José Antonio Armada Pérez na data 12/01/2021 13:38:11

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 13:38:25

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2021 13:38:44

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 13:38:58

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Jose Luis Iglesias Ferro, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Encarnación Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes Sede Parlamentaria, a súa valoración sobre este tema.

O sector audiovisual é un ámbito estratéxico do desenvolvemento da cultura de Galicia. Nos últimos anos, o audiovisual galego experimentou un desenvolvemento moi importante, tanto en termos cuantitativos como cualitativos.

Os bos resultados son froito, dun extraordinario talento artístico e dunha notable competencia técnica e empresarial dos profesionais que participan, articulan e compoñen a industria cinematográfica.

A Axencia Galega das Industrias Culturais, como órgano encargado de dar impulso ao tecido empresarial do sector cultural galego, tamén xoga un papel clave nesta evolución positiva do sector.

Neste marco, os orzamentos da AGADIC para o exercicio 2021, reservan un importante orzamento para a creación dun proxecto de hub audiovisual-industria cultural, que virá sumarse ao completo programa de apoios que, anualmente, desenvolve a axencia.

Unha iniciativa que servirá para seguir incrementando as capacidades e a competitividade das empresas galegas nun sector cada vez máis globalizado e competitivo.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en pleno :



Cales son os primeiros pasos dados polo goberno galego no impulso ao proxecto do hub audiovisual-industrial cultural?

Santiago de Compostela, 12 xaneiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

José Luis Ferro Iglesias na data 12/01/2021 14:19:51

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2021 14:20:02

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2021 14:20:10

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 14:20:27

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2021 14:20:36

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 14:21:04

María Felisa Rodríguez Carrera na data 12/01/2021 14:21:18

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Borja Vereá Fraiz, Jose Luis Iglesias Ferro, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Encarnación Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes Sede Parlamentaria, a súa valoración sobre este tema.

No ano 2021, a Xunta de Galicia presentou un Plan de Reactivación para o sector cultural e turístico ante os efectos da COVID-19. Unha das principais medidas contempladas nesta folla de ruta foi o Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021.

O obxectivo desta iniciativa foi preservar, nun contexto incerto, a actividade e o emprego no sector cultural e xerar contidos de calidade que promovesen e fomentasen o uso da lingua galega.

O Fondo estruturouse en tres modalidades: a primeira estaba centrada en proxectos de carácter musical, audiovisual ou de artes escénicas; a segunda centrouse en iniciativas enfocadas á dinamización da lingua galega, o patrimonio cultural e os proxectos editoriais, literarios e expositivos; finalmente, a derradeira modalidade, estivo dirixida ao ámbito xacobeo e aos proxectos relacionados co turismo, a gastronomía e os usos e costumes sociais.

Pola seu impacto positivo e pola boa acollida, a Administración Autonómica aumentou o orzamento inicialmente previsto, pasando de 1,5M€ aos 2,5M€. Por iso, unha vez rematada a primeira edición deste fondo de proxectos, parece oportuno coñecer cal é o balance que realiza a Xunta de Galicia.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral:

Que valoración fai o Goberno galego da posta en marcha do Fondo de Proxectos Culturais Xacobeo 2021?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Borja Vereza Fraiz na data 12/01/2021 14:15:43

José Luis Ferro Iglesias na data 12/01/2021 14:16:01

María Elena Suárez Sarmiento na data 12/01/2021 14:16:12

Teresa Egerique Mosquera na data 12/01/2021 14:16:32

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 14:16:51

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 14:17:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2021 14:17:48

María Felisa Rodríguez Carrera na data 12/01/2021 14:18:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

As políticas a prol do fomento e a dinamización da lectura en Galicia son unha tarefa de toda a sociedade, na que están implicados múltiples axentes tanto públicos como privados.

A consolidación dunha cidadanía lectora debe ser o obxectivo central de calquera política cultural. Por iso, o Goberno galego traballa coa vista en:

- Reforzar o papel do libro galego e aumentar o hábito lector entre a cidadanía.
- Favorecer a consolidación da industria editorial.
- Impulsar a internacionalización do libro e da literatura galega.

Porén, para poder acadar estes obxectivos sectoriais básicos é preciso dispoñer dun documento, que parta dun diagnóstico da situación e que sexa o resultado dun traballo de reflexión cos sectores implicados, no que se recollan e ordenen as prioridades e necesidades, a concreción das liñas e das medidas que se van levar a cabo, e a temporización.

A Xunta de Galicia xa iniciou a elaboración, no seo do Consello Asesor do Libro de Galicia, dun Plan de Dinamización Lectora de Galicia, documento que debe contar co

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



maior consenso posible para resultar útil e eficaz. Este plan enmárcase na Estratexia de Cultura de Galicia 2021 e busca fixar os eixes estratéxicos e as medidas da acción cultural de Galicia neste ámbito nos vindeiros anos.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en comisión:

Cales foron os avances na elaboración do Plan de Dinamización Lectora de Galicia por parte da Xunta de Galicia?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 12:32:55

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 12:33:07

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 12:33:16

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2021 12:33:25

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2021 12:33:37

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 12:33:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2021 12:34:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento, Encarna Amigo Díaz, José Luis Ferro Iglesias, Sandra Vázquez Domínguez e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Museo do Pobo Galego é unha institución de referencia, clave para o reforzo das tradicións, a historia e a identidade de Galicia. Trátase dunha centro referencial dentro da rede de museos de Galicia, tal e como recoñece o Decreto 111/1993 de 22 de maio.

Polo súa importancia, a Administración Autonómica contribúe anualmente ao financiamento de parte dos gastos de funcionamento museo e das súas actividades a través dun convenio de colaboración.

Nos último anos e coa vista posta no Ano Santo 2021, o Consorcio de Santiago impulsou a ampliación da sede do museo para habilitar novos espazos expositivos, uns traballos que afectaron á ala sur do conxunto de San Domingos de Bonaval.

Neste contexto, Xunta de Galicia incrementou a súa achega habitual á institución para contribuír ao deseño e posta en marcha da nova museografía, que se estreará tras o remate das obras.

En total, o Goberno de Galicia anunciou que para o ano 2021, coincidindo co Xacobeo, achegará máis de 500.000€ a este centro, para reforzar o papel simbólico que o Museo de Pobo Galego desempeña na cultura da nosa Comunidade.

Así mesmo, cómpre destacar que este apoio prodúcese no marco do proceso da aprobación da nova lei de museos e outros centros museísticos. Un texto que nace co obxectivo de potenciar estes centros desde unha perspectiva contemporánea que ten en conta a súa dimensión social, pedagóxica, económica e investigadora.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en comisión:

Cal será o papel que desempeñe o Museo do Pobo Galego no contexto da nova lei de museos de Galicia e no marco do ano Xacobeo 2021?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 12:42:13

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 12:42:23

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 12:42:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2021 12:42:45

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2021 12:43:01

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 12:43:10

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2021 12:43:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Jose Luis Iglesias Ferro, José Antonio Armada Pérez, Marisol Díaz Mouteira, Noelia Pérez López, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, Marta Nóvoa Iglesias, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes Sede Parlamentaria, a súa valoración sobre este tema.

A Xunta de Galicia promove, xunto coa Deputación Provincial de Ourense, a creación do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional na cidade de Ourense.

Este Centro, que está chamado a ser o referente da creatividade e o talento da Formación Profesional da nosa Comunidade, tanto para o seu alumnado como para o profesorado, ten como obxectivo impulsar o desenvolvemento industrial, coa mellora da capacitación e cualificación do persoal humano e a inclusión de novas tecnoloxías ao tecido produtivo que permitan incrementar a súa competitividade.

O investimento neste Centro é e 9,9 millóns de euros, dos que a Deputación de Ourense achegará 5 millóns e o resto serán financiados pola Xunta de Galicia a través dunha colaboración entre as Consellerías de Economía e Educación.

As obras xa están en marcha e a finais de agosto, tal e como se fixo público, estaban xa completas as tarefas de demolición previstas e estaban a rematarse as de reforzo da estrutura.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en Pleno:

Que previsións manexa a Xunta en relación á posta en marcha do Centro Galego de Innovación da Formación Profesional?



Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 13:59:07

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2021 13:59:20

José Antonio Armada Pérez na data 13/01/2021 13:59:29

María Sol Díaz Mouteira na data 13/01/2021 13:59:50

Noelia Pérez López na data 13/01/2021 14:01:05

Marta Rodriguez Vispo Rodriguez na data 13/01/2021 14:01:22

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 14:03:07

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2021 14:03:17

Marta Nóvoa Iglesias na data 13/01/2021 14:03:39

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 14:04:02

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2021 14:04:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Ovidio Rodeiro Tato, Jose Luis Iglesias Ferro, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto no artigo 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes Sede Parlamentaria, a súa valoración sobre este tema.

Galicia ten un plan completo e detallado para afrontar a situación excepcional e suxeita a cambios que está a provocar a pandemia orixinada pola COVID 19. Neste plan contéplanse, en primeiro lugar, os distintos protocolos a ter en conta de medidas de prevención (uso de máscaras, distancia de seguridade, hixiene de mans, grupos estables de convivencia, ventilación, etc) pero tamén contempla cómo organizar o ensino no caso do confinamento parcial ou total da poboación escolar.

A Xunta de Galicia, vén de presentar nos últimos días un plan de ensino virtual como folla de ruta para blindar a calidade do sistema educativo de Galicia, así como para manter a equidade que vén a demostrarse nos últimos estudos de carácter nacional e internacional.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidades, crea os denominados horarios espello para que os centros de ensino poidan organizar un seguimento das materias, similar ao presencial que garanta a interacción profesorado-alumnado.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta comisión:

En que consiste o plan de ensino virtual para blindar o ensino en caso de confinamento parcial ou total dunha aula ou un centro?

Santiago de Compostela, 13 de Xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

@gppgalicia

@GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 13:53:02

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2021 13:53:14

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:53:23

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2021 13:53:54

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 13:53:59

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:54:47

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2021 13:55:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Jose Luis Iglesias Ferro, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, Sandra Vazquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en Comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes Sede Parlamentaria, a súa valoración sobre este tema.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade, xunto ás Universidades de Santiago de Compostela, da Coruña e a de Vigo foi quen de planificar un Plan de Financiamento do Sistema Universitario de Galicia para o período 2016-2020.

Este Plan viña a dar satisfacción a moitas das demandas da comunidade universitaria ao tempo que abría un novo horizonte para o futuro do Sistema ao incluír importantes cambios de estruturais para permitir a modernización e actualización dos procesos de xestión dos centros universitarios.

Un Plan que mellorou a achega económica da Administración autonómica ao SUG, outorgando así unha seguridade e estabilidade económica á comunidade universitaria que lle permitise traballar a curto e medio prazo sen incertezas financeiras.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta en Pleno:

Que valoración fai o goberno galego sobre o sistema de financiamento do Sistema Universitario de Galicia ?



Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 13:50:45

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2021 13:50:59

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:51:08

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:51:24

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 13:51:35

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2021 13:51:51

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2021 13:52:17

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Ovidio Rodeiro Tato, Jose Luis Iglesias Ferro, Teresa Egerique Mosquera, Encarnación Amigo Díaz, Sandra Vázquez Domínguez, Elena Suárez Sarmiento e Felisa Rodríguez Carrera deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral en comisión 4ª Educación e Cultura polo trámite de urxencia**.

Xustificación da urxencia:

A urxencia ven motivada, pola necesidade que o Goberno galego, explique canto antes Sede Parlamentaria, a súa valoración sobre este tema.

As universidades integradas no Sistema Universitario de Galicia (SUG) veñen desenvolvendo unha gran labor no campo da investigación científica, conscientes da necesidade de proporcionar á sociedade ferramentas e recursos que permitan maiores cotas de benestar e crecemento económico e social.

Nesta tarefa, a Administración autonómica non é allea a un proceso necesario e imprescindible de colaboración e cooperación entre os centros de formación, coñecemento e investigación das nosas universidades.

Mellorar a capacidade investigadora e os resultados da investigación universitaria, reforzar a captación de talento, consolidar os centros de investigación universitaria son obxectivos que deben ser compartidos pola Administración autonómica, as propias universidades e a sociedade en xeral.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

Cales son as liñas de traballo da Consellería de Cultura, Educación e Universidade para impulsar e consolidar a investigación científica e universitaria en Galicia ?



Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2020.

Asinado dixitalmente por:

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 13:47:48

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 13:48:04

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2021 13:48:13

Sandra Vázquez Domínguez na data 13/01/2021 13:48:33

María Encarnación Amigo Díaz na data 13/01/2021 13:48:45

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 13:48:58

María Felisa Rodríguez Carrera na data 13/01/2021 13:49:24

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A normativa vixente en materia de réxime local establece, sen espazo para a dúbida, que os concellos teñen a competencia exclusiva en materia de abastecemento e saneamento.

Conforme a esta mesma normativa tamén as deputacións provinciais teñen entre as súas obrigas prestar apoio ás entidades municipais nas súas competencias, fundamentalmente aos municipios máis pequenos.

Con todo, está a ser fundamentalmente a Xunta de Galicia quen vén prestando apoio aos concellos nesa materia, axudándoos técnica e financeiramente a desenvolver de xeito máis eficaz e eficiente estas competencias.

Así por exemplo, a Xunta está a colaborar co Concello de Burela na mellora do seu sistema de depuración para que o concello poida dispoñer dunha depuradora adaptada ao cumprimento da Directiva 91/271/CEE, sobre tratamento das augas residuais.

Máis en concreto a administración autonómica está a impulsar dúas actuacións neste municipio: a primeira delas, para a mellora da rede de saneamento e, en segundo lugar, para a execución da nova estación depuradora de augas residuais desta localidade.

Desde a Xunta de Galicia trabállase para avanzar ao maior ritmo posible nas actuacións comprometidas, pero ese ritmo pode verse condicionado pola complexidade

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



da tramitación ou por cuestións alleas á propia entidade, como o tempo na resolución dos informes oportunos por parte doutros organismos e administracións implicadas, neste caso en concreto o departamento de Costa do Estado.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1- En que situación se atopan as iniciativas, apoiadas pola Xunta, para a mellora da rede de saneamento e execución dunha nova depuradora en Burela?
- 2- Que previsións manexa o Goberno galego en relación con estes proxectos?
- 3- Cal está a ser o papel do departamento de Costas do Estado en relación coas futuras obras e, en particular, en que afecta ao desenvolvemento destes proxectos?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 14/01/2021 16:47:35

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 16:47:56

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 16:48:17

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 16:48:28

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 16:49:49

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 16:49:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 16:50:15

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 16:50:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Daniel Vega Pérez, Diego Calvo López, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Pérez López deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

No mes de outubro do pasado ano a Xunta de Galicia es os concellos de Ribadeo e Trabada acordaron impulsar unha solución conxunta aos problemas de abastecemento de ambos municipios.

O acordo establece o con financiamento das obras necesarias, tamén, pola Deputación de Lugo e a Confederación Hidrográfica do Cantábrico, ademais das administracións xa citadas.

Deste xeito, o Goberno galego confirmaba a súa vontade de cooperar cos municipios para que poidan garantir, en calidade e suficiencia, un servizo de competencia municipal como é o abastecemento de auga, tan importante para a poboación.

Ademais, con esa fin, Augas de Galicia comprometeuse a tramitar a revisión do estudo de alternativas para mellorar o abastecemento nos concellos de Ribadeo e Trabada.

A actuación futura consistirá na renovación de preto de 20 quilómetros de tubaxes e, segundo as previsións, require dun investimento de preto de 6 millóns de euros, polo que resulta imprescindible a participación das catro administracións (local, autonómica, provincial e estatal) para facelo viable.

A día de hoxe, as redes municipais de abastecemento de auga deste concellos presentan graves deterioros, polo que de acometerse esta obra conxunta, darase solución a estas carencias e porase á disposición dos veciños un servizo axeitado ás súas necesidades.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral

Que pasos deu a Xunta de Galicia para dar cumprimento aos compromisos adquiridos para impulsar unha solución conxunta aos problemas de abastecemento que afectan aos concellos de Ribadeo e Trabada?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Daniel Vega Pérez na data 14/01/2021 16:43:21

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 16:43:59

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 16:44:08

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 16:44:25

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 16:45:03

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 16:45:18

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 16:45:29

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 16:45:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, , Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O pasado mes de setembro a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, en cumprimento do compromiso adquirido coa veciñanza da zona, licitou a redacción do proxecto construtivo no que se definirán as actuacións precisas para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no municipio de Viveiro.

No berce desta iniciativa, está o plan específico de xestión de riscos de inundación, impulsado pola Xunta, e no que se establecen varias actuacións susceptibles de ser executadas neste espazo. Este plan foi presentado ao Concello coas distintas alternativas identificadas e coa eficacia calculada para cada unha delas. O Concello elixiu as propostas que considerou oportunas, e solicitou á Xunta a súa colaboración na concreción das mesmas no proxecto construtivo que se vén de licitar.

Para o financiamento desta iniciativa, a Xunta asinou un convenio de colaboración co Concello de Viveiro e coa Deputación Provincial de Lugo. En virtude do mesmo Augas de Galicia asume a contratación dos traballos licitados, cofinanciando as tres administracións a partes iguais os recursos económicos necesarios para esta fin.

O Plan da Xunta inclúe tamén recomendacións para a toma de medidas precisas por parte do Concello para protexer á poboación de Xunqueira ante episodios de enchentes. Entre elas, a aplicación de políticas urbanísticas que respecten as contornas fluviais do río, a redacción dun Plan de actuación municipal para as inundacións ou a promoción da contratación de seguros contra os danos por riadas.



Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta:

En que consisten as actuacións que vai executar a Xunta de Galicia para reducir o risco de asolagamento en Xunqueira, no concello de Viveiro?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 17:08:13

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 17:08:34

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 17:08:55

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 17:09:05

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 17:09:18

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 17:09:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 17:09:56

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

José Manuel Balseiro Orol, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A estrada de titularidade autonómica LU-540, na provincia de Lugo, une as localidades de Viveiro e Xermade. Trátase da principal alternativa para os vehículos que viaxan en dirección ás cidades de Lugo e de Ferrol desde A Mariña lucense ou desde a parte máis occidental da comarca da Terra Cha.

Comeza o seu trazado no centro do núcleo urbano da cidade de Viveiro e continúa en dirección sur, cara a Oourol, atravesando o municipio de Muras, na Serra do Xistral -no alto do porto da Gañidoira-, para finalmente terminar na rotonda situada na parroquia de Cabreiros, nos arredores de Xermade, uníndose neste punto á autovía autonómica AG-64.

Ao longo dos últimos anos a Xunta de Galicia, a través da Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, vén impulsando diversas melloras nesta estrada entre as que destacan as obras de regularización e reforzo de firme e de renovación e mellora da sinalización, balizamento e das marcas viarias, por citar as máis recentes.

Con todo, o Goberno galego traballa nun proxecto máis ambicioso, dirixido á mellora da capacidade e seguridade viaria desta estrada. A iniciativa ten como principal obxectivo o acondicionamento dos treitos que permitan unha mellor mobilidade da veciñanza, en condicións máis seguras e cómodas.

Por todo isto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



- 1- En que situación se atopa o proxecto de mellora de seguridade da estrada Viveiro - Cabreiros?
- 2- Que outras melloras executou a Xunta de Galicia na estrada LU-540 nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 16:57:07

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 16:57:19

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 16:57:33

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 16:57:57

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 16:58:16

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 16:58:37

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 16:59:05

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno de Galicia fixouse como obxectivo prioritario da súa actuación reforzar a seguridade viaria nas estradas da súa titularidade.

Para acadar este obxectivo está a desenvolver diversas actuacións nos 5.500 quilómetros das vías da súa competencia, entre as que se encontra o Plan de reforzos de firme, o Plan de Sendas de Galicia, o Programa específico de seguridade e inspección das pontes e obras de paso, así como nos noiros e muros das estradas autonómicas, ou a eliminación dos treitos de concentración de accidentes que ten identificados.

Esta última liña de actuación é unha medida coa que o Goberno galego dá resposta ao mandato feito polo Parlamento durante o Debate Anual de Política Xeral de outubro de 2017.

Co propósito de coñecer polo miúdo o avance dos distintos proxectos e os investimentos previstos no marco desta estratexia do Goberno galego para eliminar os treitos de concentración de accidentes os deputados asinantes formulamos as seguintes preguntas para a súa resposta en Comisión:

1.-Cal é o grado de desenvolvemento actual da Estratexia de eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados nas estradas autonómicas?

2.-Que actuacións concretas está a levar a cabo o Goberno galego no marco deste plan?



3.-A canto ascenden os investimentos previstos para a eliminación dos treitos de concentración de accidentes identificados na rede autonómica de estradas?

4.- O Goberno galego dispón de información sobre se o Goberno español está a adoptar medidas similares nas estradas de titularidade estatal?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 17:34:15

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 17:34:29

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 17:34:38

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 17:34:52

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 17:35:02

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 17:35:13

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 17:35:33

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, aspira a converterse nun referente na innovación na xestión de recursos hídricos co desenvolvemento dun ambicioso proxecto que ten como obxectivo erixirse nunha ferramenta de desenvolvemento de novos produtos, servizos e solucións en xestión integrada avanzada da auga.

Innovaugas 4.0, que conta tamén coa colaboración da Axencia Galega de Innovación (GAIN), enmárcase no que se denomina compra pública de innovación, que é un instrumento da política de innovación desde a demanda. A súa relevancia vén dada tanto polo orzamento do que dispón, como polos resultados que se agardan obter coa súa posta en marcha e que servirán para mellorar o servizo que o Goberno galego presta á cidadanía no que á xestión da auga se refire.

A iniciativa contempla a dixitalización dos procesos relacionados coa xestión dos recursos hídricos e tamén pretende lograr que o crecente volume de datos e a capacidade de computación sirva para proporcionar unha mellor resposta ás necesidades dos cidadáns.

A pretendida mellora da xestión da auga ten ademais que ter presente o cambio climático no que estamos inmersos e, en consecuencia, ofrecer solucións innovadoras que permita dar unha resposta temperá e adaptada aos fenómenos naturais que se nos presenten.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



A circularidade na xestión da auga é o cuarto pilar fundamental sobre o que se asenta este proxecto ao entender que un modo axeitado de afrontar o futuro da auga ten que pasar pola busca de solucións enerxeticamente eficientes e que convertan a xestión dos recursos hídricos nunha xestión sostible desde todos os puntos de vista.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

- 1.- Que beneficios espera poder ofrecer á cidadanía o Goberno galego coa posta en marcha do proxecto Innovaugas 4.0?
- 2.- Que resposta tivo entre os centros tecnolóxicos e grupos de investigación o proxecto Innovaugas á hora de achegar propostas innovadoras para a xestión avanzada dos recursos hídricos?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 17:44:22

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 17:44:36

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 17:44:48

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 17:45:15

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 17:45:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 17:45:41

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 17:46:39

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Lupe Murillo Solís, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno galego está a traballar para mellorar a calidade da auga da ría de Pontevedra para que esta mellora redunde en beneficio da actividade turística, marisqueira e pesqueira que se desenvolve na zona, ao tempo que dá cumprimento ás normativas europeas a este respecto.

Para acadar este obxectivo, planificou un conxunto de proxectos que permitirán avanzar de xeito substancial no saneamento integral da ría de Pontevedra. Estas actuacións estanse a concretar xa na mellora e ampliación da capacidade da estación de depuración de augas residuais dos Praceres, que se complementará coa construción dun novo emisario submarino. De feito, a Xunta, a través de Augas de Galicia, iniciou o pasado mes de xullo as obras na EDAR dos Praceres.

Os traballos implican a varios departamentos do Goberno galego -á Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, que é quen está a impulsar as actuacións para a mellora da calidade das augas, e á Consellería do Mar, polos beneficios que as actuacións suporán para o sector pesqueiro e marisqueiro- e benefician, fundamentalmente, aos concellos de Pontevedra, Marín, Poio e Vilaboa, así como aos colectivos de profesionais do mar que desenvolven a súa actividade na ría.



Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral en comisión:

En que situación se atopan neste momento as obras de saneamento da ría de Pontevedra que ten en marcha o Goberno galego?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

María Guadalupe Murillo Solís na data 14/01/2021 18:00:26

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 18:00:45

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 18:01:00

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 18:01:18

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 18:01:38

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 18:02:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 18:02:46

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 18:03:13

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A mediados do pasado ano a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través da Dirección Xeral de Mobilidade, puxo á disposición das empresas de transporte de mercadorías por estrada unha nova ferramenta para favorecer o seu labor diario: o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia.

A través dun portal web, a Xunta facilitou que as empresas de transporte, as empresas cargadoras, ou calquera interesado en xeral, poidan dispoñer dunha ferramenta para o cálculo dos custos do transporte de mercadorías por estrada dentro da Comunidade Autónoma galega.

A posta en marcha desta ferramenta contou coa participación activa, para a súa definición e desenvolvemento, das federacións representativas de empresas de transporte público de mercadorías por estrada como son Fegatrans, Fegatramer e Fetran.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

- 1.-Que vantaxes ofrece ao sector o Observatorio de Custos de Transportes de Mercadorías por Estrada de Galicia impulsado pola Xunta?
- 2.- Cales son as súas aplicacións prácticas?



Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 18:12:45

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 18:12:59

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 18:14:52

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 18:15:10

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 18:15:33

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 18:15:44

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 18:16:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno de España anunciou a bombo e platillo a finais do pasado ano, coincidindo coa presentación dos Orzamentos Xerais do Estado de 2021, a rebaixa e bonificación das peaxes na AP-9, unha vía de comunicación que vertebra a Galicia atlántica.

Pero, a pesar dos anuncios e promesas feitas, o Goberno de España na vez de cumprir o comprometido, materializou o 1 de xaneiro unha nova subida das peaxes do 0,92% nesta autopista co conseguinte impacto sobre a cidadanía e as empresas dunha gran parte de Galicia.

O incremento aplicado redunda no agravio comparativo do que vimos sendo obxecto os galegos con respecto ao resto das estradas do Estado.

Para o Grupo Parlamentario Popular é inadmisíbel, ademais, que dende o Goberno que preside Pedro Sánchez se diga agora, constatado o incumprimento da súa promesa, que o decreto que confirmará as bonificacións e descontos anunciados vaise retrasar, como mínimo, seis meses.

Se verdadeiramente o Goberno de España tivera intención de rebaixar as peaxes da AP-9 tería negociado coa concesionaria da xestión da autovía en tempo e forma.



Tamén a finais de ano coñecemos a intención do Goberno español de reclamarlle a Galicia o pagamento de 15 millóns de euros á concesionaria polas bonificacións das peaxes de Rande e a Barcala, o que supón un novo agravio a todos os galegos.

Por todo isto, os deputados e deputadas asinantes, formulan as seguintes preguntas:

- Que valoración fai o Goberno galego sobre o feito de que o 1 de xaneiro deste ano as peaxes da AP-9 volveran subir e que non se aplicaran as rebaixas anunciadas polo Goberno español?
- Como valora o requirimento do Goberno español en relación ao pagamento dos 15 millóns de euros de bonificacións das peaxes dunha autoestrada estatal?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021.

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 18:24:55

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 18:25:09

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 18:25:29

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 18:25:41

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 18:25:55

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 18:26:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 18:26:32

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A finais do pasado ano a Xunta de Galicia propúxolle ao Concello de Vigo colaborar na posta en marcha dun ambicioso plan encamiñado a minimizar os posibles efectos negativos dunha eventual enchente do río Lagares ao seu paso pola cidade olívica.

As obras planificadas pola Xunta inclúen a mellora do espazo fluvial e da drenaxe do río no cruce coa avenida Severino Cobas, na Rega do Folón no cruce coa estrada Camposancos e na Avenida de Madrid; a optimización do espazo fluvial ao seu paso polo polígono de Caramuxo ou áreas de inundación controladas, en Sárdoma e en Lavadores.

Segundo a proposta trasladada pola Administración autonómica, Augas de Galicia asumiría a execución e o financiamento das actuacións aludidas, cuxo coste se estima en preto de 7 millóns de euros e o Concello de Vigo tería que xestionar os terreos precisos para a realización das obras.

A iniciativa, pola súa envergadura, tería un impacto de gran relevancia para a cidade de Vigo, tanto dende o punto de vista medioambiental como social, que marcaría un antes e un despois no que atinxe ao control dun eventual asolagamento do río Lagares.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



1.- Cal é o contido do protocolo de colaboración proposto pola Xunta ao Concello de Vigo para avanzar no Plan para reducir o risco de inundacións do río Lagares ao seo paso por ese municipio?

2.- Ten recibido a Xunta resposta do Concello de Vigo ao protocolo de colaboración remitido?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 14/01/2021 18:40:38

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 18:40:50

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 18:41:04

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 18:41:17

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 18:41:25

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 18:41:36

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 18:42:02

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Tribunal Superior de Xustiza de Galicia ratificou a finais do pasado ano unha sentenza do xulgado do Contencioso Administrativo número 1 de Vigo na que se condenaba ao Concello da cidade olívica a pagar unha multa pola constatación dunha serie de irregularidades na calidade da auga para o consumo humano. É dicir, o alto tribunal galego, reconece que o Concello de Vigo ocultou información relevante sobre o estado no que se atopaba a auga potable coa que se abastecía a cidade e que, dende 2011, incumpriu reiteradamente a normativa que regula a calidade da auga para consumo humano.

As deficiencias na planta de tratamento de auga potable municipal non son algo novo. De feito a Xunta vén alertando desde hai tempo da precariedade no funcionamento da estación de tratamento de auga potable municipal do Casal, o que supón un grave problema para o sistema de abastecemento do que o Concello de Vigo é titular e para a calidade da auga que consumen os veciños.

Tamén o Concello é coñecedor da situación, polo menos, desde que licitou o contrato para a redacción do proxecto de mellora na ETAP do Casal.

A pesar do que o Concello recada anualmente a través dos recibos da auga, non está a investir na mellora do sistema de abastecemento. Ademais, como ben é coñecido, o Concello de Vigo vén de prorrogar a concesión do servizo de saneamento e



abastecemento da auga, por segunda vez, sen facer un novo prego para modernizar o servizo e adaptalo aos tempos actuais.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulamos a seguinte pregunta en comisión:

Cal é a valoración do Goberno galego en relación á situación na que se atopa a estación de tratamento de auga potable municipal do Casal de Vigo?

Que opinión lle merece a nova prórroga da concesión do servizo de saneamento e abastecemento de Auga que vén de materializar o Concello de Vigo?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 14/01/2021 18:46:29

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 18:46:40

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 18:46:54

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 18:47:07

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 18:47:20

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 18:49:19

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 18:49:44

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 18:50:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Goberno galego está a incidir nos últimos anos na conservación e mantemento da Rede Autonómica de Estradas de Galicia (Raega) ao considerar que o bo estado da rede viaria é un factor fundamental para reforzar a seguridade viaria.

Esta aposta por manter nas mellores condicións posibles os 5.500 quilómetros de estradas de competencia autonómica leva aparellado o desenvolvemento de distintas medidas e programas que redundan na seguridade de todos os usuarios das estradas.

Entre estas medidas, hai un programa específico de seguridade e inspeccións das pontes e obras de paso no que Galicia foi pioneira. Un programa co que vén realizando actuacións e inspeccións periódicas e constantes nos viadutos, pontes ou obras de paso existentes na rede de estradas de titularidade da Xunta.

Para darlle continuidade a esta iniciativa, a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade adxudicou o pasado mes de decembro, por preto de 270.000 euros, un novo contrato de servizo que amplía o control dos elementos das estradas, centrado na inspección dos muros e noiros da rede autonómica de estradas para garantir a súa boa conservación durante os próximos tres anos, coa posibilidade de prorrogalo dous anos máis.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



1.- Cal é o estado actual de desenvolvemento do programa de inspeccións en pontes e obras de paso que vén aplicando a Xunta nas estradas da súa titularidade?

2.- Que novidades presenta o novo contrato no que atinxe á avaliación e control do estado dos muros e noiros existentes na Rede Autonómica de Estradas de Galicia?

Santiago de Compostela, 14 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 14/01/2021 18:57:36

José Manuel Balseiro Orol na data 14/01/2021 18:57:50

Carmen María Pomar Tojo na data 14/01/2021 18:58:00

María Sol Díaz Mouteira na data 14/01/2021 18:58:07

Ramón Carballo Páez na data 14/01/2021 18:58:21

Marta Nóvoa Iglesias na data 14/01/2021 18:58:43

Rubén Lorenzo Gómez na data 14/01/2021 18:58:59

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, Olalla Rodil Fernández e Manuel Lourenzo Sobral, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia**, sobre o transporte escolar no concello de Folgoso do Courel.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido ás graves consecuencias que para a comunidade caurelá suporía que non foran atendidas as súas alegacións ao concurso do transporte escolar e no dereito dos habitantes dese concello a coñecer cales van ser as medidas que a consellaría tome co fin de evitar, tanto a perda de postos de traballo no concello como a perda de calidade no servizo de transporte para as crianzas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade saca a licitación un lote cunha serie de rutas de transporte escolar que quedaron fóra do concurso realizado dende a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade.

Estas rutas son para o sul de Lugo e encádranse no lote 27 e afecta ao CPI Poeta Uxío Novoneyra de Folgoso de courel.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Acontece que esta unificación de rutas moi dispares nun só lote prexudica sobremaneira ao Concello de Folgoso.

Por unha banda, afecta ás crianzas que estudan neste centro ao empeorar as condicións nas que son trasladadas dos seus domicilios ao centro escolar, tanto por supresión de paradas que o que fan é alonxar o transporte dos domicilios, como pola supresión de liñas o que supón que o tempo de desprazamento para algunhas das criaturas se multiplique ao punto de pasar o límite máximo marcado pola lei.

Por outra banda, afecta ao tecido socioeconómico deste Concello de Montaña, ao provocar a perda de postos de traballo por impedir que os taxis da zona sigan a prestar este servizo o que sen dúbida redundarána perda de servizos oara a poboación, porque, evidentemente, algún dos servizos de taxi terá que cesar na súa actividade.

Tanto nais e pais do alumnado como o sector do taxi presentan alegacións ante a consellería e esta decide parar o concurso para estudalas.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:

Que intereses poden mover ao Goberno da Xunta a obviar o mantemento do tecido socioeconómico do Concello de Folgoso de Courel e, polo tanto, poñendo trabas ao seu futuro, ao convocar este modelo de concurso para o transporte escolar, unificando rutas en lotes que non responden ás necesidades da comunidade e como pensan ter estas necesidades en consideración para o futuro? ?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Contemplou o Goberno da Xunta as consecuencias que ten para o alumnado apartar as paradas dos domicilios e incrementar os tempos de transporte máis alá do autorizado por lei?

Consideran despreziable o risco de accidente de tráfico polo cambio de vehículos de transporte por outros de maior tamaño cunhas vías de comunicación e unha metereoloxía tan singulares como as que existen na alta montaña?

Ten algún plan o Goberno para a recuperación de emprego para esta zona dado que haberá sen dúbida perda de postos de traballo no caso de seguir co concurso tal e como está ou similar?

Santiago de Compostela, 14 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Olalla Rodil Fernández

Manuel Lourenzo Sobral

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/01/2021 09:15:28





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Olalla Rodil Fernández na data 15/01/2021 09:15:31

María del Carmen Aira Díaz na data 15/01/2021 09:15:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Manuel Lourenzo Sobral, Daniel Castro García e Mercedes Queixas Zas, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto nos artigos 152 e 98 do Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia,** sobre a situación do profesorado técnico de FP trala aprobación da LOMLOE.

XUSTIFICACIÓN DA URXENCIA

Debido á preocupación e incerteza xerada no corpo de profesorado técnico de Formación Profesional.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A aprobación final da LOMLOE trae consigo varias incertezas para o profesorado técnico de FP . Esta situación prodúcese despois de que na propia lei se estableza que o profesorado técnico de Formación Profesional será un corpo “a extinguir” e que este colectivo, que integra a máis de 2000 docentes en Galiza pase a formar parte do corpo de profesores de ensino secundario.

Máis a redacción da LOMLOE para a integración deste profesorado no corpo de PES, trae consigo varias incertezas para boa parte do profesorado técnico de formación profesional.

Incertezas motivados en boa medida polos criterios de integración e acceso xa que tal e como se establece na Lei, “serán o goberno e as administracións educativas as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

que establezan o procedemento para o ingreso no co corpo de PES que no momento de entrada en vigor da lei teña titulación de grao ou equivalente”.

Así mesmo establece que aqueles funcionarios do corpo de PTFP que non teñan esta titulación continuarán neste corpo a extinguir, máis non pasarán a formar parte do PES.

Outra das incertezas que se produce con esta situación dáse porque o propio texto legislativo abre a porta a que se contraten como persoal laboral, “aqueles profesores que teñan a titulación técnica ou técnica superior de FP”

Así mesmo, para determinadas áreas de FP ao igual que no corpo de mestres de taller a LOMLOE determina que se poidan establecer outras titulacións diferentes ás esixidas con carácter xeral , máis non garante que tras a extinción do corpo de PTFP se manteñan as actuais equivalencias nas titulacións.

Por todo isto, ábrese un horizonte incerto no que pode dares o caso de que profesorado que desenvolve as mesmas funcións vaia ter diferentes situacións laborais dependendo de se son ou non funcionarios ou de se cumpren ou non cos requisitos de titulación establecidos. Esta situación pode chegar ao extremo de que o colectivo de interinos que non teñan titulación universitaria poidan mesmo ter vetado o acceso a unhas oposicións e só poidan ser contratados como especialista, se non se resolve esta situación nos Reais Decretos que desenvolvan a LOMLOE.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª polo trámite de urxencia:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai a xunta de Galiza a esixir que o Goberno do Estado implemente as medidas necesarias para garantir que todo o profesorado que na actualidade forma parte do corpo de profesores técnicos de formación profesional poida integrarse no corpo de profesores de ensino secundario?

Vai á Xunta de Galiza demandar do goberno do Estado que se implementen as medidas legislativas necesarias para que se garanta o acceso a función pública docente dos futuros profesores de ensino secundario que impartan ensinanzas técnicas de formación profesional cos mesmos requisitos de titulación que habilitan o acceso na actualidade para os PTFP?

Vai a Xunta de Galiza garantir , que con independencia dos trámites co Goberno do Estado e dos prazos legislativos para acadar a integración total dos PTFP en PES; todo o profesorado afectado teña as mesmas condicións salariais e laborais, asumindo os complementos salariais que fosen necesarios e garantindo o que non se produzan discriminacións neste profesorado?

Santiago de Compostela, 15 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Manuel Lourenzo Sobral**

Daniel Castro García

Mercedes Queixas Zas

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 15/01/2021 13:25:11

Daniel Castro García na data 15/01/2021 13:25:21

Mercedes Queixas Zas na data 15/01/2021 13:25:29



Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

A Xunta de Galicia traballou en diversos eidos para que Santiago de Compostela estivera preparada para a celebración do Ano Santo 2021; un Xacobeo 2021 que, polas circunstancias derivadas da pandemia da covid-19, se alongará ata 2022 e será, sen dúbida, o máis necesario da historia, fundamental para a dinamización económica e laboral a través do turismo.

Entre as medidas que o Goberno galego impulsou de cara ao Xacobeo destacan as actuacións de mellora e integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela que desenvolveu a Consellería de Infraestruturas e Mobilidade a través da Axencia Galega de Infraestruturas, concretamente: no Camiño Francés, na baixada do Monte do Gozo, San Lázaro e no cruce dos Concheiros; no Camiño Portugués, no treito que chega ao mosteiro de Conxo; e no Camiño Inglés, para favorecer o tránsito dos peregrinos a través dunha zona industrial como é o polígono do Tambre e tamén fronte ao cemiterio de Boisaca.

Para a execución destas obras asinouse un protocolo de actuación co Concello de Santiago e outros departamentos da Xunta con competencias na materia, como a Axencia de Turismo de Galicia e a Consellería de Cultura, para acadar a mellora estética e funcional das Rutas Xacobeas á súa entrada na cidade, construír unha identidade homoxénea e ofrecer a máxima calidade na experiencia do peregrino.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Polo exposto, e para coñecer de xeito pormenorizado o resultado dos traballos executados para que Compostela estivera preparada para recibir aos peregrinos deste

Xacobeo 2021-2022, os deputados asinantes formulan as seguintes preguntas orais en Comisión:

Cales son as actuacións máis singulares executadas pola Xunta de Galicia para acadar a integración paisaxística dos Camiños de Santiago á súa entrada en Compostela?

Santiago de Compostela, 18 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 18/01/2021 10:44:59

Diego Calvo Pouso na data 18/01/2021 10:45:27

Carmen María Pomar Tojo na data 18/01/2021 10:45:42

Ramón Carballo Páez na data 18/01/2021 10:46:25

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2021 10:46:48

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2021 10:46:57

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Marta Nóvoa Iglesias na data 18/01/2021 10:47:10

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/01/2021 10:47:23

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Nos últimos anos o Goberno galego fixo explícito en numerosas ocasións o seu compromiso e implicación co desenvolvemento da intermodalidade nas principais cidades galegas.

Un compromiso que xorde do convencemento de que este tipo de infraestruturas son estratéxicas para o fomento dunha mobilidade sostible a través do transporte público, así como para a creación nas cidades galegas de novos polos de dinamización económica e para o fortalecemento da competitividade do noso territorio.

Esta aposta vense traducindo en feitos no que respecta ás actuacións dependentes da Administración autonómica, tanto no que atinxe aos trámites administrativos e urbanísticos que tales actuacións requiren, como no impulso das obras naqueles casos nas que as tarefas de construción xa están en marcha.

Así, as previsións da Xunta son que as primeiras terminais de autobuses das estación intermodais en estar rematadas serán as de Ourense, Santiago e Pontevedra.

A posta en marcha de infraestruturas desta envergadura require, a maiores dun salientable investimento económico, a colaboración e coordinación entre as administración implicadas para, co esforzo de todas, poder executalas en prazos razoables e así poder poñelas á disposición da cidadanía o antes posible.

Sen embargo, a dilixencia amosada polo Goberno galego non é asimilable á das outras

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



administracións implicadas, nomeadamente en todo aquilo que depende do Goberno central.

Polo exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte pregunta oral en Comisión:

Que previsións baralla o Goberno galego para a dotación de infraestruturas intermodais nas principais cidades galegas?

Santiago de Compostela, 18 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 18/01/2021 10:54:30

Carmen María Pomar Tojo na data 18/01/2021 10:54:53

Ramón Carballo Páez na data 18/01/2021 10:55:03

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2021 10:55:14

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2021 10:55:28

Marta Nóvoa Iglesias na data 18/01/2021 10:55:44

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Rubén Lorenzo Gómez na data 18/01/2021 10:56:06

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Diego Calvo Pouso, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, José Manuel Balseiro Orol, Marisol Díaz Mouteira, Marta Nóvoa Iglesias, Encarna Amigo Díaz e Rubén Lorenzo Gómez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en comisión 2ª Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

O Novo CHUAC, coa mellora dos equipamentos e dos servizos que leva aparelado, constitúe unha aposta explícita do Goberno galego por blindar a atención sanitaria pública, agora e no futuro, na área da Coruña. Unha atención pública de calidade sempre necesaria que, neste contexto da pandemia da covid-19, se fai, se cabe máis acuciante.

O pasado 30 de decembro, o Goberno galego licitou, por importe de 7,6 millóns de euros, a elaboración do proxecto urbanístico e ambiental, a redacción dos anteproxectos e dos proxectos básicos e de execución, do proxecto de construción de viario e accesos, dos proxectos de demolición e a dirección, control e vixilancia das obras nas súas distintas fases do Novo CHUAC.

O compromiso da Xunta para o desenvolvemento desta infraestrutura sanitaria é claro: o Goberno galego vai investir máis de 431 millóns de euros para dotar a área da Coruña dun hospital público de futuro, entre os 13 millóns de euros que suporá a Fase 0 e os máis de 418 previstos nas distintas fases do novo hospital público.

Dado o carácter estratéxico desta infraestrutura hospitalaria para a cidade da Coruña e da súa área, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

- En que situación se atopan os trámites para a construción do Novo CHUAC?
- Como están a avanzar os traballos correspondentes á Fase 0?

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



Santiago de Compostela, 18 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Diego Calvo Pouso na data 18/01/2021 11:04:34

Carmen María Pomar Tojo na data 18/01/2021 11:04:48

Ramón Carballo Páez na data 18/01/2021 11:05:03

José Manuel Balseiro Orol na data 18/01/2021 11:05:14

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2021 11:05:27

Marta Nóvoa Iglesias na data 18/01/2021 11:05:39

Rubén Lorenzo Gómez na data 18/01/2021 11:06:03

María Encarnación Amigo Díaz na data 18/01/2021 11:06:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión 1ª Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Os avances en materia de axudas ás AVPC son innegables. Só no verán de 2019 a Xunta dotou a 66 agrupacións galegas de 16 vehículos todo terreo tipo pick-up, 21 remolques para a atención ás emerxencias e 29 tendas de campaña de emerxencias. Un investimento superior ao millón de euros que non é puntual senón que vén a complementar o amplo proceso de equipamento das AVPC levado a cabo pola Xunta nos últimos anos. Na formación, a mellora tamén é patente.

A Academia Galega de Seguridade Pública imparte un importante número de actividades, entre as que as de formación a persoal voluntario de protección civil teñen un papel fundamental. Cumprido o comprometido en materia de axudas e formación, o Grupo Popular considerou necesario impulsar actuacións relativas á promoción e o recoñecemento social do voluntariado de protección civil.

En xaneiro deste mesmo ano, sometemos á votación unha iniciativa que lamentablemente non contou co apoio de todos os grupos da oposición e que tiña o seguinte contido:

“O Parlamento de Galicia insta á Xunta de Galicia a dinamizar a participación da sociedade en tarefas de protección civil a través de campañas de promoción do voluntariado, de captación de novos membros e da promoción do recoñecemento social e institucional do labor deste persoal voluntario.”



Transcorridos xa varios meses desde a aprobación daquel acordo, o Grupo Popular considera de interese coñecer os avances realizados nese aspecto que restaba por desenvolver do programa do noso partido en materia de protección civil.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en comisión:

Que avances ten efectuado a Xunta de Galicia nos últimos meses en relación á promoción e o recoñecemento social do voluntariado de protección civil?

Santiago de Compostela, 18 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 18/01/2021 12:46:44

José Manuel Rey Varela na data 18/01/2021 12:47:01

José Alberto Pazos Couñago na data 18/01/2021 12:47:41

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2021 12:47:51

José Antonio Armada Pérez na data 18/01/2021 12:48:03

Noelia Pérez López na data 18/01/2021 12:48:31

Ana Belén García Vidal na data 18/01/2021 12:48:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela, Alberto Pazos Couñago, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Noelia Pérez López e Ana Belén García Vidal, deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98,152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta Oral Urxente en Comisión 1ª, Institucional, de Administración Xeral, Xustiza e Interior:**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma. Exposición de motivos.

A Administración Autonómica segue reforzando todos os mecanismos que permitan respostas eficientes fronte ás posibles emerxencias. Durante estes últimos anos, aumentáronse esforzos co obxectivo de mellorar a prestación e seguir adaptando a seguridade ós novos tempos.

A Axencia Galega de Emerxencias multiplícase para solucionar os problemas que poden xurdir en calquera punto da nosa xeografía. Dispositivos humanos e físicos, prevención, tecnoloxía, información nas redes e, por suposto, formación. A Academia Galega de Seguridade, situada na Estrada é un organismo autónomo, en continuo crecemento, de carácter administrativo xurde coa finalidade de desenrolar actividades formativas dirixidas á formación profesional en distintos ámbitos: policía, bombeiros, protección civil, ... Dende a súa creación en 1992 multiplicou o gasto en formación e actividades dado que a formación é un dos piares fundamentais, pois permite mellorar habilidades para intervir nos distintos graos e de acordo coas necesidades na atención a accidentes e emerxencias.

O Partido Popular de Galicia foi o impulsor do creación desta Academia e defendeu sempre a súa potenciación, razón pola que considera necesario facer un balance do cumprimento por parte da Xunta de Galicia da súa actividade.



Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes formulan a seguinte Pregunta Oral en comisión:

- Cal é o balance que fai a Xunta de Galicia sobre a formación que se está desenvolvendo na Academia Galega de Seguridade (AGASP)?

Santiago de Compostela, 18 de Xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Paula Prado del Río na data 18/01/2021 14:28:03

José Manuel Rey Varela na data 18/01/2021 14:28:19

José Alberto Pazos Couñago na data 18/01/2021 14:28:36

María Sol Díaz Mouteira na data 18/01/2021 14:28:45

José Antonio Armada Pérez na data 18/01/2021 14:28:55

Noelia Pérez López na data 18/01/2021 14:29:41

Ana Belén García Vidal na data 18/01/2021 14:29:55

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández e Luis Bará Torres, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 2ª**, sobre as verteduras na Ría da Arousa.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 15 de outubro, este grupo parlamentar presentou diversas preguntas para a súa resposta escrita por parte da Xunta de Galiza, sobre a vertedura producida entre o 10 e o 15 de outubro pasado na ría de Arousa, nomeadamente entre a illa de Rúa e o Pombeiro.

A pregunta aínda non foi respostada e, como xa vén sendo habitual por parte do goberno galego, máis unha vez incúmprese o artigo 157 do regulamento da cámara que contempla un prazo de vinte días após a súa publicación para facelo.

Dende aquela xa se fixeron públicas diversas informacións referidas á procedencia da vertedura mencionada. Algunhas delas aluden a unha investigación aberta polo SEPRONA contra unha fábrica conserveira que puidera ter sido a causante.

Hai que lembrar que aquel suceso que puxo en alerta a toda a ría, abreu a vía da investigación por parte do SEPRONA que agora apunta a que naquelas datas chegou á rede municipal de saneamento do concello de Ribeira unha vertedura de combustíbel que podería proceder da planta de coxeración dunha empresa conserveira ubicada no polígono industrial de Xarás, no mesmo concello de Ribeira.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Sempre segundo as informacións publicadas, única fonte da que dispoñemos neste momento, unha parte do combustíbel vertido chegou ao emisario submarino de Touro, outra á nova depuradora de Couso-Aguiño e outra parte importante quedou retida nas estacións de bombeo do saneamento municipal.

O deterioro do emisario submarino de Touro xa ten sido “protagonista” en varias ocasións de episodios contaminantes que teñen afectado a polígonos de bateas e que mesmo foron obxecto de sentenza xudicial contra o concello de Ribeira no ano 2007. A reincidencia destes graves episodios foi a razón pola que a Xunta veuse obrigada a investir máis de 1,6 millóns de euros na súa reparación.

Nesta ocasión, o SEPRONA destaca que foron as correntes mariñas e a dirección do vento naqueles días de outubro as que evitaron que a vertedura afectase aos cultivos mariños, á flora e á fauna da ría. E é así como neste caso, igual que en tantos outros, temos que agradecer de novo aos factores climatolóxicos, e non á previsión das administracións, que as consecuencias non foran a maiores.

Dende que entrou en funcionamento a EDAR de Ribeira, o emisario de Touro evacúa as augas residuais depuradas do polígono de Xarás e cumpre a función de aliviar de emerxencia, no caso dun fallo da depuradora, e evitar que esas augas cheguen sen depurar ao mar.

Este novo episodio contaminante pon de manifesto que o polígono industrial de Xarás debiera contar cunha depuradora propia que evite en todos os casos a contaminación mariña e, ademais, fai evidente máis unha vez que os mecanismos de control e contención existentes continúan a ser insuficientes.

A día de hoxe, a Xunta de Galiza non deu aínda explicacións sobre o ocorrido, nin tampouco sobre cal vai ser a súa actuación diante deste grave feito mais se as razóns





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

daquela vertedura son as que se teñen publicado, demóstrase que o sistema de depuración fallou e non houbo maneira de controlalo antes de que afectase ao medio mariño.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 2ª :

Que información posúe o goberno galego sobre a orixe e as consecuencias da vertedura producida na ría de Arousa entre o 10 e o 15 de outubro pasado? Ten coñecemento das conclusións da investigación levada a cabo polo SEPRONA? Dende cando? De ser así, que actuacións vai levar a cabo ao respecto?

Concluíu xa as investigacións que na sesión da comisión 2ª do pasado 11 de novembro asegurou estar realizando?. Se é así, cais son os seus resultados e que accións levou a cabo ao respecto?

Considera a Xunta de Galiza que o sistema de saneamento e a EDAR de Ribeira están totalmente preparados para garantir que as augas residuais do polígono industrial de Xarás non cheguen sen depurar ao mar? De ser así, cais foron os mecanismos que fallaron nesta ocasión?

Que valoración fai do funcionamento dese sistema de saneamento e da EDAR de Ribeira?

Ten coñecemento de que todas as industrias ubicadas no polígono industrial de Xarás cumpren a lexislación vixente e contan con sistemas de predepuración propios?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera que o polígono industrial de Xarás debera contar cunha depuradora propia que evite en todos os casos episodios como o sucedido no mes de outubro?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**

Luis Bará Torres

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2021 15:24:07

Rosana Pérez Fernández na data 07/01/2021 15:24:10





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de aumentar o número de aulas CeMIT..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Nos últimos meses vemos como de necesario é que todas as persoas que conforman a sociedade galega teñan acceso a uns medios dixitais e tecnolóxicos adaptados aos tempos nos que vivimos. A pandemia do coronavirus fixo que os baixos niveis de conectividade, de uso de Internet e de alfabetización dixital fosen máis visibles. Esta problemática que xa viña de moitos anos atrás tornou máis grave coa chegada da Covid, provocando problemas a nivel educativo, laboral e empresarial.

Dada esta situación colle maior relevancia actuar directamente no sector para dotar dos mesmos dereitos aos e ás cidadás en materia de dixitalización e tecnoloxía. Por esta razón, vemos necesario, entre outras moitas medidas, que a Xunta de Galiza promova políticas de achegamento das tecnoloxías ás vilas e concellos a través da rede de aulas CeMIT.

A día de hoxe, Galiza conta con 98 aulas CeMIT en 92 concellos, un número demasiado baixo para un país coma o noso xa en anos pre-covid, mais extremadamente reducido nun contexto como o que temos nestes días. E para solucionar todos estes problemas non chegan as pequenas subidas orzamentarias deste ano, xa que precisamos





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

dunha actuación moito máis potente neste eido, co obxectivo de que no futuro, todos os concellos deste país contén con unha destas aulas para diminuír así as porcentaxes de analfabetismo dixital, de territorios sen conectividade e de igual maneira, favorecer o teletraballo e a teleescola no rural.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

- Considera a Xunta que o número de aulas CeMIT existentes en Galiza son necesarias para dar solución aos problemas de conectividade, cobertura e analfabetismo dixital que existe no noso país?

- Cales son as políticas previstas polo Partido Popular para paliar os problemas en conectividade e analfabetismo dixital que existe no noso país?

- Porque non apoia o Partido Popular medidas que aumentan a facilidade no acceso a Internet e na difusión da alfabetización dixital?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 07/01/2021 15:43:00

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 07/01/2021 15:43:06

Iria Carreira Pazos na data 07/01/2021 15:43:15

Xosé Luis Bará Torres na data 07/01/2021 15:43:25





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** sobre o impacto do Brexit na economía da Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A partir do pasado 1 de xaneiro de 2021 iniciou unha nova fase do longo proceso de saída do Reino Unido da Unión Europea, iniciado após o referendo do 23 de xuño de 2016, seguido da posterior notificación dirixida ao Consello Europeo o 29 de marzo de 2017. Aínda que dita saída tivo lugar xa o 1 de febreiro de 2020, nos meses seguintes estivo en vigor o denominado Acordo de Retirada, que procuraba unha saída ordenada até o 31 de decembro de 2020. O novo contexto está marcado polo impacto do "Acordo de Comercio e Cooperación" e as mudanzas que traerá para administracións, cidadanía e sectores económicos.

Estes acontecementos teñen ocupado diversas análises por parte de foros económicos, Xunta de Galiza, universidades e organismos como o Consello Económico e Social nos últimos anos, debido á importancia destes e ao impacto na sociedade e na economía. O propio CES publicaba no ano 2019 o estudo Análise Económica do Grao de Exposición da Economía de Galiza ante o Brexit. Principais consideracións que sinalaba como “Repasando os aspectos migratorios, os intercambios comerciais, os fluxos de investimento directo, e os efectos sobre o turismo, Galicia non é a CCAA que maior grao de exposición mostra respecto dunha retirada do Reino Unido da Unión





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Europea.” aínda que isto non é óbice da afectación importante a sectores como o agrario ou moi especialmente o pesqueiro, tal e como se está a verificar nos últimos acontecementos, ou sectores industriais altamente condicionados polos procesos de exportación e importación, como son o téxtil ou o automobilístico.

Atendendo ao o Informe da Comisión de Política Económica (ECON) do Comité Europeo das Rexións denominado Avaliación da exposición das rexións e cidades da UE-27 á retirada do Reino Unido da Unión Europea e outros estudos posteriores conclúese que a nivel estatal Galiza sería a terceira comunidade con menores consecuencias económicas, xa que só tería exposto o equivalente ao 0,57% do seu PIB local.

Porén, é evidente que un proceso desta dimensión amosa riscos e incertezas que deben ser avaliadas de forma constante por parte do goberno galego para vixiar o seu impacto na economía galega e actuar para minoralo e para aproveitar as oportunidades que poida xerar. Máis aínda nun contexto económico marcado polo impacto sen precedentes dunha pandemia como é o da covid-19.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Cal é a valoración do goberno galego do impacto na economía galega da nova fase xerada polo proceso de Brexit a partir do 1 de xaneiro de 2021?

Considera o goberno galego que as previsión feitas por parte da Xunta de Galiza e outros foros respecto do reducido impacto se están a cumprir? Que medidas está a impulsar para monitorizar esta cuestión?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ten demandado ou vai demandar o goberno galego do CES un novo informe ao respecto? Cales son as razóns?

Ten o goberno galego feita algunha estimación do custo do Brexit para Galiza neste contexto de pandemia? Considera o goberno que o contexto da pandemia inflúe no proceso de Brexit?

Cal é a valoración que fai o goberno galego desta nova fase nos sectores económicos máis relevantes?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/01/2021 16:04:09

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/01/2021 16:04:13





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 07/01/2021 16:04:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª,** respecto dos resultados da Enquisa conxuntural a fogares e o impacto na economía galega do agravamento da pobreza e da exclusión social durante a crise da covid.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado 4 de xaneiro o IGE facía públicos os resultados da Enquisa conxuntural a fogares correspondente co cuarto trimestre do ano 2020. Estes datos, xunto con outros como os facilitados polo informe FOESSA ou a Rede Galega contra a Pobreza dan conta do impacto na economía galega do agravamento da pobreza e da exclusión social. Un proceso agravado durante a crise da covid pero que era preexistente á pandemia.

Entre outros datos a enquisa sinala como no cuarto trimestre de 2020 aumentan os fogares incluídos nos tramos de dificultade e, pola contra, diminúen os fogares incluídos nos tramos de facilidade. Con respecto ao trimestre anterior, diminúe en 5,64 puntos na porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes. Por outra banda, increméntase a porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes (2,67 puntos) e tamén a porcentaxe de fogares que chega con moita dificultade a fin de mes (2,97 puntos). Desta forma, podemos observar como o 42,52% dos fogares galegos chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes, o 47,49%





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

con dificultade e o 9,99% restante con moita dificultade. É dicir, máis da metade dos fogares de Galiza enfrontan o seu día a día con dificultade.

Se comparamos a serie anualmente podemos observar como, con respecto ao cuarto trimestre do ano 2019, a porcentaxe de fogares que chega con facilidade ou moita facilidade a fin de mes diminúe 11,74 puntos porcentuais. Así mesmo, a porcentaxe de fogares que chega con dificultade a fin de mes aumenta 6,51 puntos entre ambos os dous períodos e a porcentaxe de fogares con moita dificultade medra tamen en temos similares, ata 5,23 puntos. Sen dúbida, nótase o impacto da covid nas economías domésticas galegas, mais non podemos ignorar que os datos previos á covid eran tamén sintomáticos dun modelo económico asentado na desigualdade.

Estes datos e a súa visión ao longo da última década deberan levar ao goberno galego a unha fonda reflexión sobre as medidas de corrección da súa programación económica que debe levar a cabo para impulsar a igualdade e a cohesión social en Galiza así como para avaliar e intervir nas consecuencias que esta situación ten na nosa economía. Máis aínda, tendo en conta o impacto da crise da covid-19 en temos laborais e económicos, a previsión de impacto no PIB e a posibilidade de agravarse diante de novos gromos até que a vacinación acade uns niveis altos.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que actuacións está a levar a cabo o goberno galego para evitar que o impacto da covid-19 agrave a situación económica de máis da metade dos fogares galegos e as súas repercusións na economía galega?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Como valora o goberno a evolución ao longo do tempo dos datos recollidos pola Enquisa estrutural a fogares?

Vai rectificar o goberno galego a súa política económica para evitar a consolidación da pobreza en Galiza e o seu agravamento pola crise da covid 19?

Considera o goberno galego que promoveu na última década unha meirande cohesión social?

Vai rectificar o goberno galego a súa política económica para evitar a consolidación da pobreza en Galiza?

Como avalía as repercusións na economía galega desta situación, por exemplo no ámbito do consumo?

E no ámbito do acceso aos servizos públicos?

Impulsou ou vai impulsar estudos para avaliar e medir a fenda de xénero en pobreza e exclusión social en Galiza?

Ten tomado o goberno galego medidas específicas para atallar o empobrecemento das persoas de meirande idade?

Ten avaliado o desigual impacto ao longo do territorio da desigualdade social?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonso

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/01/2021 16:29:02

Ramón Fernández Alfonso na data 07/01/2021 16:29:09

Daniel Pérez López na data 07/01/2021 16:29:22





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputada e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 3ª**, sobre o mantemento dos servizos públicos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No mes de novembro de 2020 a Xunta de Galiza remitía á cámara galega, para a súa tramitación, o Proxecto de Orzamentos para 2021. As previsións económicas incluídas na súa memoria recollen como estes orzamentos están caracterizados pola estimación da achega de recursos extraordinarios por mor da pandemia por parte do Estado Español e da Unión Europea. Sen esa recepción extraordinaria de recursos, o orzamento inicial de operacións non financeiras suporían 10.448 M€ (9.824 M€ inicial mais os 624 M€ de déficit extraordinario). Así mesmo, por fin o goberno galego reconece as limitacións do sistema de financiamento, cuxo peso se ve reducido e cuxas previsións avanza unha futura caída.

Neste escenario é preciso ter en conta varias cuestións. Por outra banda, o propio Feijóo advertiu que a extraordinaria cifra dos teito de gasto dos orzamentos para 2021 obrigarán a que os proxectados para os próximos exercicios serán menores, asumindo que os de 2021 dependen de ingresos extraordinarios que nos próximos anos xa non se recibirán. Para alén de sinalar a nula ambición política respecto de reclamar un marco plurianual extraordinario para responder a unha situación extraordinaria, é preocupante a asunción de que no futuro serán aplicados novos recortes.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por outra banda, cómpre ter en conta que estamos a falar de estimacións que precisan dunha estratexia política negociadora para ser incrementadas e que, no peor dos casos, poden ser menores do calculado polo goberno galego. Neste sentido, hai que recordar que do total dos 11.010,9 M€ de ingresos non financeiros, máis dun 10% dependen da recepción de ingresos extraordinarios pendentes de confirmación e os indicios que chegan dos repartos non son alentadores. Por exemplo, debemos sinalar criticamente a perspectiva de que Galiza vaia recibir menos no fondo covid do que lle correspondería por poboación. Cómpre, polo tanto, facer seguimento desta evolución e aclarar cales van ser as liñas de actuación do goberno do PP no hipotético e negativo caso de se suspender eses ingresos extraordinarios ou ser minorados na súa contía, e demandar que en ningún caso iso signifique modificar á baixa o crédito que financia os nosos servizos públicos fundamentais como xa aconteceu na crise financeira.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 3ª :

Que actuacións levará a cabo o goberno galego en caso de que as súas previsións de ingresos extraordinarios por parte do Estado e de Europa sexan superiores ao conseguido?

Que actuacións levou ou vai levar a cabo o goberno galego para recibir cando menos o equivalente por poboación do fondo covid do Estado?

E das contías de fondos europeos que está a repartir a administración central? Como valora o resultado?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións negociadoras está a levar a cabo o goberno galego para que as deficiencias do sistema de financiamento non afecten negativamente a Galiza nesta crise da covid? Con que resultado?

Pode o goberno galego asumir o compromiso de que no suposto de que a aplicación dos orzamentos da Xunta de Galiza ao longo da presente lexislatura se vexa afectada pola minoración das achegas previstas non aplicará reducións de crédito ás consellarías responsábeis dos servizos públicos básicos?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Noa Presas Bergantiños**

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 07/01/2021 16:44:13

Ramón Fernández Alfonzo na data 07/01/2021 16:44:17





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Daniel Pérez López na data 07/01/2021 16:44:25



Á Mesa do Parlamento

Luis Manuel Alvarez Martínez, Julio Torrado Quintela e Noa Díaz Varela, deputados e deputada pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 4.^a, Educación e Cultura.

O Decreto 21/2017, do 2 de febreiro, establece o currículo do ciclo formativo de grao medio correspondente ao título de técnico en Emerxencias e Protección Civil incluído na familia profesional de Seguridade e ambiente na Comunidade Autónoma de Galicia. Este ciclo formativo viña impartíndose nun único centro público, o IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada.

Ademais da exclusividade da oferta, esta facíase nun entorno tan adecuado como é o do concello da Estrada, que conta coa presenza da sede da Axencia Galega de Emerxencias (Axega) e da Academia Galega de Seguridade Pública.

Logo da inclusión desta oferta na Orde do 13 de xuño de 2019, pola que se actualizaba a oferta de formación profesional do sistema educativo, polo réxime ordinario, en centros públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso académico 2019/20 (DOG do 21 de xuño de 2019), non foi adxudicada ningunha praza para cursar estas ensinanzas para ese curso nin se volveu a incluír na oferta do curso 2020/21.

Na Comisión 4^a de Educación e Cultura celebrada o día 6 de setembro de 2019 este grupo parlamentario formulaba unha pregunta sobre os motivos polos que, na adxudicación de prazas para o ciclo formativo de grao medio Emerxencias e Protección Civil, ofertado no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada e que se fixera pública o día 16 de xullo de 2019, non había ningunha praza adxudicada.

Segundo a resposta dada polo director xeral de Educación, Formación Profesional e Innovación Educativa, como consecuencia da entrada en vigor do *Real Decreto 1449/2018, do 14 de decembro, polo que se establece o coeficiente redutor da idade de xubilación en favor dos policías locais ao servizo das entidades que integran a Administración local* produciuse un incremento das xubilacións dos integrantes dos corpos das policías locais dos distintos concellos de Galicia, o que supuxo que a Academia Galega de Seguridade Pública tivese que dedicar a súa capacidade a formar aos novos integrantes deses corpos, non



podendo asumir a colaboración establecida coa Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional na impartición do ciclo formativo de Emerxencias e protección civil.

Resulta evidente que a inclusión desta oferta nun centro público novamente debера ser unha prioridade absoluta considerando as competencias profesionais, persoais e sociais destes titulados que se detallan no artigo 5º do citado Decreto, polo que resulta do máximo interese coñecer cales son as previsións temporais para que este ciclo formativo, único en Galicia como se dixo, poida ser impartido de novo.

Polo exposto, os deputados e deputada asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.ª) Que previsións manexa a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional para que o ciclo formativo de grao medio de Emerxencias e protección civil poida volver a ofertarse no IES Plurilingüe Antón Losada Diéguez da Estrada?

2.ª) Vai a incluírse esta oferta no curso 2021/2022?

Pazo do Parlamento, 8 de xaneiro de 2021

Asdo.: Luis Manuel Álvarez Martínez
Julio Torrado Quintela
Noa Díaz Varela
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 08/01/2021 11:15:08

Julio Torrado Quintela na data 08/01/2021 11:15:21

Noa Susana Díaz Varela na data 08/01/2021 11:15:30





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños e Ramón Fernández Alfonzo, deputada e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a suba no prezo da enerxía eléctrica e do gas.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O ano 2021 comezou cunha suba histórica do prezo da enerxía eléctrica e do gas, que ten importantes e graves consecuencias sociais.

Desde o nacionalismo galego temos denunciado repetidamente o disparatado funcionamento do mercado eléctrico no Estado español, máis aínda despois das modificacións de tarifas do Partido Popular, que non fixeron máis que contribuír ao escurantismo dun oligopolio cuxo funcionamento está nas antípodas da transparencia. Durante as décadas de aplicación puidemos ver tamén como recentemente, en aras do presunto “déficit tarifario” o emporio eléctrico mantén os seus beneficios a custo das persoas consumidoras, supoñendo un abuso ao tratarse dun ben de primeira necesidade que en realidade está a ser concibido como unha mera mercadoría.

A todo isto súmase que, dende o punto de vista territorial, é un sistema deseñado en base a unha óptica centralista que sitúa a Madrid como punto central e diseña o sistema obviando a distribución das fontes de electricidade e as consecuencias que ten esta produción sobre as poboacións e territorios que a acollen. Deste xeito, as políticas centralistas e ao servizo das eléctricas do Partido Popular, que o PSOE e Podemos mantiveron, teñen impedido o desenvolvemento dun sistema xusto para as e os





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

consumidores e con graves repercusións no ámbito empresarial e industrial por falta de competitividade.

Así mesmo, é unha tarefa pendente para Galiza a negociación dunha tarifa eléctrica galega con base na condición do noso país como potencia excedentaria na produción de electricidade, condición que se mantén nos últimos datos de REE malia o impacto da crise da transición enerxética. Sería necesario tamén unha modificación do pool de cara a unha casación racional do prezo.

Malia que isto abriría as portas a unhas menores e máis controladas tarifas, redundando en última instancia no ben dos e das consumidoras domésticas e das empresas, 2021 comezou cun récord histórico de prezo na luz. Neste sentido, o pasado 8 de xaneiro o prezo da enerxía eléctrica bateu calquera marca preexistente acadando case 95 €/Mwh.

Esta situación é especialmente grave se temos en conta tres factores adicionais: por unha banda, unha vaga de frío que deixaba en Galiza rexistros baixo cero na práctica totalidade do territorio durante os dez primeiros días de xaneiro. En segundo lugar, hai que engadir outro máximo histórico no prezo doutro subministro fundamental como é o gas, que acadaba o xoves 7 de xaneiro outro prezo sen precedentes, 51,55 €/Mwh batendo o récord de 2017. En terceiro lugar, e non por iso menos importante, é necesario recordar a situación de pandemia, que ten unha dobre vertente. Dunha banda unha crise económica para unha gran parte da sociedade e por outra banda unha apelación á estadia no fogar como medida de prevención sanitaria, o que fai que milleiros de persoas estean sufrindo pola suba de prezos e a incapacidade de ter o fogar a unha temperatura adecuada.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Moitas persoas e familias non poden pagar as facturas do subministro enerxético, eléctrico e de gas, especialmente durante os meses de inverno nos que, polas condicións climatolóxicas, o seu consumo é imprescindible. Este é un profundo problema social, e tamén sanitario, pois ten un impacto cientificamente demostrado na saúde da poboación no incremento de afeccións respiratorias, a gripe ou a pneumonía e o incremento no risco de enfermidades circulatorias ou o agravamento e incremento de problemas crónicos como a diabetes.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

Como avalía o goberno galego a escalada da luz e as súas consecuencias económicas nos consumos domésticos? E nos empresariais?

Desenvolveu ou vai desenvolver o goberno galego algún estudo desde o ámbito do consumo e da competencia para sacar adiante propostas para esta cuestión?

Que actuacións vai desenvolver o Goberno galego para paliar as consecuencias do aumento de prezo no subministro enerxéticos e atallar as dificultades no acceso a este ben básico?

Como avalía o goberno galego o aumento de dificultades no acceso á enerxía no contexto da covid-19?

Que actuacións ten desenvolvido ou vai desenvolver o Goberno galego para evitar os abusos na suba da luz para as persoas usuarias?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que actuacións ten desenvolvido ou vai desenvolver para que o recibo da luz deixe de ser un dos problemas máis preocupantes e relevantes para os fogares galegos?

Considera o goberno galego suficientes os mecanismos existentes na actualidade para frear as situacións de precariedade enerxética neste contexto socioeconómico?

Valora a Xunta de Galiza tomar medidas para estender o público albo máis alá das persoas xa usuarias do bono social estatal?

Valora o goberno galego a necesidade de demandar unha rebaixa do IVE da enerxía eléctrica?

Dirixiuse ou vaise dirixir o goberno galego a entidades sociais, sindicais, concellos e outros axentes par acordar medidas ao respecto? E ao goberno central?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Ramón Fernández Alfonso

Deputada e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 11/01/2021 09:22:37





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ramón Fernández Alfonzo na data 11/01/2021 09:22:40





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Montserrat Prado Cores e Iria Carreiras Pazos, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre os expedientes das residencias de persoas maiores.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En Galiza 8 de cada 10 prazas de residencias son privadas. Delas, o 20% están en mans de DomusVI. Durante a pandemia foi precisamente nas residencias deste grupo nas que se produciron os principais gromos de COVID-19: Aldán, Barreiro, San Lázaro, a DomusVI Lugo en Outeiro de Rei, DomusVI Ribadumia ou a DomusVI de Vimianzo.

O día 21 de decembro de 2020 a Xunta de Galiza, en resposta á solicitude de documentación formulada polo grupo parlamentario do BNG na que solicitábamos copia do expediente iniciado a DomusVI e toda a documentación que a el corresponda, denegounos o acceso a ela.

A solicitude foi formulada ao fío do anuncio público feito polo presidente da Xunta de Galiza de que se abriera un expediente informativo a DomusVI no mes de abril como resultado dos contaxios masivos que se rexistraran nas residencias de Aldán e Barreiro.

A Xunta na súa resposta néganos o acceso a esta información apelando ás leis de transparencia tanto a galega (1/2016) como a estatal (19/2013) e aos límites que fixa ao acceso á información pública nomeadamente ao posible prexuízo para a prevención,





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

investigación e sanción de ilícitos penais, administrativos ou disciplinarios; a unha hipotética quebra da confidencialidade e que iso poida malograr actuacións en curso ou o principio de presunción de inocencia.

Esa decisión, furta non só o dereito senón a obriga que como deputadas tempos de fiscalizar o Goberno pois négase o acceso a información relevante sobre algo tan importante e fundamental como as condicións nas que se atopan as persoas usuarias de residencias de maiores neste país.

Neste senso, é imposible abordar o cambio (urxente e imprescindible) do modelo de residencias se non sabemos o que acontece agora mesmo nelas.

De facto, non só se impide o acceso a este expediente ou expedientes concretos senón tamén a todos os de anos anteriores permitíndosenos coñecer só o nome das residencias que foron obxecto dos mesmos entre 2018 e 2020 cunha referencia única a se culminaron en sancións económicas.

Descoñecemos, polo tanto, que infraccións e incumprimentos motivaron esas sancións, que observacións fixo a inspección no desenvolvemento das súas funcións de fiscalización, etc.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Cales foron os principais incumprimentos que motivaron a apertura de expedientes sancionadores nas residencias de maiores nos últimos catro anos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que incumprimentos atopou a inspección nas residencias DomusVI inspeccionadas desde a declaración da emerxencia sanitaria?

Eses incumprimentos eran recorrentes tanto nas residencias DomusVI coma noutras?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**
Montserrat Prado Cores
Iria Carreira Pazos
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2021 09:41:27

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2021 09:41:41

Iria Carreira Pazos na data 11/01/2021 09:41:56



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán e Martín Seco García, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta oral en **Comisión 6.ª, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

A Xunta de Galicia aprobou o 3 de decembro no seu Consello a Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) coa que prevé mobilizar máis de 4.000 millóns de euros no desenvolvemento de iniciativas que aproveiten todo o potencial da tecnoloxías dixitais para dar resposta aos retos sociais, económicos e ambientais da nova década e favorecer un desenvolvementos sostible en todas estas vertentes.

A Estratexia Galicia Dixital 2030 é unha estratexia deseñada polo Goberno galego para Galicia como un marco dixital común que facilite a actuación das tres administracións nun mesmo territorio de maneira complementaria, buscando as sinerxías e a suma de esforzos para consolidar a transición dixital da Comunidade. A nova estratexia, aliñada coas prioridades do novo marco europeo, estrutúrase en torno a 7 eixos estratéxicos e un transversal, que determinan as áreas de actuación e 20 programas para acadar os obxectivos marcados en cada eixe.

- 1. Goberno e Administración intelixente**
- 2. Sociedade Dixital e inclusiva**
- 3. Entorno Dixital para a saúde e o benestar**
- 4. Territorio Intelixente, Verde e Resiliente**
- 5. Conectividade Dixital do Territorio**
- 6. Cultura e Turismo Intelixente**
- 7. Economía Dixital**

Incorpora a Xunta de Galicia un eixe transversal que sería para o reforzo de capacidades e infraestruturas dixitais estratéxicas

Desde o Grupo Parlamentario Socialista creemos que é necesario informar cales son as medidas concretas, as partidas orzamentarias para cada un dos sete eixos propostos nesta Estratexia Galicia Dixital.



Por todo o exposto, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cales son as medidas concretas, da Xunta de Galicia, que se van a levar a cabo en cada un dos sete eixos estratéxicos?
2. A quen vai dirixir, a Xunta de Galicia, os 20 programas para acadar os obxectivos marcados en cada un dos sete eixos dentro desta Estratexia Galicia Dixital 2030?
3. Cales son os orzamentos que asignará, a Xunta de Galicia, para cada un dos 20 programas desta Estratexia Galicia Dixital?
4. Cal sería o reforzo de capacidades e infraestruturas dixitais estratéxicas que levará a cabo a Xunta de Galicia?
5. Que cantidade aporta a UE e canto aporta o Goberno de España para o desenvolvemento dos 7 eixos estratéxicos, que determinan as áreas de actuación e 20 programas para acadar os obxectivos marcados en cada eixo?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán

Martín Seco García

Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 11/01/2021 11:43:18

Martín Seco García na data 11/01/2021 11:43:25



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presenta ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego.**

A ELA (Esclerose Lateral Amiotrófica) é unha enfermidade altamente discapacitante e dexenerativa que ten unha esperanza media de vida media de entre dous e cinco anos. A medida que a enfermidade avanza paraliza todo tipo de movementos excepto os oculares, así coma a fala, permanecendo intactas as capacidades cognitivas da persoa doente.

Polo que estamos a falar dunha gran dependencia que fai que a persoa que padece esta enfermidade, ao non poder falar nin facer ningún movemento teña unha imposibilidade absoluta para comunicarse, o que supón un agravio maior para o doente e o seu contorno.

Afortunadamente a tecnoloxía avanza rápido, e existen dispositivos específicos, lectores oculares que conectados a un dispositivo específico, transformen a dirección da mirada en palabras. Está é a única fórmula de comunicación posible, xa que na actualidade non existe tratamento para frear ou acabar con esta enfermidade.

O pasado 2019 o Goberno Central a través do Ministerio de Sanidade, Consumo e Benestar Social anunciou a Orde SCB/480/2019, do 26 de abril, pola que se modifican os anexos I, III y VI del Real Decreto 1030/2006, do 15 de setembro, polo que se establece a carteira de servizos comúns do Sistema Nacional de Saúde e o procedemento para a súa actualización. No mesmo se detalla a actualización da carteira de servizos común do SNS. Como solicitudes de actualización da carteira común, relativas ao cribado poblacional de cancro de cérvix, ao lector ocular, á micropigmentación da areola mamaria e do pezón como parte da reconstrución mamaria e a ampliación da idade de financiamento dos audífonos.

A Comisión de Prestacións, Aseguramento e Financiación creou un grupo de traballo que elaborou un protocolo de indicación dos lectores oculares e outros sistemas de comunicación para estes pacientes e propuxo a súa inclusión dentro



da atención especializada en consultas, para pacientes con trastornos neuromotores graves, como son os pacientes con ELA e outros, que pola afectación severa dos membros superiores e imposibilidade de comunicación oral ou escrita que padecen, non poden comunicarse. Dita orde de modificación do Real Decreto 1030/2006 entrou en vigor o día 1 de xullo de 2019 e as Comunidades Autónomas, disporían dun prazo de seis meses a contar dende a entrada en vigor da orde para adaptar as súas respectivas carteiras de servizos ao disposto en dita orde. Polo que estamos en xaneiro de 2021 e se non se axiliza en Galicia, fai un ano e medio dende a vixencia de dita orde. Non podemos permitirnros retrasos con este tipo de pacientes, xa que non poder falar nin moverse é unha necesidade vital urxente.

Temos coñecemento de que por parte de o SERGAS creouse un grupo de traballo para resolver esta cuestión, polo que é preciso que se reactive e axilice.

Dende o Grupo Socialista consideramos que é unha urxencia que a carteira de servizos galega se actualice neste sentido a carteira de servizos co material completo, este é, a tablet co brazo articulado máis o lector ocular. Así tamén é importante que nos pregos para dita contratación se especifique que a empresa que se contrate por parte da Administración, aporte formación de uso do dispositivo aos usuarios e familiares ou cuidadores.

Dado o retraso en resolver esta situación por parte da Administración autonómica competente para elo, é urxente que se cree unha partida orzamentaria específica para a adquisición dos lectores oculares, tablets, e brazos articulados para todos aqueles doentes que o precisen.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Considera a Xunta de Galicia necesario habilitar unha partida orzamentaria para a adquisición dos lectores oculares e tablets con brazo articulado para pacientes de ELA ou usuarios coa capacidade de comunicación e movemento impedida, mentres non resolvan o trámite da actualización da carteira de servizos?



2.^a) Cal é a situación do procedemento de actualización da carteira de servizos do SERGAS?

3.^a) Cal é o motivo de tal retraso, tendo en conta a situación límite que viven este tipo de doentes?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/01/2021 12:14:02

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2021 12:14:15



Á Mesa do Parlamento

Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputada e deputado pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia** e ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta para a súa resposta oral en Comisión 5.^a, Sanidade, Política Social e Emprego**.

Atopámonos en Galicia nun contexto global de pandemia sen precedentes, que puxo de releve moitas das carencias do sistema, en concreto na atención e coidados aos nosos maiores.

Galicia destaca polo envellecemento poboacional, polo que os recursos nos coidados e atención para as persoas con dependencia ou maiores deben ser un pilar fundamental na nosa sociedade.

O Goberno da Xunta de Galicia anunciou un novo modelo de atención residencial. Tendo en conta as cifras de falecementos por causa do coronavirus neste contexto, é fundamental. Polo que, dende o Grupo Socialista levamos tempo insistindo en que a reformulación ten que partir dun modelo global de atención e coidados para os maiores e persoas dependentes para unha mellor efectividade.

Polo que hai que ter en conta a importancia de investir e reformular servizos e libranzas como o SAF, centros de atención diúrna, programas comunitarios, a figura do asistente persoal, así como a libranza para coidados na contorna familiar cun novo enfoque, entre outros.

É urxente, polo tanto, un enfoque transversal e un Plan integral que aposte por un novo modelo de atención integral de coidados aos nosos maiores e persoas con dependencia.

Polo exposto, a deputada e deputado asinantes formulan as seguintes preguntas:

1.^a) Cales son as liñas de cambio en canto ao novo modelo de atención residencial por parte da Xunta de Galicia?





2.^a) Consideran importante que ese novo modelo de atención residencial estea inmerso dentro dun programa integral de medidas cara a un enfoque de atención e coidados aos nosos maiores e persoas dependentes?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: Marina Ortega Otero
Julio Torrado Quintela
Deputada e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Marina Ortega Otero na data 11/01/2021 10:11:55

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2021 10:12:07





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Manuel Lourenzo Sobral e Mercedes Queixas Zas deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza volva ofrecer anualmente a posibilidade de realizar as probas para acreditar o CELGA fóra de Galiza nas que anteriormente se podía.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde o ano 2015 a posibilidade de realizar as probas do Certificado de Estudos de Lingua Galega (CELGA) fóra das fronteiras do noso país para acreditar un determinado nivel de galego é misión imposible debido a unha decisión da Xunta de Galiza que decidiu suspender os cursos preparatorios e os exames fóra dos límites da Comunidade Autónoma galega, agás na cidade de Ponferrada. Isto fai que a día de hoxe calquera persoa non-universitaria só poda preparar dito exame nas cidades de Santiago de Compostela e Ponferrada, salvando o caso da EOI Jesús Maestro de Madrid.

As consecuencias desta ausencia de cursos preparatorios provoca que, ademais da redución das saídas laborais dos e das graduadas en lingua e literatura galegas, haxa un importante déficit na preparación das probas, levando a que moitas persoas teñan que empregar a autoapredizaxe a través da rede cuns materiais didácticos sempre escasos. Alén disto, súmanse outras problemáticas como o feito evidente de que se calquera persoa quere recibir aulas presenciais atópase con dificultades para atopar centros que impartan galego entre os seus cursos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A esta ausencia de posibilidades de estudo da nosa lingua hai que sumarlle as dificultades coas que se atopan as persoas, que a pesar destas problemáticas deciden estudar pola súa conta e examinarse para acreditar o CELGA.

O ano pasado, un grupo de alumnos e alumnas catalás que están a estudar galego na cidade condal, a través da cooperativa Aula d'Idiomes, lanzaron unha petición ao Goberno galego para que se lles permitira acreditar oficialmente a nosa lingua en Barcelona, como se tiña feito anos atrás, sen ter que desprazarse até Galiza. A través desta petición deixaron ver os impedimentos que atoparon para poder presentarse aos exames. Deben viaxar, si ou si, até Santiago de Compostela ou Ponferrada. Ademais, a parte da viaxe que teñen que pagar do seu peto, tamén se encontran con que as datas se convocan con moi pouca antelación. A Xunta de Galiza adoita anunciar o mes no que se desenvolverán as probas, mais non concretan os días até pouco antes de celebrarse, concretamente uns 15 días, cousa que encarece mercar billetes, aloxamento e crea problemas no traballo para conciliar esta viaxe.

Este estudantado pon como exemplo o funcionamento do Institut Ramon Llull, institución xestionada polo Goberno catalá, polo Goberno balear e polo Concello de Barcelona para a promoción e aprendizaxe do catalán fóra de Cataluña, o cal organiza probas alén das fronteiras catalás, entre outros moitos lugares na Galiza.

Son moitos os lugares fóra das fronteiras estatais e incluso europeas, onde se demandan facilidades para poder estudar a nosa lingua como outra máis entre as opativas nos centros de linguas que culmine coa súa acreditación e dándolle o prestixio social e profesional que tiña hai anos en diferentes cidades.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

A que se debe o feito de que a Xunta de Galiza non ofrezca a posibilidade de realizar os cursos preparatorios ou as probas CELGA naqueles lugares onde anteriormente se podía?

Ten pensado a Xunta volver habilitar este servizo para todas aquelas persoas que queiran estudar a nosa lingua?

Pensa a Xunta de Galiza establecer novos centros noutras cidades nas que se poida estudar e acreditar o coñecemento do galego?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Mercedes Queixas Zas

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2021 12:46:33





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2021 12:46:36

Daniel Castro García na data 11/01/2021 12:47:01





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Olalla Rodil Fernández, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** sobre a convocatoria dos contratos posdoutorais para 2021 e as modificacións previstas a respecto de anos anteriores así como as medidas que debe adoptar a Xunta de Galiza ao respecto.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Xunta de Galiza fixo público un borrador da convocatoria de contratos posdoutorais para 2021 nas universidades do SUG, nos organismos públicos de investigación de Galiza e noutras entidades do Sistema de I+D+i galego.

Alén de que, como advertimos en múltiples ocasións, o Goberno galego aproveitou a pandemia provocada pola COVID19 como coartada para deixar en branco (sen convocatoria posdoutoral) o 2020, a Xunta de Galiza presenta agora un borrador de convocatoria no que introduce diversas mudanzas que empeoran as condicións das persoas beneficiarias destes contratos.

Neste senso,

- Deseña unha convocatoria que elimina as modalidades pasando a un contrato único de 3 anos de duración.
- Modifica as condicións retributivas das persoas beneficiarias. A nova convocatoria, aínda non oficializada no DOG, fixa unha contía básica (28.600 euros





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

brutos anuais que suma salario e custes sociais) e á que engade complementos en función da zona na que desenvolva o persoal investigador a súa estadía no estranxeiro. Zona 1 (1.000 euros/mes), zona 2 (1.500 euros/mes), zona 3 (2.000 euros/mes).

- Ligado ao anterior, desaparece o importe vinculado á fase de retorno da antiga Modalidade A que en 2019 establecía unha contía máxima de 38.000 euros anuais, incluíndo a retribución bruta anual e o pagamento dos custes sociais. É dicir, recórtase a remuneración salarial no período de tempo en que a investigación se desenvolve en Galiza ao ficar na contía básica.

- O borrador da convocatoria prevé un máximo de 49 contratos, apenas 3 máis que en 2019, unha cifra pírrica non só tendo en conta a necesidade que existe no noso país de apostar de maneira estratéxica na ciencia, a investigación e a innovación senón partindo dun ano en branco, como 2020, no que non existiu convocatoria.

- A proposta contempla tamén unha redución de horas de docencia pasando de 80h a 30h por ano, isto fará que as e os investigadores tarden moito máis tempo en acreditarse como Contratado Doutor ou Titular, estando en desvantaxe fronte ás persoas beneficiarias de convocatorias estatais.

Desde o Grupo parlamentario do Bloque Nacionalista Galego cremos que as cousas non se poderían facer peor nin querendo.

De maneira insistente, a Xunta de Galiza desoe as demandas, as recomendacións e as achegas que o persoal investigador galego vén realizando arredor destes contratos co único obxectivo de mellorar os programas, as condicións laborais das e dos investigadores así como de situar nunha posición máis competitiva o noso país.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por esta razón, cremos que existe marxe aínda para introducir mudanzas no borrador e que a convocatoria que publique o DOG sexa mellor.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

Por que a Xunta de Galiza, na convocatoria das axudas posdoutorais de 2021, introduce mudanzas que empeoran as condicións laborais e salariais do persoal?

Vai rectificar o Goberno galego as súas previsións para garantir que, cando menos, as persoas beneficiarias non o sexan en peores condicións que outras convocatorias anteriores?

Cre a Xunta de Galiza que son xustas e competitivas as condicións que existen en Galiza a respecto doutros países do mundo e da nosa contorna?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Olalla Rodil Fernández**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputados e deputada do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Daniel Castro García na data 11/01/2021 13:25:54

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2021 13:25:57

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2021 13:26:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** en demanda de actuacións de restauración no Parque do Pasatempo en Betanzos.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En resposta á Proposición non de lei presentada polo grupo parlamentario do BNG perante a Comisión 4ª de Educación e Cultura o pasado 30 de outubro de 2020, a respecto da demanda de apoio económico para iniciar a restauración do Parque do Pasatempo de Betanzos, unha vez declarado BIC, o Partido Popular xustificou o seu voto en contra alegando que, antes de comprometer achegas económicas por parte da Xunta de Galiza para a recuperación deste ben cultural senlleiro, cumpría a elaboración dun plan director.

Nunha nova convocatoria desta mesma comisión celebrada o 29 de decembro, a directora xeral de patrimonio cultural afirmou que desde o primeiro momento a Consellería dispuxera os medios técnicos en diferentes reunións co concello e axentes implicados para valorar cales eran as fases que se debían trazar para o proceso de recuperación deste ben que se encontra nun estado de deterioro moi preocupante, mesmo perdido xa para sempre unha parte pola desidia das administracións.

Nesta comparecencia a directora xeral indicou que este plan director é asumido pola Xunta de Galiza co obxectivo de analizar as problemáticas deste parque e as





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

necesidades de restauración e conservación do ben para proceder a actuar con posterioridade.

Un plan director que, segundo o goberno, está a supeditar calquera posíbel achega económica para a súa conservación; unha demora de anos que está a condicionar a sobrevivencia dun xardín histórico senlleiro declarado BIC en 2020, furtándollo ao presente e ao futuro da sociedade galega e universal.

Por estes motivos formúlase a seguinte pregunta para resposta oral na Comisión 4ª :

Que actuacións está a desenvolver o goberno galego para pór en andamento a elaboración do anunciado e comprometido Plan director do Parque do Pasatempo de Betanzos que dea comezo á implicación económica para a súa urxente restauración?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Manuel Lourenzo Sobral

Daniel Castro García

Deputada e deputados do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Mercedes Queixas Zas na data 11/01/2021 13:47:52

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 11/01/2021 13:47:56

Daniel Castro García na data 11/01/2021 13:48:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Montserrat Prado Cores e Olalla Rodil Fernández, deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 5ª**, sobre a falla de pediatra no centro de saúde da Pobra do Caramiñal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O goberno galego está a aplicar dun xeito xeneralizado, tanto na atención hospitalaria como na atención primaria e no conxunto do territorio, unha política de recortes que está a provocar un deterioro progresivo do sistema sanitario público.

Os usuarios e usuarias da sanidade pública son os principais afectados dunha política devastadora que míngua a calidade da atención sanitaria, sobre todo reducindo o persoal, tanto sanitario como non sanitario, e sobrecargando ata a extenuación ao que permanece nos centros.

A asistencia pediátrica é un dos servizos que está a sufrir con maior virulencia esta situación de recortes, con masificación nas consultas e con moita poboación infantil que non é atendida por especialistas en pediatría, o que tamén empeora a calidade asistencial.

Este é o caso da atención pediátrica no centro de saúde da Pobra do Caramiñal, cuxas deficiencias veñen sendo postas de manifesto insistentemente dende hai xa moitos





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

anos por este grupo parlamentar e que agora se ven agravadas por mor da pandemia que vivimos.

Por enésima vez, as familias dese localidade vense obrigadas a prescindir do único profesional en pediatría do que dispón o centro de saúde, cun cupo moi superior (máis de 1.300 nenos e nenas) ao que é recomendábel.

Este pediatra, que consulta só en horario de mañá, non é substituído cando se ausenta por vacacións, permisos ou baixa laboral, o que obriga ás familias a desprazarse para ser atendidas por un pediatra doutra localidade ou a ser atendidas por unha ou un médico de familia.

Nesta ocasión, os nenos e nenas están sendo derivados ao centro de saúde de Ribeira, centro que debería dispoñer de 4 pediatras e que tan só ten 2 para atender á poboación infantil de Ribeira, que xa suma 3.536 pacientes, e máis á da Pobra. Unha situación que xa está a ocasionar que das 5 tardes nas que debera haber atención pediátrica nese centro só se atendan 3, con cupos moi superiores aos que lle corresponde e, polo tanto, cunha presión asistencial extrema.

Garantir, pois, que se cubran as ausencias no centro da Pobra é unha necesidade perentoria así como tamén o é a mellora e reforzo dese servizo. As reclamación das familias para ampliar a consulta ao horario de tarde veñen tamén xa de vello. O horario de tarde permitiría a moitas desas familias non ter que pedir permiso no traballo nin que os nenos e nenas tiveran que ausentarse das súas clases.

No entanto, o que vén de anunciar a Consellería dista moito destas peticións e supón a desaparición de facto dese servizo no centro da Pobra. A súa intención é que a partir do 11 de xaneiro non haxa servizo de atención pediátrica e que se deriven os nenos e nenas de 0 a 3 anos aos centro de saúde de Boiro e Ribeira, xa saturados, e os





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

maiores de 3 sexan atendidos polos médicos e médicas de familia, que non son especialistas e que, ademais, incrementan así tamén o seu cupo correspondente.

A saúde é un dereito fundamental que neste caso estase máis unha vez a vulnerar gravemente por parte do goberno galego ao non permitir que se dispoña do persoal necesario e, polo tanto, que a atención sanitaria que se preste sexa de calidade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 5ª :

Que valoración fai o goberno galego das carencias do servizo de pediatría do centro de saúde da Pobra do Caramiñal?

Cales son as razón polas que a Consellería de Sanidade decide agora, en plena pandemia, suspender ese servizo? É consciente dos inconvenientes que provoca á familias da Pobra?

Cal é a xustificación para non cubrir as ausencias do/a profesional actual, tendo en conta que é o único do centro?

Vai seguir a Consellería de Sanidade ser substituír a ese especialista nas súas ausencias, ou ten intención de rectificar e non deixar desprotexidos aos nenos e nenas dese concello?

Considera o goberno galego que cun só pediatra están ben atendidos os nenos e nenas da Pobra do Caramiñal? Vai atender a demanda existente e reforzar a consulta de pediatría ao horario de tarde?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Considera a Xunta de Galiza que os nenos e nenas da Pobra están a recibir unha asistencia sanitaria de calidade tendo que desprazarse a centros de saúde, xa saturados, doutros concellos e/ou sendo atendidos por facultativos non especialistas en pediatría?

Considera que os centros de saúde dos concellos limítrofes están en condicións de atender a maiores aos nenos e nenas do centro da Pobra?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Rosana Pérez Fernández**
Montserrat Prado Cores
Olalla Rodil Fernández
Deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Olalla Rodil Fernández na data 11/01/2021 14:10:13

María Montserrat Prado Cores na data 11/01/2021 14:10:17

Rosana Pérez Fernández na data 11/01/2021 14:10:26





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGU

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os fallos en telefonía fixa e móbil e nas conexións a internet en zonas do rural galego son frecuentes e continuados nos últimos meses.

Pero o máis grave aínda é que as compañías que ofrecen estes servizos non se poñen os medios adecuados para que esta desatención pase a ser anecdótica.

Aínda máis, cando un usuario afectado fai a reclamación correspondente a un fallo no servizo que ten contratado respóndeselle con boas palabras pero a reposición do servizo demórase días.

Estamos falando de servizos de comunicación que se volveron esenciais para a vida decotío no rural. Mais se falamos de vida e actividade laboral, estas incidencias convértense en impedimentos serios para o normal desenvolvemento da economía e da actividade laboral de traballadores/as e empresas, que no rural tamén hai de momento.

Algunhas das empresas mandan subcontratas que concertan citas que logo van adiando ata o desespero, ademais non sempre é sinxelo chamar a teléfonos de contacto aos que rara vez contestan, e que cando o fan son constantes as evasivas e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

inconcrecións. E despois de todas as xestións e molestias xeradas as indemnizacións son cativas, e o servizo segue con continuos fallos.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--Sabe o goberno galego das avarías e fallos nas redes de telefonía e conexións a internet en zonas do rural nestes últimos meses?

--Que medidas tomou o goberno galego para evita-la reiteración destas avarías?

--Cales foron as incidencias acaecidas nos últimos cinco meses, zonas e número de persoas afectadas, demoras na subsanación e medidas adoptadas coas compañías responsables?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2021 14:30:32

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2021 14:30:41

María González Albert na data 11/01/2021 14:30:51





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Maria González Albert e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

En nota de prensa do Ministerio de Agricultura, Pesca e Alimentación do 14 de abril deste 2020 dáse conta dunha carta enviada desde ese ministerio á Comunidade Autónoma Galega recomendando mante-lo control durante o estado de alarma da poboación dos xabarís para previr danos nas explotacións agrarias e evita-la propagación de doenzas animais. Fala do perigo que supoñen estes animais como vectores de transmisión e da necesidade do citado control para manter o estatuto sanitario da cabana gandeira e coma medida preventiva da PPA (Peste Porcina Africana).

Pola súa parte a Dirección Xeral de Saúde e Seguridade Alimentaria da Comisión Europea vén de poñer de relevo que a transmisión da tuberculose bovina ós animais domésticos polas especies de caza, especialmente polo xabari, constitúe un retraso no custo e na efectividade dos programas de erradicación da tuberculose ademais dos considerables danos que ocasiona ós gandeiros.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

É necesario destacar a indolencia e apatía amosada polo goberno galego do PP nestes últimos anos con medidas erráticas e ineficaces. Mentres a poboación desta especie medra e os danos son cuantiosos.

A aludida indolencia e apatía chegou a tal punto que de 2016 a 2018 para o goberno galego o problema non debería existir pois nin ordes de axuda sacaron. O malestar entre os gandeiros e agricultores galegos era notable, ano de eleccións e agora si, orde de axuda para a fauna salvaxe con considerables mostras de descoñecemento da realidade agrogandeira do País e sen ir ó fondo do problema.

Porque o fondo do problema está nun control poboacional debidamente documentado e deseñado. Falamos dun Plan de Xestión en serio cunha elaboración consensuada. Isto require censos, estudos de comportamentos, hábitos, estratexias de defensa e adaptación da especie e métodos de control da mesma.

Houbo a través destes anos pasados promesas de Plans de Xestión, algún disque foi ata encomendado con orzamento e todo... mais nada... puido máis a preguiza, ou era so propaganda ?

Este ano os danos feitos nos cultivos de horta e forraxeiros, estes especialmente do millo, foron e están sendo cuantiosos. Hai gandeiros que están mudando de forraxe abandonando o millo por outras alternativas ou simplemente deixando de botalo porque non lles compensa os gastos.

Foron estes de tal magnitude que a dotación orzamentaria das axudas non chegou a nada e houbo que incrementala non sabemos en canto, queremos crer que de boa fe, vaia, cadrou en plena campaña electoral...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Falar do cercado de fincas con valados ou pastores eléctricos coma solución preventiva ó problema é descoñece-la realidade da agro gandaría deste noso país pola dispersión das parcelas, polo número delas e pola forza, maña e teimosía que amosan estes animais.

E non é problemática que se solucione con axudas ós danos e á prevención porque como diciamos ó comezo o asunto vai máis alá dos danos a cultivos cando de temas sanitarios falamos. Non se quere nomea-la PPA pero está aí ameazando o noso sector porcino. Non se quere mentar a tuberculose pero a transmisión existe.

Faise, pois, necesario elaborar de inmediato un plan de xestión. Non pode ser un imposible. Agora, ante a ameaza dun novo e moito maior problema, a chegada da peste porcina, non se pode continuar improvisando con medidas que nada solucionan. Sobre a peste porcina africana, hai un grupo permanente de expertos en Europa, proxecto liderado por un equipo do CSIC, que vén de aprobar un manual de actuación en setembro de 2018, con intención orientadora de como facer fronte á expansión da enfermidade, centrándose en aplicar criterios de xestión e bioseguridade sobre as poboacións de xabaril no medio natural.

Este grupo do que participan expertos de diferentes administracións europeas informa que:

-Asistimos a unha imparable expansión da peste porcina africana (PPA), considerada unha epidemia a grande escala, e que a Europa chegou polo leste e polo norte no ano 2007.

-A enfermidade logo pasou dos cochos domésticos ás poboacións salvaxes de xabarís, e estas comezaron a expandila cara o sur de Europa.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-No 2014 -2015 as autoridades xa evidenciaron a circulación do virus nos ecosistemas naturais converténdose nun ciclo epidemiolóxico autosostido.

-Nestes momentos a UE xa advirte que a enfermidade é endémica nas poboacións de xabaril de varios países de Europa do Leste e Centro e continúa expandíndose cara a Península Ibérica (hoxe, xa nas portas de Francia na fronteira belga), sendo un motivo de extrema preocupación.

-As autoridades veterinarias indican que controlar esta epidemia selvática de peste porcina está resultando unha tarefa moi difícil, dada a súa complexidade epidemiolóxica, a falta de experiencia e o alcance xeográfico do problema.

-Resulta preciso abordar a expansión da epidemia dun modo colaborativo e harmonizado entre as distintas rexións de Europa seguindo criterios científico-técnicos.

-As recomendacións pasan por actuar urxentemente adoptando medidas sobre manexo da caza do xabaril, introducir criterios de bioseguridade e xestión, e correcta manipulación na eliminación e movemento das canais de xabaril.

-En primeiro lugar debe abordarse a xestión práctica das poboacións de xabaril incorporando criterios de bioseguridade a fin de reducir os riscos e previr as consecuencias da chegada da enfermidade

-Precísase non perder tempo, e aprobar xa un plan de xestión e de bioseguridade do xabaril, que permita ter diagnósticos anticipados do estado da poboación, tanto a efectos de control de tamaño e efectivos, como detención precoz de carga vírica da peste porcina, e posible identificación de áreas infectadas. Tamén contar coa previsión de elaborar un protocolo de actuacións e coordinación con





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

diferentes axentes implicados (tecores, veterinarios, granxas, autoridades medioambientais), e campaña informativa e sensibilización sobre como actuar fronte a presenza de canais sospeitosas, así como o que facer cos xabarís cazados durante as sesións de controis de poboación.

-En zonas de risco, advírtese que os controis cinexéticos de poboación, so poderán efectuarse cando exista un protocolo estrito de intervención en canto a adoptar medidas de bioseguridade, cos que garantir a eliminación segura dos cadáveres de xabaryl.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é o balance de resultados da chamada "emerxencia cinexética" decretada en outubro de 2019?

-Existe algunha estima poboacional, mediante métodos de censo, da especie feito con algunha base científica no País galego?

-Pensan elaborar algún día algún plan de xestión serio, cientificamente artellado que permita o manexo poboacional da especie?

-Pensan elaborar algún día algún protocolo de bioseguridade para planificar con tempo, de modo organizado, e en contacto permanente con tódolos axentes implicados, para facer fronte a un escenario previo de chegada da peste porcina africana?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Cren ética e honesta a medida tomada en plena campaña electoral de revocación xeralizada das negativas ás solicitudes de axudas por danos e o aumento do orzamento na orde de axudas?

-A canto ascendeu a inxección orzamentaria para cubrir estas peticións que estaban denegadas por esgotamento da partida?

Santiago de Compostela, 11 de xaneiro de 2021

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 11/01/2021 14:33:20

María del Carmen Aira Díaz na data 11/01/2021 14:33:24

Xosé Luis Rivas Cruz na data 11/01/2021 14:33:33



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Consellería de Cultura, Educación e Universidade publicou o 4 de xaneiro de 2021 un borrador das convocatorias das axudas de apoio á etapa predoutoral e de formación posdoutoral e para completar a etapa de formación posdoutoral correspondentes á convocatoria de 2021. É importante subliñar que a Xunta de Galicia non convocou estas axudas no exercicio 2020.

A convocatoria, pendente da súa publicación no Diario Oficial de Galicia, contempla unha serie de modificacións de calado que repercuten de maneira negativa nas condicións de traballo deste persoal e que ademais supoñen un agravio comparativo con outras promocións, ademais de minorar a capacidade de atracción do noso país para establecer a carreira investigadora. Así, o colectivo de investigadoras e investigadores representado pola Rede Galega pola Investigación Investigal reaccionou a este anuncio ofrecendo a súa colaboración para modificalo antes da súa publicación oficial.

No caso das bolsas posdoutorais, ata o de agora estas comprendían dous anos de estadía nunha universidade estranxeira máis un consecutivo de retorno nunha universidade galega (Modalidade A), con opción a unha ampliación doutros dous para iniciar en Galicia unha liña investigadora (Modalidade B). Mais a convocatoria deste ano modifica a primeira modalidade e xa só esixe un mínimo de seis meses no estranxeiro (cun máximo de 24), unha estadía que se poderá gozar de maneira flexible ao longo dos tres anos do contrato.

A cuestión é que o Goberno galego modificou notablemente á baixa as retribucións establecidas para o tempo en que os investigadores gocen da súa estadía en Galicia durante a coñecida como modalidade A, pasando de cobrar 2.000€ brutos mensuais a 1.500€. Por certo, uns salarios que están por baixo dos mínimos fixados por algunhas institucións científicas que serán receptoras destas persoas.

Esta nova configuración da modalidade A xunto coa baixa dos salarios nos períodos de estadía en Galicia provocará unha non desexada fuga de cerebros xa



que favorece que moitas das persoas contratadas que gocen destas axudas no estranxeiro non volvan o ano de retorno.

Por outra banda, dado que no ano 2020 esta convocatoria non se realizou, o máis lóxico parecería ter incrementado notablemente o número de prazas para ofrecer máis posibilidades a todo o tecido investigador doutor do noso país. Pero lonxe diso, a Xunta de Galicia no canto de compensar a inexistencia da convocatoria de 2020 na de 2021, parece obviar a do ano pasado de tal xeito que as persoas ás que lles correspondería presentarse non teñen opción nesta. Así, o persoal investigador que obtivo o título de doutor/a en 2015 ou de licenciatura ou grao en 2009 quedaría inexplicablemente fóra desta convocatoria.

Outra das eivas importantes ten que ver coa redución das horas de docencia, que pasa dun máximo de 80 a 30, unha baixa que no caso das axudas predoutorais mesmo incumpre o estipulado polo EPIPF, que as sitúan nun máximo de 180 horas.

Por último, se a finais de 2020 un dos argumentos empregados pola consellaría para non lanzar a convocatoria dese ano era a necesidade de que as persoas candidatas contasen cunha avaliación positiva da modalidade A, nos requisitos da convocatoria de 2021 para acceder á modalidade B esta condición inexplicamente xa non aparece, clara mostra da falta de vontade do Goberno galego por dar unha saída digna a todo o colectivo afectado.

Diante de todos estes agravios e baleiros normativos, a deputada e o deputado que asinan formulan as seguintes preguntas:

1ª) Ten prevista a Xunta de Galicia corrixir a convocatoria de contratos predoutorais e posdoutorais correspondentes a 2021?

2ª) É consciente o Goberno galego dos agravios comparativos que supón esta convocatoria con respecto ás pasadas?

3ª) Como pensan solucionar a imposibilidade de que as persoas doutoradas en 2015 e licenciadas ou graduadas en 2009 se poidan presentar a esta convocatoria?

4ª) Cales foron as razóns da notable rebaixa retributiva nas estadías en Galicia da coñecida como modalidade A?

5ª) Por que xa non se esixe unha avaliación positiva ás persoas candidatas á modalidade B?



6ª) Por que se reducen a case un terzo as horas de docencia en todos os programas, mesmo contravindo o EPIPF?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2020

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/01/2021 17:31:10

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2021 17:31:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Noa Presas Bergantiños, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, María González Albert e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre a estación de montaña de Manzaneda.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O pasado o día 30 de decembro coñecíase a adxudicación sorpresiva do contrato de xestión da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda a través dun procedemento que até o momento ten levantado importantes dúbidas e que non foi clarificado, nin tampouco os criterios económicos do contrato desta adxudicación, a unha empresa fundada en febreiro de 2020 e sen aparente experiencia na xestión deste tipo de instalacións. Esta situación, nunha instalación que ten no seu historial constantes problemas de funcionamento e deficiencias de planificación económica, deixa moitas incógnitas no aire que non son propias da transparencia exixíbeis ás administracións públicas.

Tras quedar deserto o concurso para a adxudicación do contrato para a xestión da estación de montaña de Cabeza de Manzaneda de hai uns meses por incumprimento dos requisitos exixidos no prego de condicións polas dúas empresas que se presentaron, na páxina de MEISA non figura que se iniciase un novo concurso para adxudicar a xestión da estación





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta nova adxudicación incumpriría, ademais, o último prego de condicións do 30 de xullo de 2020, que as propias institucións, Xunta e Deputación, se deron a sí mesmas para contratar con MEISA. Incumpríndose no apartado 7.1 referido á “aptitude do contratista” que establece que só poderían contratar con MEISA as persoas que teñan unha actividade relacionada directamente co obxecto do contrato. E incumpriríase o apartado 7.2 referido ás “condicións mínimas de solvencia” que establece que o “volumen de negocio, que referido ao ano de maior volumen de negocio dos últimos concluídos sexa igual ou superior ao volumen do contrato”

Tendo en conta que a adxudicataria non ten nin sequera un ano de xestión, e que segundo a súa propia páxina web o único servizo operativo do que dispón é “un coqueto hotel de sete habitacións” en Panamá, non cumpriría coas condicións do último prego de condicións que levou a que ficase deserto o concurso de adxudicación no mes de outubro de 2020.

Sendo esta estación unha aposta fundamental para as comarcas encadradas no xeodestino Manzaneda-Trevinca; que despois dos inxentes fondos investidos polas administracións públicas, Xunta de Galiza e Deputación, para manter e mellorar, con até 4,5 millóns de euros investidos nuns canóns de neve que apenas funcionaron dúas semanas en dous anos, non é aceptable que se faga unha adxudicación deste calibre sen coñecer os aspectos fundamentais da mesma.”

A Xunta de Galiza conta co 49,65 % das accións de MEISA polo que debe dar explicacións da xestión da estación coa debida transparencia para clarificar o proceso de licitación e a viabilidade económica desta proposta. Así, demandamos coñecer cuestións relativas ao procedemento de licitación, o informe previo á adxudicación, os prazos, as garantías de funcionamento, ás posibles melloras, os criterios económicos desta licitación, ou se a Xunta de Galiza e Deputación de Ourense disponibilizaron fondos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

públicos para facer fronte as melloras no funcionamento, e que tamén clarifiquen cal é a data de inicio de actividade.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

Que garantías de futuro ten a Xunta de Galiza sobre a nova adxudicación da xestión da estación de esquí de Manzaneda?

Cales son as razóns para un procedemento de adxudicación tan escurantista? Cal foi a secuencia de prazos?

Onde se fixo a licitación e onde foi publicada? Cal foi o prazo de adxudicación?

Ten a Xunta de Galiza garantías para o funcionamento desta empresa respecto da xestión destas instalacións?

Cal foi a concreción económica da adxudicación?

Cales son as melloras previstas para o funcionamento?

Cales son as concrecións de índole laboral e social, se as houber?

Disponibilizou a Xunta de Galiza ou a Deputación de Ourense fondos públicos para facer fronte á mellora ou mantemento? En que datas e que contías?

Cal é a data prevista de inicio de actividade?

Asume a Xunta de Galiza o seu fracaso respecto desta estación? Que vai facer para corrixilo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Fará públicos os pregos de condicións económicas e poranse a disposición pública os informes previos á adxudicación?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: Noa Presas Bergantiños

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

María González Albert

Daniel Pérez López

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2021 11:11:28

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2021 11:11:31

María González Albert na data 12/01/2021 11:11:42

Daniel Pérez López na data 12/01/2021 11:11:48



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela, Isaura Abelairas Rodríguez, Marina Ortega Otero e Julio Torrado Quintela, deputadas e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 5ª.

A pandemia da covid-19 afectou de maneira global a toda a sociedade, cunhas consecuencias sociais e económicas aínda por avaliar. Porén, o que si parece claro é que esa afectación foi moito maior para as mulleres, que experimentaron unha regresión nas súas condicións vitais para asumir máis carga de traballo no fogar e os coidados de persoas dependentes ou menores, modificar as súas condicións laborais para adaptarse á nova realidade e mesmo atoparse nunha maior situación de vulnerabilidade en casos de violencia machista.

Diante desta situación, son os poderes públicos os que teñen que asumir a responsabilidade de mitigar esta nova situación vital das mulleres e aplicar políticas de discriminación positiva para evitar que estas desigualdades se produzan ou para revertelas no menor tempo posible.

Para desenvolver políticas verdadeiramente eficaces neste contexto de urxencia sería desexable contar con datos que permitan deseñar plans de acción dirixidos directamente aos colectivos afectados de mulleres e diferenciando por problemáticas e necesidades concretas.

Dende o Grupo Parlamentario Socialista consideramos que unha vez pasados xa dez meses de crise sanitaria é hora de realizar un estudo pormenorizado que poña o foco na afectación desta pandemia nas mulleres, e especialmente en materia laboral e dos coidados toda vez que agardamos que os informes sobre violencia de xénero que anualmente achega a Secretaría Xeral de Igualdade xa contemplarán esta especial circunstancia.

Por iso as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas:

- 1ª) Conta o Goberno autonómico con datos e informes concretos acerca da afectación da pandemia da covid-19 nas mulleres galegas?
- 2ª) Ten previsto o Goberno autonómico un plan de choque que rectifique as desigualdades que sufriron e están a sufrir as mulleres por causa da covid-19?





Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/01/2021 18:16:41

María Isaura Abelairas Rodríguez na data 11/01/2021 18:16:55

Marina Ortega Otero na data 11/01/2021 18:17:07

Julio Torrado Quintela na data 11/01/2021 18:17:21



Á Mesa do Parlamento

Noa Díaz Varela e Luís Manuel Álvarez Martínez, deputada e deputado pertencentes ao Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª.

A Xunta de Galicia aprobaba a finais de abril de 2020 o Plan de reactivación dos sectores cultural e turístico fronte aos efectos derivados da covid-19, con 50 medidas dedicadas ao sector cultural e cun horizonte de execución marcado para o 31 de decembro de 2020. Un plan que non contou co beneplácito dos e das profesionais do ámbito da cultura en Galicia, que trasladaron a súa inqueda diante dun futuro incerto que está a supor a desaparición de moitas empresas do sector e unha perda significativa de postos de traballo, tal e como indican diversos informes do Consello da Cultura Galega.

Unha vez rematada a vixencia deste plan, o Grupo Parlamentario Socialista considera imprescindible coñecer a súa avaliación pormenorizada, toda conta que se tratou dunha estratexia elaborada *ad hoc* co propósito de protexer o sector.

A finais do mes de decembro de 2020 os grupos parlamentarios recibimos un documento titulado 'Informe sobre o estado do Plan de Reactivación – Sector Cultural a 26/11/2020' elaborado pola Consellaría de Cultura para ser avaliado pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19.

O citado documento -que debería servir de base para a reconstrución do sector cultural galego- consta dun total de 4 páxinas, portada e contraportada corporativas *inclusive*, ou sexa, que reduce a dous folios apaisados o contido do informe, no que en realidade se explica un contexto que xa coñeciamos e só achega un dato: que a data 26 de novembro o Plan foi executado nun 93,5 %.

Sen entrar en máis valoracións sobre o documento, que supoñemos obvias, o Grupo Parlamentario Socialista solicita rigorosidade e seriedade na avaliación dun plan que rematou o 31 de decembro de 2020 e que se supón tentaría paliar os efectos da crise nun sector fortemente prexudicado.

Deixando á marxe que todo plan ou programa debe contar cunha obrigada fase final de avaliación, para establecer novas liñas de acción ou de traballo



entendemos que é imprescindible coñecer o estado actual do sector e dende logo contar cunha avaliación das repercusións de cada unha das liñas de acción implementadas nese plan de reactivación cultural. Só dese xeito tería sentido manter ou desbotar algúns dos programas desenvolvidos.

É por isto que a deputada e o deputado que asinan preguntan:

1ª) Ten previsto a Consellería de Cultura, Educación e Universidades realizar unha avaliación ampla e pormenorizada das accións desenvolvidas no Plan de Reactivación do sector cultural fronte á crise da covid-19?

2ª) Cales das accións previstas nese plan terán continuidade no ano 2021 e por que?

3ª) Considera suficiente, serio e rigoroso o ‘Informe sobre o estado do Plan de Reactivación – Sector Cultural a 26/11/2020’ elaborado pola Consellería de Cultura para ser avaliado pola Comisión non permanente especial de estudo sobre a reactivación económica, social e cultural de Galicia pola crise da covid-19?

Pazo do Parlamento, 11 de xaneiro de 2021

Asinado dixitalmente por:

Noa Susana Díaz Varela na data 11/01/2021 17:33:56

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 11/01/2021 17:34:17





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Mercedes Queixas Zas, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Centro de Investigacións Agrarias de Mabegondo (CIAM) procede da Granxa-Escola Experimental da Coruña, creada en 1888 e ten, por tanto unha longa historia de máis de 130 anos. Superou dúas guerras mundiais e unha guerra civil até chegar a hoxe.

Nos anos 70 do pasado século (1973-75) coa axuda dun préstamo do Banco Mundial establécense en Mabegondo, contando cunha finca de 300 ha, edificios, laboratorios e instalacións gandeiras. Está dentro do esquema do organismo autónomo INIA (Instituto Nacional de Investigacións Agrarias), formando parte da rede de CRIDAS (Centro Regionales de Investigación y Desarrollo Agrario), distribuídos polo territorio español. O CRIDA 01 era o CIAM e o obxectivo fundamental asignado era a investigación e desenvolvemento en sistemas de produción de carne e leite de vacún na España húmida.

O estudo de sistemas de produción, desde un punto de vista aplicado, é complexo, xa que integra disciplinas relacionadas co estudo dos solos, da fertilización, das sementes, das técnicas de cultivo, mellora xenética, mecanización, ensilado, valor





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

nutricional das forraxes, alimentación animal, calidade dos produtos animais, custos de produción e economía das explotacións, etc.

A finalidade do CIAM estaba orientada á mellora das producións gandeiras baseándose no aproveitamento dos forraxes propios da España húmida por medio dunha investigación de alta calidade científica.

Para poder cumprir este obxectivo fíxose unha selección de mozos e mozas titulados/as de grao superior e medio en áreas agrarias e enviáronse a prestixiosas institucións estranxeiras onde se formaron nas diversas disciplinas e adquirindo os máis deles, títulos de post-grao (PhD. ou doutoramento, Master of Science...) e constituíron un conxunto de investigadores altamente especializados que regresaron a Galiza.

O seu traballo xunto co da Agencia de Desarrollo Ganadero e co Servizo de Extensión Agraria foron os verdadeiros motores do desenvolvemento e especialización gandeira do rural galego de fins do século XX

O mantemento da investigación en sistemas de produción require contar con persoal auxiliar de laboratorio e de campo, para atender á diversidade de tarefas realizadas: o laboreo do terreo, fertilización, sementeira dos cultivos, colleita, ensilado, manexo dos animais, muxido do leite, etc.

Por iso as instalacións do CIAM eran e son únicas no estado español para realizar traballos de investigación en produción de cultivos, conservación de forraxes, alimentación de vacún e calidade dos produtos animais, desenvolvendo sistemas de produción de baixo input externo, optimizando o uso de forraxes propias, reducindo custo económico e minimizando o impacto ambiental e as emisións de gases de efecto invernadoiro.



O deseño do estado das autonomías e as transferencias de competencias á Xunta de Galicia integran o CIAM coma unha unidade con categoría de servizo integrada na Consellería de Medio Rural, o persoal investigador ten a condición de funcionario transferido á comunidade autónoma e por tanto forma parte do cadro de persoal funcionario da Xunta.

A cortidade de miras e a escasa valoración de parte dos sucesivos gobernos, (case monopolizados pola dereita), do papel decisivo que xoga a investigación pública ó servizo dun sector, o agrogandeiro, en plena transformación, traen consigo unha escasa incorporación de persoal investigador ó CIAM, producíndose por medio de convocatorias xeralistas de corpos de funcionarios da Administración, que non sempre foron exitosas, toda vez que o paso polo CIAM era unha forma de achegar-se á capital, en determinados casos.

As escasas veces en que esta se producía, a cobertura de postos onde non había especialistas implicaba unha formación autodidacta e pouco efectiva, toda vez que non existía o recurso á formación especializada como na etapa preautonómica.

Transcorridos 35 anos da entrada en funcionamento do CRIDA-01, aquel persoal investigador formado nos mellores centros do mundo acada a idade de xubilación cunha frecuencia moi superior á rexistrada en calquera outro servizo, empezando a producir-se unha marcada redución do cadro de persoal.

Os recursos para investigación son cada vez máis difíciles de conseguir, esixíndose unha maior especialización, competitividade e tamaño dos grupos nas convocatorias públicas, incluídas as do INIA, abertas agora a universidades e CSIC. Os fondos, ademais, son progresivamente redirixidos a empresas (moitas delas PEMES) procurando unha maior participación e implicación do sector privado na I+D+i e





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

asegurando unha maior taxa de transferencia das investigacións aos usuarios finais. Ambas actividades requiren unha alta calidade científica nos grupos de investigación.

Durante o goberno bipartito, desde a consellaría do Medio Rural, dirixida polo BNG toma-se a decisión de recuperar a capacidade investigadora dos centros e posicionar definitivamente ao CIAM como centro de referencia en investigación en materia de produción animal baseado en pastos e forraxes.

Realízase un proceso de selección de persoal investigador en determinadas áreas, gran parte do cal estaba formado nos centros (doutores e doutoras dos programas INIA). Ao CIAM se incorporan 4 doutores/as e 2 tecnólogos como persoal laboral do INGACAL, en base ao orzamento de postos vacantes de persoal funcionario. Neses momentos o cadro de persoal investigador fixo do CIAM (entre persoal funcionario e laboral) é dunhas 30 persoas.

Este proceso de rexuvenecemento, recuperación e modernización vese interrompido pola entrada do PP no goberno tras as eleccións de 2009 comezando de novo esa lenta agonía e deterioro no que se encontra dez anos despois.

O goteo de xubilacións continúa e a pesar das incorporacións producidas en 2009, empezan a quedar desertas áreas chave de investigación, como a mellora xenética de millo, pasando o CIAM de ter un alto prestixio en Europa ao peche de facto desta área.

O persoal doutor, especialistas formados polos investigadores que se xubilaron no CIAM, non ten forma de continuar no centro, tendo que marchar do mesmo.

O INIA perde gran parte da súa capacidade de xestión ao saír da esfera do ministerio de Agricultura e pasar ao ministerio competente en ciencia e innovación, co





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

cal a competencia polos fondos estatais é cada vez máis acentuada e a capacidade do CIAM de obter recursos por esta vía, cada vez máis limitada.

Non se ten acceso ós fondos manexados polo GAIN, rompendo o compromiso adquirido coa creación da Secretaría xeral de I+D producíndose unha redución na dotación de fondos propios libres para gasto corrente. Baixo a dependencia do CIAM do estamento forestal por primeira vez na súa historia, os fondos baixan de aproximadamente 450 mil euros a 150 mil, insuficientes para pagar a electricidade e os combustíbeis de calefacción, maquinaria e transporte.

A actividade nos centros íase mantendo, mercede ó esforzo do persoal investigador, que se implica en numerosos proxectos os cales son cada vez máis difíciles de xestionar. Por unha banda, unha importante parte do esforzo diríxese á execución dos proxectos FEADER impulsados por empresas do sector que seguen confiando na capacidade tecnolóxica do CIAM. Por outra, na execución de contados proxectos que se poden aínda conseguir nas convocatorias públicas do ministerio de Ciencia e Tecnoloxía. Sen embargo, a perda progresiva de músculo investigador no CIAM indica que esta situación está baixo ameaza, e non se pode manter por moito tempo.

Tras a creación da AGACAL a mediados de 2018, que integra ademais de toda a estrutura de investigación do CIAM (4 estacións experimentais) e da EVEG (2 estación experimentais) as 6 escolas de formación da consellaría, o CIFOR de Lourizán e grande parte da Subdirección Xeneral de Industrias e Calidade Agroalimentaria, vendo a disposición do seu director xeral e que o deterioro non ten a onde ir a máis, parece renacer un xeito de esperanza na revitalización da investigación pública ó servizo do medio rural.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Desde a creación da Axencia ata hai poucos meses sucédense promesas de mellora e de dar solución á lamentable situación do CIAM e da investigación pública. Reunións de traballo co Conselleiro, coa Dirección Xeral... pero nos orzamentos aprobados para 2020 non figura ningunha partida para as melloras básicas prometidas.

De non haber un contundente plan de recuperación de medios humanos (en primeiro lugar) e de medios materiais (en segundo lugar) o CIAM (e por extensión o conxunto de centros públicos de investigación agraria da Xunta, xa que a problemática é común) encamiñase á irrelevancia como instrumento de xeración de coñecemento útil para o medio rural galego.

Coñecemento que hoxe é máis importante ca nunca, se cabe, para que o sector agrogandeiro galego poida afrontar os retos presentes e futuros que configuran, por un lado o proceso de cambio climático e a competencia de mercados cada vez máis abertos e globais.

A investigación que se realiza no CIAM non é cuberta polo sector privado, de forma que a desaparición da capacidade operativa deste centro será substituída por nada.

Quen se encarga de estudar, por exemplo, as características diferenciais das nosas producións (carne, leite e outras)?; Quen da calidade ambiental dos nosos sistemas produtivos; Quen das emisións de CO2 das explotacións gandeiras galegas e a potencial vantaxe competitiva fronte outras zonas produtivas? Quen da mellora da calidade das forraxes? Quen da utilidade da riqueza xenética gardada nos bancos de sementes para afrontar os retos ambientais do cambio climático ou a aparición de novas pragas e enfermidades? Quen...?



Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

• Cree o Goberno galego que a investigación aplicada realizada no CIAM (e por extensión os restantes centros de investigación da consellaría do Medio Rural) é necesaria para a competitividade e sustentabilidade do sector agro-gandeiro galego?

• A AGACAL viu a luz oito anos despois do prazo indicado pola Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral da Comunidade Autónoma (LOFAXGA). Na disposición adicional sétima do seu decreto de creación indica-se que o Consello Reitor da Axencia, no prazo de tres meses seguintes á súa constitución, aprobará a proposta do primeiro contrato plurianual de xestión da Axencia. Suponse que este contrato debe conter unha serie de medidas de xestión así como previsións de futuro en materia de funcionamento da Axencia que anticipe a senda estratéxica a percorrer durante un determinado espazo temporal.

• A este respecto:

- Foi redactado dito plan?
- Cal é o seu contido a respecto das liñas estratéxicas de investigación encomendadas ó CIAM, e por extensión ós restantes centros de investigación da consellaría do Medio Rural?
 - Cales son as previsións contidas no plan a respecto do cadro de persoal investigador (número de postos e forma de provisión)?
 - Cales son as previsións contidas no plan a respecto dos investimentos materiais nos edificios, laboratorios, instalacións agrogandeiras, equipamento e maquinaria dos centros e fincas experimentais anexas?





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- No caso de que exista dita planificación, porqué non está reflectida orzamentariamente ningunha medida para 2020?
- No caso de que non exista, porqué non se cumpriu o mandato legal?
- Por que a única referencia coñecida a investimentos previstos en materia de investigación (programa 561A) se refire ó concurso de ideas para executar investimentos por valor de 10 M€ nun "espazo modelo" en Sergude?
- Cre o goberno que é unha práctica de boa gobernanza orzamentaria reproducir o Banco de Xermoplasma do CIAM fóra do centro de investigación que ten encomendada a súa custodia sen atender primeiro as necesidades en medios humanos e materiais necesarios para que esta sexa efectiva?
- Cales son as previsións relativas ó proceso de funcionarización do persoal investigador laboral fixo do AGACAL e do persoal laboral da Xunta que prestan servizo actualmente na Axencia?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Mercedes Queixas Zas

Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 11:48:46

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2021 11:48:58

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 11:49:08

María González Albert na data 12/01/2021 11:49:18



Á Mesa do Parlamento

Leticia Gallego Sanromán, Noa Díaz Varela, Martín Seco García, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Juan Carlos Francisco Rivera, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 6.^a, Industria, Enerxía, Comercio e Turismo**.

Desde o punto de vista económico, a crise sanitaria provocada pola covid-19 a bo seguro suporá unha das grandes crises da nosa historia máis recente. Un dos sectores máis prexudicados é, sen dúbida, o da hostalería, concretamente, restauración, hospedaxe e ocio nocturno cunha forte incidencia no PIB, e gravemente afectado polas restricións sanitarias determinadas por causa da pandemia.

Son as administracións locais as que están promovendo actuacións enfocadas á dinamización do sector co fin de incrementar o consumo e de xerar emprego nos seus concellos. Os gobernos locais son conscientes da situación de urxencia da hostalería, non sendo así na Xunta de Galicia.

Numerosos establecementos non chegaron a abrir desde a declaración do estado de alarma ou que están a piques de pechar definitivamente, con centos de traballadores e traballadoras que continúan en ERTE, o que supón unha importante diminución de poder adquisitivo na cidade que afecta a empresas e sectores intimamente ligados ao funcionamento da hostalaría. De feito, o peor comportamento do PIB en Galicia no mes de xullo foi precisamente o deste sector.

Os informes do Centro de Coordinación de Alertas de Saúde e Emerxencias do Ministerio de Sanidade nos que se basean as instrucións que o Goberno central transmitiu ás comunidades autónomas o 14 de agosto fundamenta o peche do ocio nocturno no potencial perigo de contaxio descontrolado, tomando como modelo establecementos de zonas de España que non teñen equivalencia no territorio galego. Por esa razón, parecería razoable que a Xunta de Galicia tivese en conta estas cuestións para estudar medidas axeitadas ás características e dinámicas propias deste sector en Galicia.

Para paliar os efectos negativos desas restricións, o Igape estableceu unhas liñas de crédito destinadas a empresas que tiñan un balance positivo nos últimos tres



exercicios e que, segundo as estimacións, rematasen o exercicio actual no mesmo sentido. Estas axudas foron destinadas así ás empresas mellor situadas deixando ao desamparo as máis vulnerables.

O Goberno da Xunta de Galicia o día 7 de outubro anunciou un plan de reactivación para a hostalaría, concretamente do ocio nocturno. Segundo anunciaron as medidas van dirixidas aos negocios que pecharon pola pandemia e que seguen sen recibir clientes, como as discotecas, pubs, cafés-espectáculos, salas de festas e salas de concertos. Esas medidas deben concretarse con orzamentos e de que forma se van implementar.

Por todo o exposto anteriormente, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Cal foi o número de persoas beneficiarias e as contías das axudas do Goberno galego dentro do sector da hostalaría e ocio nocturno?
2. Con que partidas orzamentarias conta o Goberno autonómico para continuar no 2021 co plan de reactivación do ocio nocturno e a hostalería?
3. Vanse redefinir os criterios das liñas de crédito do Igape coa finalidade de facilitar o acceso a elas e flexibilizar as condicións de pago para evitar quebras e perda de empregos nun sector fortemente agraviado pola crise sanitaria?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2021

Asdo.: Leticia Gallego Sanromán
Noa Díaz Varela
Martín Seco García
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Juan Carlos Francisco Rivera
Deputadas e deputado do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2021 12:03:16

Noa Susana Díaz Varela na data 12/01/2021 12:03:22





Martín Seco García na data 12/01/2021 12:03:37

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2021 12:03:50

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2021 12:04:00





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro, Noa Presas Bergantiños e Maria González Albert, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Desde os episodios de outubro de 2017 tivemos dous anos de descanso meteorolóxico nos que a incidencia dos lumes foi moi baixa.

2020 presentouse cunha primavera moi húmida en xeral que provocou que no verán teñamos unha grande cantidade de biomasa nos montes o que aumenta o risco de lumes máis virulentos e de grandes proporcións..

Desde a Consellería non se fixeron efectivas case ningunha das medidas que aconsellaban tanto o Ditame da Comisión Parlamentaria de Estudo..... coma as conclusións do Comité de Expertos a respecto do Servizo de Prevención e Extinción de Incendios Forestais.

A primeira metade do período de risco deste ano mostrouse sen chuvias, con altas temperaturas e con ventos que propiciaron que a biomasa estivese moi seca, con alta combustibilidade e que nesas condicións o número de lumes fose moi alto e de pequenas proporcións excepto en Ourense





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Preséntase pois un panorama semellante ó de 2005. Un ronsel de pequenos lumes que se van atallando. Ourense é a excepción con incendios de grandes dimensións que superan as 1000has, aínda que non conten os cultivos e as terras agrarias.

O que nos mostran estes grandes lumes é que están calcando as superficies ano tras ano. Co seu relativo descanso dun período de poucos anos vólvese repetir de xeito que se podería predicir onde comeza, por onde corre e onde remata. As fotos da UVigo comparando dous lumes de diferentes anos en Dodro-Rianxo son case idénticas rebasando as 1.200 has queimadas.

No de Queirugás (Verín) sempre comeza preto da capela dos Remedios, corre ata pasa-la autovía e un pouco máis adiante atállase e case sempre regresa, é dicir, volve. O de Flariz, xa na década do 2011 copiou a superficie chegando á adega de Crego e Monaguillo. Cualedro repítese, ese nome soa tódolos anos de risco. E que dicir do Xurés a un lado e outro da raia...

A pregunta que nós facemos é por que desde a Consellería non se toman en serio esta alta actividade incendiaria e por que non se toman medidas preventivas analizando o problema, buscando a raíz e pódolle remedio. Por que os nomeados Comités de Distrito nas conclusións do Comité de Expertos que poderían englobar diferentes actores sociais e económicos e analizar e buscarlle remedio non existen? Aforrariamos cartos e sobre todo gañaríamos territorio. Hai que tomarse en serio as Zonas de Alta Actividade Incendiaria.

O cortoplacismo do PP e da Consellería lévanos a unha situación que se pode resumir cando se fixan os obxectivos de que non ardan máis de 20.000Has.

O primeiro a ordenar e facer prevención é a interface periurbana que é onde máis perigo de colapso se ofrece nunha vaga de lumes.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Ordenación do monte, o mosaico, a extensión de figuras de xestión colectiva do mesmo (UXFOR) o confinamento do eucalipto e a súa moratoria, a potenciación da biodiversidade. Lembremos que a Covid 19 deixou ó descuberto que a mellor protección que temos os humanos para minimiza-las pandemias é a conservación e potenciación da biodiversidade. O futuro é a economía verde.

Que foi das 30 medidas que anunciou Feijóo cando aínda estaban as brasas dos lumes de outubro do 17 sen apagar?

Nada se fixo. O caos segue a imperar no monte galego. ENCE e o Taboleiro dictan as políticas forestais da Consellería. E Galicia arde. E os períodos de seca e de grande risco acortan as frecuencias. E as masas son continuas. Un 30-30-30 pode causar outra vez vítimas.

Non abonda con lle rezar ós santos para que traian a chuvia ou fagan de bombeiros mentres o rural queda sen xente e o territorio sen xestión e aproveitamentos sensatos. De nada serven as declaracións culpando a terroristas incendiarios dos males do monte. A problemática disfrázase e os lumes continúan.

A investigación é un piar fundamental, se non se investiga non se saben as causas. Mais a investigación debe ser axeitada ó territorio e ó coñecemento do mesmo. En cada zona hai unha motivación distinta, en cada Distrito, mesmo en cada provincia e só coa investigación daremos pasos firmes; non será a fin dos lumes de Galicia pero si un gran salto... todo o demais: Operación Centinela, Policía a cabalo vidos de Madrid... son manobras de distracción... da opinión pública.

Íanse crear 31 prazas BIIF (Axentes Ambientais, nas Brigadas de Investigación de Incendios Forestais) e así aparecían no PLADIGA pero este ano desapareceron.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión

7ª:

-Cales son as causas, a xuízo da Consellería, que motivan a alta incidencia de lumes en determinadas zonas de Ourense?

-Que medidas se tomaron desde o goberno galego para atallar esas posibles causas?

-Dado que a maior parte deses lumes son intencionados, que medios de disuasión foron postos en práctica polo goberno galego?

-Que resultados deron os traballos de investigación feitos sobre os lumes deste ano?

-Cantos lumes de investigaron a fondo?

-Para cando a creación das 31 prazas BIIF (Axentes Ambientais, nas Brigadas de Investigación de Incendios Forestais, prometidas, inclusas no Pladiga doutros anos e desaparecidas no deste ano?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Noa Presas Bergantiños

Maria González Albert

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputadas e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2021 12:13:25

María González Albert na data 12/01/2021 12:13:34

Noa Presas Bergantiños na data 12/01/2021 12:13:41

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 12:14:15





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa ao sector da gandaría de carne en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A nosa gandaría agoniza na Galiza no marco dunha encrucillada sen precedentes polo desleixo dunha Consellería máis preocupada en escaparates do rural, aldeas modelo e fundacións que perpetúan os “chiringuitos” herdados de corruptelas pasadas, ca en afronta-las necesidades urxentes dun sector que continúa a afogar lentamente cara a súa defunción.

Temos que ser capaces de revertir-las condicións da ameaza da actual pandemia da Covid-19 e a transición cara o novo programa de desenvolvemento rural 2021-2027 para transformala nunha oportunidade de remuda e posicionamento fronte ós enormes retos que nos depara o futuro próximo.

O sector gandeiro galego supón un 54% da produción final agraria (PFA) fronte ao 17,5% da media no estado español, segundo o anuario da agricultura familiar en España no 2020, o que nos dá unha idea da importancia do sector primario na nosa economía. Os cinco subsectores gandeiros máis importantes despois do lácteo son: o bovino de carne, o avícola, o porcino, o cunícola e o ovino e cabrún.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Galicia aportou en 2.018 un 11% da produción de carne de vacún dentro do estado español, un 12% do total da produción avícola, un 4% da produción porcina, un 22% da produción cunícula, un 1,3% da produción ovina e o 1,8% da produción de gando cabrún de todo o estado español.

Pero no mes de marzo deste 2020, o estado de alarma veu trastorna-la vida e as condicións sanitarias, económicas e sociais dos galegos e galegas e diríamos máis, de toda a cidadanía do mundo. E así en Galicia, co parón do turismo e de toda actividade hostaleira, freouse tamén o consumo de carne fundamentalmente no mercado da hostalaría e restauración e provocou unha forte baixada dos prezos pagados ós produtores/as que contrasta co incremento significativo no prezo medio da cesta da compra.

Os sectores da carne, curiosamente os diferenciados por un manexo extensivo do gando, tanto de vacún coma de ovino e cabrún están a padecer especialmente os efectos desta pandemia dun xeito alarmante, e reclaman medidas paliativas urxentes por parte da administración pública.

A caída nas vendas fai que becerros, años e cabritos en idade óptima de consumo continúen nas explotacións máis tempo do normal, ocasionando gastos extraordinarios non previstos na propia manutención e manexo, sen que estes gastos se vexan compensados co seu crecemento, sendo a incerteza no mercado unha arma para a especulación cos prezos en orixe por parte da distribución na marco da cadea agroalimentaria.

O sector produtor de carne de vacún no noso país conta con arredor de 20.000 granxas, tendo moi importante presenza en zonas desfavorecidas e de montaña coma actividade económica case única e elemento esencial para a vertebración, xestión e ordenación do territorio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Botemos unha ollada ós lumes que ano tras ano asolan sistematicamente comarcas abandonadas de Ourense e razoemos sobre este feito e o despoboamento e valoremos na súa xusta medida a permanencia e o incremento desta actividade nas citadas zonas desfavorecidas e de montaña.

Unha boa parte desta carne de vacún, cunha calidade consolidada, comercialízase baixo o selo da IXP “Ternera Gallega” que conta con case 8.000 explotacións. Trátase dunha produción sustentable de recoñecida calidade nos mercados galegos (50% do mercado), nacionais (45% do mercado) e internacionais (5% do mercado).

O prezo medio das liquidacións entre abril e xuño de 2020 foi de 4'17 euros por quilo/canal en tenreira de calidade Suprema e de 3'5 euros quilo/canal en tenreira galega normal. Se ben os datos do mes de marzo non amosan unha baixada moi forte respecto a marzo de 2019, en abril, maio e xuño de 2020 apréciase un descenso moi acusado, arredor dos 0,50 €/Kg. tanto en Tenreira Galega Suprema coma en Tenreira Galega normal.

Se os matadoiros non sacrifican os xatos de cebo, as gandeiras e gandeiros non perciben os ingresos correspondentes, o que provoca unha acumulación de animais nas granxas, non podendo ser vendidos no tempo correspondente. Esta situación afecta tanto ás explotacións cárnicas como lácteas, pola baixada de prezos das vacas de desvelle, dos xatos de recría como de consumo, o que está a provocar unhas perdas considerables, que acrecentan as dificultades de moitas ganderías galegas. No caso das vacas de desvelle a caída rolda o 50%.

Esta produción cárnica é a principal actividade económica de moitas comarcas do país como as zonas dos Ancares, Fonsagrada, Comarca de Sarria, a Terra Chá, o Courel ou Macizo Central de Ourense. Dalgunhas case que podemos dicir que é a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

única, e no caso de desaparecer, viría acrecenta-lo problema de abandono e despoboamento do noso rural, nun momento tan crítico coma o que estamos atravesando, onde se está a pór de manifesto a importancia da produción e fornecemento de alimentos para a sociedade e da recuperación da nosa soberanía alimentaria tanto no ámbito da produción como na do consumo.

Por outro lado se ben é certo que foi o peche e as actuais restricións na “horeca” quen reduciu a demanda, certo é tamén que o consumo de carne nos fogares aumentou nun 33% e aquí as contas non dan.

É de supoñer que industria e distribución, unha vez máis, aproveitaron as circunstancias en beneficio propio. Vai sendo hora que a Administración revise á alza os prezos e asuma o labor de valorar obxectivamente os custes de produción establecendo os prezos mínimos e garantindo así o cumprimento da lei.

O coronavirus está a ser utilizado polas industrias e a distribución para impoñer unha baixada xeralizada dos prezos e convertendo en crónica esta caída provocada pola Covid-19.

A campaña electoral deu para todo e así o Sr. Feijóo anunciou, en plena paixón de anuncios e propaganda, que achegaría unha liña de axudas en breve prazo para aliviar-lo sector mancado profundamente pola crise da Covid-19. O sector está agardando e o tempo pasa. E nada solucionan as declaracións de intencións nin as louvanzas:

“E seguiremos traballando xuntos, porque estamos a falar dun sector tractor, dun sector económico que xera emprego e riqueza, que posibilita que siga existindo o rural e que conta cunha enorme capacidade”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

¿Que foi do anuncio a bombo e prato de finais do mes de xuño, no que o conselleiro de Medio Rural debullou o plan de reactivación e dinamización do medio rural galego e no que a medida urxente estrela era unha partida de 24 millóns de euros para axudas directas destinadas a aqueles produtores/as ou pymes ás que o asfixiante contexto económico dos últimos meses os deixara sen liquidez, poñendo en grave risco a continuidade da actividade económica?

Son vitais as axudas inmediatas ao sector da carne para manter operativas estas explotacións mentres non mellora a situación sanitaria e se normaliza o mercado. Pero axudas que realmente sexan reais e efectivas e non a parodia representada coas axudas excepcionais convocadas para compensar as perdas provocadas polo confinamento da Covid-19 nos sectores de ovino e cabrún.

Unhas axudas que tiveron un exiguo prazo administrativo de 10 días para poder iniciar a súa solicitude e cuns requisitos máis pensados para outras comunidades autónomas ca para Galicia.

Tres eran eses requisitos. O primeiro: que a granxa de ovino ou cabrún tivese como mínimo dez reprodutoras. Aí entraban case 4.000 explotacións galegas. O segundo: que fosen solicitantes das axudas da PAC para o sector, co cal as posibles beneficiadas reducíronse a unhas 200. E terceiro e totalmente paradoxal e contraditorio: xustificar movementos de saída de cordeiros ou cabritos da granxa cara matadoiro de alomenos un número igual ou superior ao 60% do total de reprodutoras de máis de 12 meses existentes na granxa.

En que cabeza cabe que nunha situación excepcional de caída das vendas e na que se pretende indemnizar a un sector pola imposibilidade de darlle saída ós animais, se estableza como criterio principal excluínate para o cobro da axuda, manter unha





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

porcentaxe tan elevada na venta de anos e cabritos. Esta situación provocou que o 95% das granxas que podían optar á axuda quedasen fóra.

No caso do sector ovino e cabrún a situación é máis dramática, xa que ó agravante de poñer en marcha unha axuda específica para compensa-las perdas nos gandeiros/as que non tivo ningún efecto, hai que engadir a gran estacionalidade das producións (Semana Santa, Verán e Nadal), a tremenda dependencia do sector da restauración e hostalaría e os intentos falidos por buscar unha vía de comercialización para a produción das ganderías de ovino e caprino galegas, que están a ser insuficientes para dar saída ós animais.

Coa hostalería paralizada e a baixada da demanda nas carnicerías, as vendas están sendo escasas e as iniciativas como “Mercaproximidade” e “Vou de Superfeirón”, a canle alternativa activada pola Consellería de Medio Rural, tampouco serviron para abrir unha vía activa de comercialización rendible para esta carne de excelente calidade, xa que serviu en bandexa de prata a cabeza do sector nas mans de cadeas depredadoras, como Vegalsa-Eroski que aproveitou a situación para impoñer uns prezos entre un 20% e 25% máis baixos que no mesmo período do ano anterior.

Vegalsa-Eroski estima adquirir este ano arredor de 3.000 anos galegos, cifras semellantes ás do 2019, polo que o negocio sae redondo en canto ó incremento de ganancias nun 11% da distribuidora con respecto ó primeiro semestre do ano pasado, fundamentada na compra de produtos de proximidade, de excelente calidade e case a prezo de custe.

Os anos e os cabritos son carnes que unha vez se pasa o seu tempo óptimo para a venda comeza a caer o prezo ou non atopas comprador. Vegalsa-Eroski converteuse nun tratante máis grazas ó modelo de negocio amparado pola Consellería de Medio Rural. É un modelo a costa do produtor/a, que ten que regalar os seus anos ou cabritos ou ben





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

deixalos na granxa e empregalos como machos reprodutores na recría ó non poder darlles saída, co sobrecuste tan elevado nunha orientación produtiva na que as marxes comerciais en orixe son máis reducidas se cabe.

É preciso que a Consellería de Medio Rural se apoie nas armas legislativas existentes ou en tramitación, como a Lei pola que se modifica a Lei 12/2013, de 2 de agosto, de medidas para mellora-lo funcionamento da cadea alimentaria, para fortalece-la posición negociadora de agricultores e gandeiros e deixar de manter unha postura negacionista e pouco aberta a realizar propostas construtivas de mellora, tal e como leva declarando o Conselleiro durante toda a fase de anteproxecto.

Esta nova norma incorporará ó dereito, a Directiva sobre prácticas comerciais desleais no sector agroalimentario para reequilibra-la cadea e promove-la transparencia na formación de prezos e prohibirá a venda por debaixo do custe de produción e a destrución do valor dos produtos ó longo da cadea.

Necesitamos unha Consellería de Medio Rural que participe activamente na súa elaboración, transposición e cumprimento para que sexa o máis efectiva posible e permita reforza-la posición negociadora de tódolos chanzos da cadea, de xeito que se asegure a efectiva competencia de todos eles e se dote de ferramentas eficaces para que se poida negociar en igualdade de condicións.

Débase conforma-la cadea de valor agroalimentaria de abaixo cara arriba, evitar prácticas desleais na contratación agroalimentaria, aumenta-los supostos nos que é obrigatorio consignar por escrito as relacións contractuais do sector para gañar seguridade xurídica e amplia-lo catálogo de prácticas desleais a evitar na contratación agroalimentaria.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A Consellería de Medio Rural debe comprometerse como órgano e administración competente que vele polo cumprimento da obrigatoriedade do prezo pactado entre produtores e o primeiro comprador, que como mínimo ten que cubri-los custes de produción, para os que se debería constituír unha comisión técnica de avaliación, a fin de actualizar estes valores para cada orientación produtiva no ámbito galego.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--É consciente o actual goberno galego, máis aló da propaganda electoral pasada, da grave situación pola que atravesamos o sector da carne de Galicia?

--Pensa o goberno galego sacar algún tipo de axudas directas dirixidas a este sector para paliar as perdas producidas pola pandemia da Covid-19?

--De ser así, como pensa facer para asegurar que as citadas axudas van parar directamente ós produtores e produtoras?

--¿É consciente o goberno galego que ten pendente a ordenación da cadea alimentaria para evitar os abusos da industria e que están intactos os 4'5 millóns de euros que contempla o Plan de Desenvolvemento Rural 2014-2020 para esta finalidade?

--Ten pensado manter indefinidamente a Consellería de Medio Rural a modificación temporal do prego de condicións de Ternera Gallega que permite os procedementos de conxelación na carne certificada baixo a IXP?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Ten pensado a Consellería de Medio Rural barallar algunha acción de innovación no sector cárnico galego a parte de permitir a conxelación da carne de “Ternera Gallega”, ou unha aposta cara a busca de novos mercados dentro do ámbito da internacionalización?

--Ten pensado a Consellería de Medio Rural realizar unha campaña de promoción e concienciación sobre a importancia da soberanía alimentaria, e especial no sector da carne, onde as nosas gandeiras e gandeiros mantiveron o subministro de materias primas e evitaron o desabastecemento de certos produtos esenciais na alimentación humana? Unha campaña onde se resalten as cualidades dos produtos frescos, sans, nutritivos, equilibrados e certificados, producidos por gandeiras e gandeiros galegos en base a sistemas extensivos sostibles económica, social e ambientalmente?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 12:17:27

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 12:17:31

María González Albert na data 12/01/2021 12:17:41





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, relativa á coexistencia do gando cabalar e o lobo en Galiza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As greas de cabalos en semiliberdade no monte galego foron usos habituais desde a noite dos tempos. Desde o garrano puro ata o pura raza galega e as mesturas e cruces hai onde escoller para este antigo e agora novo aproveitamento silvopastoril.

A riqueza dun país non se mide só en cifras de macroeconomía e a xeración de valores materiais. Tamén se manifesta na sensibilidade para facer rendibles e sostibles sistemas ancestrais que sobreviviron ó paso do tempo conservando superficies, fauna e actividades que se caracterizan polo seu alto valor cultural, ecolóxico e identitario. Nos anos 70, os datos oficiais apuntaba a que Galiza contaba con 22.000 cabalos bravos nos montes. Hoxe, segundo indican os expertos, este número reduciuse practicamente na metade.

A presenza de bestas no monte leva décadas en retroceso en Galiza, un proceso que se acentuou nos últimos anos a raíz da obriga de marcar con microchip tódolos cabalos. As responsabilidades que recaen sobre os propietarios por posibles accidentes de tráfico, unidas a outras trabas, están a facer que os propietarios particulares e





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

comunidades de montes se desfagan das súas greas. Unha das consecuencias da redución de cabalos é que as mandas que quedan, sofren unha maior presión dos lobos.

Na actualidade, a presenza das bestas en montes comunais, xeralmente perimetrados, coma biodixestores de biomasa e activos axentes preventivos dos lumes conta cun inimigo principal que non é o lobo, senón a deficiente xestión do asunto pola administración galega. Os cabalos galegos son grandes consumidores de toxo, tanto dos brotes como da propia madeira, equilibrando a súa alimentación con diversas especies herbáceas espontáneas, como as carqueixas, as queiroas e todo xeito de arbustos, diminuíndo o risco de incendios e favorecendo a fertilidade do solo e a limpeza e roza naquelas zonas nas que se alimenta.

As greas non se renovan porque os poldros non superan o inverno debido ós ataques do lobo. As bestas e cabalos constitúen en boa parte de Galiza entre o 50 e o 90% da dieta do lobo. A continuada baixada da poboación de equinos preocupa a gandeiros e investigadores, pois está constatada a súa eficacia como vía indirecta de prevención de ataques ó gando nas granxas.

O mantemento das bestas e dos cabalos nos montes galegos é un método indirecto de prevención fronte ao ataque do lobo. A cuestión é que os/as propietarios/as dos cabalos carecen practicamente de indemnizacións polos ataques de lobo. Así en zonas como o MVMC de Carballo Vivo en Friol, que mantén unha grea de 25 animais, ven salvando unha media de 2 poldros ó ano. Así na última década, porén acumular mortes de 100 poldros, unicamente percibiron indemnizacións por dous animais.

Outro tanto acontece co gando vacún en extensivo e en semiliberdade, que coma no caso do cabalo contribúe tamén no control de biomasa e proporciona ingresos ás xentes que viven da gandaría, ademais de sacar adiante un produto alimenticio de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

primeira calidade e contribuír á xestión do territorio que ten no abandono poboacional e na ausencia de xestión o seu máis principal problema.

A presenza do lobo nas serras e montes galegos é necesaria coma dereito propio de especie e controlador de especies e doenzas na fauna da que depende.

Pero a existencia do cabalo e deste gando en extensivo está ameazada de morte por contar, o primeiro, con greas deficientemente constituídas e ser así presa fácil, e por ser tan difícil, moitas veces, atopar os restos dos animais mortos tras o ataque.

As perdas non resarcidas de poldros no monte provocan o desánimo dos gandeiros. Cada ano unha proporción moi elevada dos poldros nacidos son depredados polos lobos, e os besteiros nin sequera poden denunciar os danos, xa que as axudas van asociadas á localización do cadáver, moi difícil en animais que viven ceibos no monte. Outro tanto acontece co vacún en semiliberdade.

Certamente non se pode nun monte de 400 ou 500 ha. facer un percorrido minucioso cada 48 horas buscando os despoños dun ataque recente para poder dar aviso e cumprir coa norma para cobrar unha axuda de danos.

O desánimo, o abandono e a incompreensión de parte da administración provoca a diminución deste gando no monte coma actividade rendible para os comuneiros e para a sociedade desde os puntos de vista tanto económico coma ambiental.

Así, desanimados e deixados á súa sorte pola administración, besteiros e gandeiros van abandonando esta actividade mentres aumenta a rabia e culpabilidade cara ó lobo coma catarse e foco de tódalas iras.

Se queremos dar solución a este problema e aumenta-lo uso deste sistema agroforestal debemos buscar solucións que se axeiten á realidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha delas pode ser facer un reconto por greas, ou por propietario, ou por monte cercado, das femias en idade fértil, porcentualizar un promedio de preñeces e partos fallidos, botar contas e no verán, nos recontos e curros facer unha resta e resarci-las perdas ocasionadas polos ataques da fauna salvaxe.

Se a ameaza da posible picaresca pon medo con esta medida, poderíamos busca-la solución nunha axuda positiva por besta ou vaca nodriza no monte. Estima-lo promedio de poldros ou cuxos que son depredados ó ano por zonas en Galicia, ou en xeral, e partir da base de que o promedio é que por cada 10 nais no monte. Que o pago sexa por bestas no monte, para compensa-las perdas que se espera que poida haber.

Isto permitiría vence-lo desánimo, poder constituír greas máis resilentes ós ataques e que o lobo desprazase a súa atención a outras especies coma o xabaril. E conseguí-lo fin último que se pretende que non é máis que lograr a coexistencia de besta e lobo no mesmo hábitat en harmonía co home en beneficio da sociedade en xeral.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-É coñecedor o goberno galego da situación de deterioro dos ecosistemas onde vive o garrano e das dificultades que atravesan a coexistencia das greas e rabaños de gando cabalar e vacún en liberdade ou semiliberdade por mor do lobo?

-Sabe o goberno galego da importancia destes ecosistemas?

-Ten pensada algunha medida que remedie esta situación de retraemento e deterioro progresivo destes ecosistemas?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Ten previsto adecua-las ordes de axudas por danos e prevención a estas realidades descritas no argumentario desta iniciativa?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 12/01/2021 12:19:27

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 12:19:32

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 12:19:43





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz , Luis Bará Torres, Carmen Aira Díaz e María González Albert, deputados e das deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presenta a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O 15-02-2020 publícase a Orde de Axudas a investimentos non produtivos vinculados á realización de obxectivos agroambientais e climáticos en concellos incluídos na Rede Natura 2000.

Nesta orde establécense as bases reguladoras do réxime de axudas dirixidas a restaurar, preservar e mellorar a biodiversidade nas zonas Natura 2000, os sistemas agrarios de alto valor natural, así como a mellorar o estado das paisaxes agrarias galegas dentro dos espazos da Rede Natura 2000 ou nas súas áreas de influencia socioeconómica por medio de proxectos que contribúan á mellora da paisaxe rural tradicional e dos seus elementos representativos e para o mantemento das condicións ambientais necesarias dirixidas á conservación ou recuperación de especies relacionadas co medio agrario e os seus hábitats. Incluíranse axudas destinadas a investimentos non produtivos necesarias para conseguir obxectivos ambientais, é dicir investimentos que non dean lugar a un aumento significativo do valor ou a rendibilidade das explotacións agrícolas e que contribúan á mellora do carácter de utilidade pública das zonas Rede Natura 2000.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Que para nos entender refírese a obras de restauración de soutos, prados de sega e elementos singulares da paisaxe: muros, hórreos, cabanas, pallozas, ...sempre que non estean catalogadas Ben de Interese Cultural.

Publícase o 15 de febreiro e dáse de prazo de presentación de solicitudes ata o 16 de marzo aínda que se suspende a tramitación electrónica pola Covid19 desde o 14, reabríndose o día 5 de maio, nun so día, un mediante o decreto do 4 de maio. E coma prazo de resolución danse cinco meses polo que a mediados de agosto deberan estar resoltas as solicitudes, e a 1 de outubro non o están.

Como queira que na orde establécese que ten que estar certificado o 50 % do investimento a 30 de outubro, non nos saen as contas polo escaso tempo para facer ese investimento.

Polo anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-- Cales foron as razóns polas que non se resolveron as solicitudes de axuda no prazo de 5 meses previstos pola orde?

-- Por que se se amplía de facto o prazo de resolución non se amplía así mesmo o de certificación de investimento?

-- Vaise ampliar o prazo de investimento nos 74 días que durou o estado de alarma?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: Xosé Luis Rivas Cruz

Luis Bará Torres

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputados e deputadas do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 12:37:42

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2021 12:37:47

María González Albert na data 12/01/2021 12:37:56

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 12:38:07





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No DOG do 19 de febreiro do 2020 publícase a:

ORDE do 30 de decembro de 2019 pola que se establecen as bases reguladoras para a concesión de subvencións para a prevención dos danos causados aos bosques por incendios, desastres naturais e catástrofes en montes veciñais en man común e en sociedades de fomento forestal (Sofor), cofinanciadas co Fondo Europeo Agrícola de Desenvolvemento Rural (Feader) no marco do Programa de desenvolvemento rural (PDR) de Galicia 2014-2020, e se convocan para o ano 2020 (códigos de procedemento MR651A e MR651B).

O orzamento desta convocatoria ascende a 5´8 millóns de euros e establécense dúas liñas de subvención:

a) Liña I: subvencións para o control selectivo de combustible (código de procedemento,

b) Liña II: subvencións para a construción de puntos de auga,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O obxectivo da primeira liña é reducir a carga de combustible presente no monte e crear zonas con discontinuidades horizontal e vertical, contribuíndo así a anticiparse ós incendios.

Non é a primeira vez que desde o BNG denunciemos esta burla. Se estas axudas van encamiñadas a crear condicións de prevención dos lumes facendo rozas para o control selectivo de combustible en áreas de devasas, faixas auxiliares de pista, rexenerado forestal natural así como na roza de penetración, rareo e eliminación de restos das entrefaixas de masas forestais e ademais a creación de puntos de auga en lugares estratéxicos para caso de incendio.

Se isto é así, as axudas chegan cando o lume xa pasou polo que 5´8ME de fondos públicos son investidos inutilmente, sen posibilidade de cumpriren a fin para a que foron orzamentados porque entendemos que en boa lóxica deberan ser resolvidas antes do inicio da época de alto risco.

Pois ben, este ano comezaron a se comunica-las resolucións a mediados de setembro canda a pasada vaga de lumes de Ourense e o proceso dilátase, pois recibidas as comunicacións de concesións das axudas ábrese un prazo de 10 días para presentar unha memoria explicativa dos traballos a realizar. Logo técnicos de M. Rural terán que supervisa-lo proxecto *in situ* antes de autoriza-lo inicio dos traballos preventivos.

E así, alá para novembro ou decembro teremos rematadas estas accións preventivas cando a prevención xa non ten a efectividade desexada. Fóra de tempo e sen xeito.

Sería oportuno para non tira-los cartos, nada menos que 5´8ME, que este tipo de axudas fosen programadas cun mínimo de intelixencia e coñecemento da realidade de





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

xeito que a prevención puidese estar feita inmediatamente antes da época de risco. Sería moito pedir?

Porque deste xeito podemos concluír que este ano non houbo medidas de prevención feitas polas comunidades de montes con financiación da Xunta.

As contas son fáciles de botar aínda sen contar con atrancos coma a Covid19. Publícase o 19 de febreiro, un mes de prazo para a presentación de solicitudes e estamos a 21 de marzo, un mínimo de tres meses para resolver estamos a finais de xuño... E cando facémo-las rozas?

Por certo, non vemos ningunha razón pola que as CCMMVV non poidan face-los traballos por conta propia en tendo maquinaria e persoal. Sería un xeito de incentiva-lo emprego local e engadir un plus de beneficio social a esta figura singular.

E así cremos que non queda outra; ou publicamos antes ou acortamos os prazos de resolución, pero os traballos de prevención levan o seu tempo e en boa lóxica deberán estar rematados antes do período de alto risco.

Por todo isto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--Que tipo de trabas impiden ano tras ano que este tipo de axudas non se poidan ver materializadas antes da época de alto risco de incendios ?

--Por que non contemplan a posibilidade de que os traballos poidan ser efectuados polas propias Comunidades de Montes Veciñais en caso de contaren con maquinaria e persoal propio?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Cren que no caso deste ano os millóns de euros destinados a traballos de prevención foron ben utilizados?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 12:44:06

María González Albert na data 12/01/2021 12:44:10

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 12:44:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xose Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Concello de San Sadurniño recibiu nos últimos días varias chamadas de veciños e veciñas para preguntar se había algunha información sobre cando virá a unidade móbil da ITV Agrícola, que habitualmente se situaba en Santa Mariña e en Igrexafeita. O alcalde púxose en contacto este luns con SyC APPLUS+ ITV para interesarse pola cuestión e desde a concesionaria das inspeccións comunicaron que non prevén desprazar ningún equipo ata polo menos “xaneiro ou febreiro do 2021” debido aos retrasos acumulados nos últimos meses. En calquera caso, tal e como lle comentaron ao alcalde, a validez das inspeccións técnicas para os vehículos agrícolas “destinados a labores no campo” -tal e como cita literalmente o BOE- está prorrogada até o 10 de novembro. Porén, de momento non se sabe que vai pasar despois desa data.

APPLUS-SyC ITV non adianta ningunha previsión, xa que as unidades móbiles, aínda que están traballando, acumulan moito retraso, polo que a pregunta obvia é a de que vai ocorrer cos tractores que teñan vencida a “revisión” despois do 10 de novembro. Na ITV non comentaron nada ao respecto, posto que a súa función é a de verificar o correcto estado de circulación da maquinaria, non a de decidir como debe actuar Tráfico en caso de parar un vehículo agrícola sen a inspección en vigor.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Neste sentido, o Concello tamén se puxo en contacto coa Delegación do Goberno na Coruña de cara a solicitarlle información sobre se se conta con ampliar a vixencia das inspeccións ou, en caso contrario, se se vai dar algunha instrución desde a Dirección Xeral de Tráfico no sentido de flexibilizar as posibles actuacións no caso de vehículos agrícolas que deberían ter pasado a ITV desde a declaración do primeiro Estado de Alarma.

A única alternativa á ausencia de ITV móbil nos concellos deste país ata xaneiro ou febreiro do ano próximo está nas ITVs fixas situadas nos arredores das cidades ou en polígonos industriais. Pero esta alternativa obrigaría aos propietarios de maquinaria agrícola a facer desprazamentos moi longos por vías nas que moitas veces serían causantes de atascos e entorpecementos no normal tránsito de vehículos.

Sería tamén inxusto que calquera usuario ou usuaria de maquinaria agrícola, suxeita a revisión periódica, fose sancionado/a despois desa data por non ter a revisión pasada se lles caducou durante o estado de alarma, xa que non é culpa deles que as unidades móbiles vaian con retraso no seu calendario.

Desde Delegación do Goberno remítense á normativa da prórroga até o 10 de novembro sen avanzar se o prazo se vai ampliar ou non -posibilidade que tampouco se descarta-, polo que recomendan solicitar vez na estación máis próxima a pesar de recoñecer o inconveniente que supón ter que levar a maquinaria ata alí, sexa desprazándose polos seus propios medios ou sobre unha plataforma.

Tampouco se aclara como vai proceder Tráfico a partir desa data se as patrullas detectan algún tractor circulando sen a ITV ao día. Fontes da Delegación do goberno aseguran que a Xefatura provincial de Tráfico “*está ao tanto e comprende a situación*”, ao tempo que recordan que o feito de circular sen ITV é un risco para a seguridade e, ademais, *unha complicación legal engadida no caso de que se produza un accidente*.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o anteriormente exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que ten pensado face-lo goberno galego para axiliza-la entrada en funcionamento das inspeccións móbiles de maquinaria agrícola?
- É consciente o goberno galego da situación de incertidume en que se encontran os usuarios de maquinaria agrícola que lles caduca a revisión pasada na imposibilidade de pasar unha nova por un período longo de tempo?
- Que medidas pensa tomar para evitar que os usuarios desta maquinaria se encontren en situación ilegal ou alegal diante dos axentes de tráfico ou nun posible accidente?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xose Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 12:46:12

María González Albert na data 12/01/2021 12:46:17

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 12:46:29





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Unha vez máis o goberno do estado español, non importa a súa color, volve á carga cun decreto que pretende regula-la aplicación de xurros e estercos en aras dunha pretendida contaminación do aire por amoníaco.

Este proxecto de decreto non atende a un desenvolvemento de directrices da UE, nace no ministerio que unha vez máis, en Madrid, sexa cal sexa a color do goberno non se atreven a levarlle a contraria ós lobbies do porcino e dos abonos de síntese e tentan que pague o desaguizado das emisións de amoníaco o sector gandeiro de vacún, tanto de leite coma de carne, de Galicia e da Cornixa Cantábrica

O Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios está en período de alegacións que comezou o 29 de setembro pasado e rematará o 19 deste mes de outubro. A normativa que se pretende implantar novamente, prohibiría a aplicación de xurros mediante o sistema de prato, abanico ou canón, cando o contido en humidade dos estercos sexa igual ou superior ó 65%.

De entrar en vigor sen unha revisión substancial da norma sería un golpe mortal para a gandaría de leite e carne de Galicia. Unha vez máis a ignorancia temeraria, ou a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

defensa de intereses alleos ó sector por parte do estado, para coas características edafolóxicas, climáticas, orográficas e de reparto da propiedade do país das galegas e dos galegos pon en perigo os sectores de carne e leite de vacún, que en maior medida manteñen vivas, economicamente activas e fixa poboación en amplas zonas do rural de Galicia, moi especialmente a gandaría extensiva de montaña.

O citado decreto obrigaría a implantar nestas explotacións gandeiras toda unha serie de requisitos para, teoricamente, controlar e racionaliza-lo uso de fertilizantes e xurros.

Cal se de explotacións contrarias ó equilibrio ambiental ou coma se de actividades perigosas para co medio ambiente se tratase, estas explotacións de vacún deberían incorporar a toda a burocracia, papeleo e complexa normativa que as asedia actualmente, unha serie de novas esixencias:

--Un plan de abonado para os cultivos forraxeiros e viñado con máis de 10 has. e na horta profesional con calquera superficie. Este plan terá que adaptarse nas aportacións de nutrientes, sen excederse en máis dun 10%, ás necesidades do cultivo, para o que terán que efectuarse análíticas varias en cada temporada e para cada cultivo.

--Un rexistro de aplicacións de fertilizantes como apartado no Caderno da Explotación.

--Un técnico autorizado que asesore en materia de fertilizantes.

--Inspeccións rigorosas da maquinaria de aplicación que garanta a súa eficiencia.

--Análíticas dos estercos e puríns ou lodos de depuración usados.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Pero o prato forte do decreto en cuestión está na difícil adaptación ou no cambio de toda a maquinaria de aplicación, cisternas e tractores, e máis no volume e peso desta maquinaria que impediría o seu uso na maior parte dos terreos agrícolas galegos.

Seguindo o excelente informe-alegación do investigador da AGACAL--CIAM Juan Castro Insua, as repercusións económicas deste decreto serían inasumibles para unha alta porcentaxe de explotacións tanto de leite coma de carne de Galicia. Estas novas esixencias da condicionalidade ó cobro da PAC das explotacións gandeiras con terra deixaríaaas en franca desvantaxe fronte á maioría do resto de Europa.

O máis preocupante do Borrador é que amosa unha "baixa calidade da información sobre os sistemas de manexo do gando vacún" di Juan Castro, e isto si que é imperdoable. O citado Borrador ..."parte de datos incorrectos para facer os cálculos de emisións do sector de vacún de leite xa que non aparece información sobre o tempo que pasan as vacas e a recría de leite en pastoreo"... isto para tódalas vacas de leite e recría tanto de Galicia coma da Cornixa Cantábrica.

No artigo publicado na revista Campo Galego deste 12 de outubro pasado Juan Castro alude ós datos reais de pastoreo publicados polo CIAM, derivados dun proxecto financiado polo INIA no que participaron centros de investigación de toda a Cornixa Cantábrica, e Navarra.

<http://ciam.gal/pdf/informeinia.pdf>

Neste proxecto conclúese que:

1) O 61,2% das explotacións declararon realizar pastoreo con algún ou tódolos grupos do rabaño leiteiro (vacas en lactación, vacas secas e novelas).





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2) Horas diarias de pastoreo das vacas en produción: max. 5,9 h no verán e mínimo 2,9 h no inverno, sendo significativamente menores as horas de pastoreo nas explotacións de maior tamaño

3) A superficie media pastada por explotación polo rabaño de vacas lactantes foi de 4,9 ha, representando o 30,0% da SAU e que ascendería a un total de 80,8 mil ha para o conxunto da zona Norte.

Tendo en conta os datos “reais” de pastoreo publicados neste informe, estímase que se reducirían as emisións aproximadamente nun 30% sobre as publicadas para o vacún de leite, o que equivalería, xa neste momento, a unhas reducións de emisións similares a que en toda España xa se estivera aplicando o sistema de baixas emisións de “mangueiras arrastradas” por tódolos gandeiros.

Por outro lado para o cálculo das emisións, os "expertos" do Ministerio nin teñen en conta as características climáticas de Galicia, no referente a temperaturas, nin as características dos nosos solos e a súa alta capacidade de intercambio catiónico que os fai menos propensos ás emisións de amoníaco. Claro que cando se fala de abonos químicos si se ten en conta esta diferenciación climática.

O Borrador ignora as boas prácticas agrícolas como efecto redutor destas emisións e que sería altamente saudable o seu fomento e xeralización ademais do seu mínimo custo económico. Entre elas estarían a promoción do pastoreo e a extensificación que tería outros beneficios, ademais da redución de emisións, como a menor dependencia de insumos exógenos aumentando a produción de pasto e o benestar animal.

O dimensionamento adecuado das fosas e a súa cubrición permitiríano-lo abonado cando o precisan os cultivos, no momento óptimo e non cando a fosa está chea,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

podendo así axusta-lo balance de nutrientes. Claro que isto reduciría o consumo de abonos de síntese e aí asoma o lobo as orellas...

O enterrado do xurro inmediatamente logo da súa aplicación, a formación de costra nas fosas... Son outras das prácticas agrícolas a fomentar antes de punir e obrigar a facer inversións millonarias e reformas drásticas que levarían ó endebedamento insostible dunha alta porcentaxe das explotacións de vacún galegas.

Se na elaboración do borrador houbo contactos coas CCAA desde este grupo parlamentario temos curiosidade polos informes presentados pola representación galega e as puntualizacións feitas diante o descoñecemento da realidade da gandaría galega amosada polo equipo socialista do goberno do estado que repite o mesmo descoñecemento amosado pola anterior ministra, esa vez do PP, sra. Tejerina.

Cremos que debemos asumir dunha vez o liderazgo dos sectores do leite e da carne de vacún (55% do estado) e actuar en consecuencia desde as nosas institucións.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-- Que alegacións, se é que as houbo, presentou o goberno galego ó Proxecto de Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios, e de non habelas que negociacións houbo entre o Ministerio e a Consellería de M. Rural ó respecto deste proxecto nas que se fixesen vale-las necesidades dos sectores afectados e os prexuízos que lles podería causar?

--Que datos se utilizaron, e de que procedencia na defensa dos intereses do sector gandeiro de Galicia ?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

--Foron contestadas as alegacións presentadas pola Xunta ó MITECO no ano 2019, ó borrador do Programa Nacional de Control de la Contaminación Atmosférica (PNCCA) onde se obrigaba ó sector de vacún de leite a reducir as emisións nun 45%, e no seu caso, por que non foron tidas en conta?

--Como afectará este decreto na condicionalidade para o cobro da PAC e a que tipo de penalizacións se enfrontarán os gandeirxs galegx por espaxe-lo xurro co plato?

--Cantas explotacións galegas contan neste momento cos apeiros de baixa emisión de amoníaco, cantas non o teñen e cal é o desembolso económico que terán que facer os gandeiros galegos para cumprir este decreto?

--Ten pensadas o goberno galego algunha estratexia de defensa dos sectores de leite e carne de vacún fronte a agresión que supón o futuro Real Decreto polo que se establecen normas para a nutrición sostible dos solos agrarios tal e como se formula no seu borrador?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 13:05:11

María González Albert na data 12/01/2021 13:05:15

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 13:05:25





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre o anticipo do pago das axudas da PAC.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste ano 2020 moitas explotacións gandeiras foron sacudidas pola pandemia COVID-19 ao descender a actividade no terciario, fundamentalmente na restauración (canle "Horeca"), así como no sector hoteleiro e turístico.

É sabido que ao non manterse a demanda habitual, pero si a oferta, un sector que está a sufrir en carne viva, entre outros/as, é a gandería, xa que os animais que están en crecemento para a súa venda inmediata non tiveron saída, mentres había que seguir satisfacendo as súas necesidades de alimentación e mantemento.

A Xunta de Galiza vén tendo por costume pagar o primeiro tramo da PAC do ano en curso entre as CCAA que máis tarde pagan, cuestión que non ten xustificación dende o punto e hora en que estes fondos corren a cargo de Europa e, polo tanto, é diñeiro que non pon a propia comunidade, sendo esta simplemente intermediaria.

Por outra banda, tamén é sabido que de Europa vén un fondo de 24 millóns de euros para paliar en certa medida as penurias causadas pola COVID co fin de evitar o peche de moitas explotacións de carne dada a caída do prezo da mesma.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Exposto o anterior vemos que, a sabendas de que o sector cárnico en xeral está a sufrir unha profunda crise derivada da situación epidemiolóxica que estamos a vivir, a Xunta de Galiza non procede aos pagos correspondentes ás axudas directas da PAC senón que tampouco implementa ningún sistema para axilizar os pagos relacionadas coas compensacións COVID.

É doado concluír que o que acontece é que as familias que viven desta actividade están a sufrir penurias económicas para manter o "stock" de produción dada a particularidade de que este estocaxe está vivo e isto significa que o sector se atopa en perigo.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que feito diferencial económico ten Galiza con CCAA como Andalucía ou Castela-A Mancha e outras, para que alí se pague en outubro e aquí en decembro?

- Que acontece coas axudas directas COVID-19, en que fase está o proceso de tramitación administrativa? ¿Que organismo da Consellería de Medio Rural se vai encargar da súa execución, seguimento e control? ¿Cando pensan facelo público e cando teñen previsto facelo efectivo?

- Adolece a Consellería de Medio Rural e o FOGGA (Fondo Galego de Garantía Agraria) de falta de recursos e de medios humanos para a xestión coa axilidade debida destes fondos?

- Ao seu xuízo, pódese facer algo dende a Consellería de Medio Rural para remediar esta demora?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

Maria González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 13:08:43

María González Albert na data 12/01/2021 13:08:47

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 13:08:55





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Mercedes Queixas Zas, Manuel Lourenzo Sobral e Daniel Castro García, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 4ª,** en demanda de información sobre o estado de conservación da capela de Oza (A Coruña) e o seu uso social e cultural por parte da veciñanza.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A Capela de Santa María de Oza é unha importante representación do patrimonio da cidade da Coruña, como igrexa románica datada no século XII, aínda que sufriu posteriores reformas nos séculos XVII e XVIII.

Para alén do seu valor artístico, esta capela fai parte da historia da Coruña, nomeadamente dos barrios comprendidos no antigo e colindante Concello de Oza, hoxe integrado no da Coruña.

Esta capela, titularidade do SERGAS, xunto co faro próximo e os lenzos das antigas murallas que aínda a envolven, fan parte do conxunto histórico-artístico do Sanatorio de Oza.

Na actualidade é un dos edificios máis antigos do concello, está desacralizada e en desuso e presenta un estado de conservación deficiente con pintadas nunha das paredes de pedra, descuchados e humidades nos laterais, tellas soltas e suciedade ao seu redor.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ao pé da portada principal fican os restos dun cruceiro datado no S. XVIII, coa cruz desaparecida, moi probabelmente roubada.

Desde hai tempo a veciñanza dos barrios próximos vén demandando a recuperación da capela para o seu uso social e cultural, así como a restauración e coidado do patrimonio artístico do conxunto formado pola capela, o faro e as murallas de Oza.

En resposta ao grupo municipal do BNG do Concello da Coruña, o goberno local afirmou ser coñecedor do estado da capela, así como da demanda social da Asociación Veciñal Oza-Gaiteira-Os Castros para o uso colectivo e a dinamización cultural do barrio, procedendo a dar traslado desta situación e petición ao SERGAS sen ter recibido resposta.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 4ª :

- É coñecedora a Xunta de Galiza do deficiente estado de conservación da capela de Oza e do conxunto histórico do que fai parte?
- Que actuacións ten previsto desenvolver neste importante espazo patrimonial?
- É coñecedora da demanda da veciñanza dos barrios próximos para o seu uso social e cultural?
- Ten recibido as demandas canalizadas desde o goberno municipal do Concello da Coruña?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Ten o SERGAS estudado algunha fórmula de cesión deste espazo desacralizado e sen uso ao concello para facilitar o seu goce pola veciñanza dos barrios próximos, tal e como demanda a asociación veciñal de Oza-Gaiteira-Os Castros?

- Que propostas valoran desde o goberno galego que permitan combinar a debida conservación deste espazo patrimonial co goce social e cultural da veciñanza?

Santiago de Compostela, 07 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Mercedes Queixas Zas**

Daniel Castro García

Manuel Lourenzo Sobral

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Manuel Antonio Lourenzo Sobral na data 12/01/2021 13:24:30

Daniel Castro García na data 12/01/2021 13:24:33

Mercedes Queixas Zas na data 12/01/2021 13:24:41



Á Mesa do Parlamento

Borja Verea Fraiz, Marta Nóvoa Iglesias, Cristina Sanz Arias, José Antonio Armada Pérez, Ovidio Rodeiro Tato, Miguel Tellado Filgueira e Sandra Vázquez Domínguez deputadas e deputados pertencentes ao Grupo Parlamentario Popular, ao abeiro do disposto nos artigos 98, 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **Pregunta oral en Comisión 6ª Industria, Enerxía, Comercio e turismo polo trámite de urxencia.**

Xustificación da urxencia.

A urxencia ven motivada pola necesidade de que o Goberno Galego explique canto antes a súa posición sobre un tema de gran interese na nosa Comunidade Autónoma.

Dentro da planificación de liñas de axuda da Axencia de Turismo de Galicia, establécese a destinada á mellora de infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia. Esta liña de actuación se ven convocando dende o ano 2018.

As liñas xerais da axuda van encamiñadas á mellora de accesibilidade, adquisición de mobiliario para o funcionamento dos establecementos, a súa climatización ou tamén a mellora xeral das instalacións para obter a certificación de calidade ou incremento da categoría do establecemento, en especial a Q de Calidade Turística; ou actuacións para incrementar a clasificación do establecemento e elevar a súa categoría.

Poderán ser beneficiarios das subvencións os establecementos turísticos de aloxamento incluídos no Rexistro de Empresas e Actividades Turísticas da Xunta (REAT), con especial incidencia nas pequenas e medianas empresas do sector.

A Estratexia do turismo de Galicia 2020 plasma o marco de traballo en materia turística para o período 2017-2020 e aborda as necesidades dos axentes dos distintos ámbitos do sector turístico galego.



No eido do turismo, os establecementos de aloxamento inciden directamente na configuración das exixencias de calidade dos servizos turísticos. Por iso a Xunta de Galicia puxo en marcha esta liña de axuda para a adaptación das infraestruturas e instalacións destes establecementos a través da incorporación de elementos de sustentabilidade e accesibilidade e a renovación das infraestruturas cara á modernización e a implementación dos standars de calidade demandados polo mercado.

Dentro deste marco é precisa a colaboración no ámbito público e privado para o impulso, xestión, ordenación e innovación deste sector, polo que procede a convocatoria de liñas de axuda para incentivar a mellora das instalacións e infraestruturas dos establecementos de aloxamento co fin de consolidar unha oferta turística de calidade, como un referente da imaxe de Galicia a nivel global e cun gran valor estratéxico na economía galega.

Por todo o exposto, os deputados e deputadas asinantes, formulan a seguinte pregunta oral:

Cumprido xa case un trienio dende a posta en marcha da liña de axudas destinada á mellora de infraestruturas dos establecementos turísticos de aloxamento e de restauración da Comunidade Autónoma de Galicia, cal é a valoración que se fai dende a ATG da súa evolución, e repercusión do mesmo nos establecementos turísticos galegos?

Santiago de Compostela, 12 de Xaneiro de 2021.



Asinado dixitalmente por:

Borja Verea Fraiz na data 12/01/2021 13:33:16

Marta Nóvoa Iglesias na data 12/01/2021 13:33:37

Cristina Sanz Arias na data 12/01/2021 13:33:48

José Antonio Armada Pérez na data 12/01/2021 13:34:16

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 13:34:33

Miguel Ángel Tellado Filgueira na data 12/01/2021 13:34:50

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 13:35:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Paloma Castro Rey, Julio Torrado Quintela, Pablo Arangüena Fernández, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputadas e deputados pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.ª, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

A expansión do coronavirus ou covid-19 afectou a tódolos sectores profesionais, por non falar da influencia e transformación social que está a provocar.

A xestión de residuos e, máis concretamente, a xestión de residuos sanitarios entra dentro destes cambios, a necesidade de materiais de protección para combater o virus en contornos sanitarios, sociais e domésticos fixo que este tipo de residuos aumentara notablemente.

Dende o Goberno de España ditouse no mes de marzo a Orde 271/2020, do 19 de marzo, pola que se establecen instrucións sobre xestión de residuos derivados da covid-19, mantendo as competencias nas comunidades autónomas para adoptar as medidas que estime necesarias.

En Galicia, a segunda ola da pandemia xerou, máis de 69.800 quilos de residuos sanitarios de baixo risco (buzos, luvas, máscaras que se desbotan e asimilables). Segundo fontes de Sogama, case 70 toneladas, procedentes de centros adscritos ao Sergas, entre o 23 de novembro e o 18 de decembro. Unha cifra 7,38 % maior ca da primeira ola (65.000).

A pesar disto na nosa comunidade non se elaborou ningún protocolo ou regulación específica que estableza directrices sobre a xestión destes residuos, o sistema de almacenamento ou de tratamento dos mesmos, senón que a Xunta de Galicia remite a mesma a instrución estatal ou aplica a normativa galega vixente en materia de residuos sanitarios que é do ano 2015.



Por todo o exposto, as deputadas e os deputados que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Vai elaborar a Xunta de Galicia unha regulación específica para a xestión dos residuos derivados da covid-19?
2. Existen en Galicia, normas específicas sobre o tratamento, depósito e desprazamento dos residuos derivados da covid-19?
3. Ten pensado a Xunta de Galicia dar conta da forma na que se están a xestionar estes residuos?
4. Ante o notable incremento destes residuos, ten a Xunta de Galicia, capacidade para a xestión dos mesmos ou fan falla actuacións extraordinarias?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2021

Asdo.: Paloma Castro Rey
Julio Torrado Quintela
Pablo Arangüena Fernández
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputadas e deputados do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Paloma Castro Rey na data 12/01/2021 13:57:07

Julio Torrado Quintela na data 12/01/2021 13:57:15

Pablo Arangüena Fernández na data 12/01/2021 13:57:22

Rúa do Hórreo, s/n, Parlamento de Galicia. 15702 SANTIAGO DE COMPOSTELA
Tif: 981 551 530 · gp-socialista@parlamentodegalicia.es





Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2021 13:57:33

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 13:57:42





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Luis Bará Torres, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre as razóns da ampliación de horarios de actividade dos locais de xogo e apostas sobre os de hostalaría e restauración.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No apartado 2º do art. 6º da Orde de 29 de decembro de 2020 da Consellaría de Sanidade pola que se modifica a Orde de 3 de decembro de 2020 na que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en Galiza establécese que nos ámbitos territoriais nos que resulte de aplicación as medidas correspondentes a un nivel de risco medio-alto o día 31 de decembro de 2020 que os clientes dos locais de xogo e apostas deberán abandonar o establecemento antes das 23,00 horas.

Na mesma Orde preceptúase que o horario de peche dos establecementos de hostalería e restauración de localidades declaradas en nivel de risco medio-alto será as 18,00 horas, sen que se estableza excepción algunha para o día 31 de decembro de 2020. Mesmo na devandita Orde límitase o horario de apertura destes locais de hostalería en vilas e cidades de nivel de risco básico e medio para o día 1 de xaneiro de 2021 non podendo abrir os establecementos antes das 11,00 horas.

Esta medida de discriminación positiva a favor dos locais de xogo e casas de aposta, na liña doutras moitas, mesmo de carácter fiscal, que está adoptar o Goberno do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Partido Popular están incentivar que os contactos e reunións sociais se realicen en locais de xogo no canto de bares ou restaurantes destinados a tal fin, sen que se explicitaran razóns sanitarias que puideran abeirar tal decisión.

A importancia dos sectores atinxidos pola decisión, así como da poboación suxeita á mesma – Vigo, Ferrol, Narón, O Porriño, Redondela, A Rúa, Pontevedra, Marín, Poio, Cangas, Carnota, Vimianzo, Zas, Camariñas, Sarreaus, Mazaricos, A Guarda, Tomiño, O Rosal, A Pobra do Caramiñal...-; e a ausencia da explicación das razóns sanitarias e/ou epidemiolóxicas en que se poda sustentar unha medida que favorece o xogo e as apostas, co evidente risco que implica, cumpra dunha precisa e clara xustificación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª :

Entende o Goberno Galego que existe algunha razón sanitaria ou epidemiolóxica que permite unha maior laxitude nos horarios de funcionamento de establecementos de xogo e casas de apostas sobre os locais, interiores ou exteriores, de hostalaría?

Considera a Xunta de Galiza que as concentracións de persoas no interior de casas de xogo e apostas implica un menos risco de contaxio que en locais de hostalaría?

Que razóns de interese público xustifican as medidas de fomento e de discriminación positiva das que se está a beneficiar o sector do xogo e das apostas en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Luis Bará Torres

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2021 16:12:02

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 12/01/2021 16:12:05

Xosé Luis Bará Torres na data 12/01/2021 16:12:13





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carme González Iglesias, Ramón Fernández Alfonso e Daniel Pérez López, deputados e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 6ª**, sobre as razóns da ampliación de horarios de actividade dos locais de xogo e apostas sobre os de hostalaría e restauración.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

No apartado 2º do art. 6º da Orde de 29 de decembro de 2020 da Consellaría de Sanidade pola que se modifica a Orde de 3 de decembro de 2020 na que se establecen medidas de prevención específicas como consecuencia da evolución da situación epidemiolóxica derivada do COVID-19 en Galiza establécese que nos ámbitos territoriais nos que resulte de aplicación as medidas correspondentes a un nivel de risco medio-alto o día 31 de decembro de 2020 que os clientes dos locais de xogo e apostas deberán abandonar o establecemento antes das 23,00 horas.

Na mesma Orde preceptúase que o horario de peche dos establecementos de hostalería e restauración de localidades declaradas en nivel de risco medio-alto será as 18,00 horas, sen que se estableza excepción algunha para o día 31 de decembro de 2020. Mesmo na devandita Orde límitase o horario de apertura destes locais de hostalería en vilas e cidades de nivel de risco básico e medio para o día 1 de xaneiro de 2021 non podendo abrir os establecementos antes das 11,00 horas.

Esta medida de discriminación positiva a favor dos locais de xogo e casas de aposta, na liña doutras moitas, mesmo de carácter fiscal, que está adoptar o Goberno do





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Partido Popular están incentivar que os contactos e reunións sociais se realicen en locais de xogo no canto de bares ou restaurantes destinados a tal fin, sen que se explicitaran razóns sanitarias que puideran abeirar tal decisión.

A importancia dos sectores atinxidos pola decisión, así como da poboación suxeita á mesma – Vigo, Ferrol, Narón, O Porriño, Redondela, A Rúa, Pontevedra, Marín, Poio, Cangas, Carnota, Vimianzo, Zas, Camariñas, Sarreaus, Mazaricos, A Guarda, Tomiño, O Rosal, A Pobra do Caramiñal...-; e a ausencia da explicación das razóns sanitarias e/ou epidemiolóxicas en que se poda sustentar unha medida que favorece o xogo e as apostas, co evidente risco que implica, cumpra dunha precisa e clara xustificación.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 6ª :

Entende o Goberno Galego que existe algunha razón sanitaria ou epidemiolóxica que permite unha maior laxitude nos horarios de funcionamento de establecementos de xogo e casas de apostas sobre os locais, interiores ou exteriores, de hostalaría?

Considera a Xunta de Galiza que as concentracións de persoas no interior de casas de xogo e apostas implica un menos risco de contaxio que en locais de hostalaría?

Que razóns de interese público xustifican as medidas de fomento e de discriminación positiva das que se está a beneficiar o sector do xogo e das apostas en Galiza?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: Carme González Iglesias

Ramón Fernández Alfonzo

Daniel Pérez López

Deputada e deputados do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Daniel Pérez López na data 12/01/2021 16:11:32

Ramón Fernández Alfonzo na data 12/01/2021 16:11:37

María do Carme González Iglesias na data 12/01/2021 16:11:49





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e Maria González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** relativa aos mercados de proximidade.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Tras a declaración do estado de alarma unha das maiores preocupacións, ademais da sanitaria, era a de asegurar o abastecemento de alimentos da poboación minimizando os riscos de contaxio e garantindo o abastecemento o tempo que durase esta situación excepcional e despois da mesma.

A rápida prohibición de celebración de feiras e mercados locais e o feito de facer recaer todo o peso do abastecemento de alimentos e produtos básicos nas cadeas de alimentación e supermercados desatou inmediatamente a polémica nos sectores produtivos do País.

O goberno en funcións da Xunta de Galicia, de man do PP opta por continuar na liña política de favorecer as grandes distribuidoras de alimentos e rematar cos espazos abertos e dinamitar a relación de confianza entre produtor e consumidor.

O sector de venda directa e os asiduos ós mercados locais vense prexudicados e non atinan a comprender por que non se establecen protocolos de seguridade para que estes mercados non só teñan continuidade, senón que se incentiven coma espazos máis seguros e con máis garantías de calidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

¿Por que ás áreas comerciais e ós supermercados e hipermercados non se lles aplica a mesma lóxica que se empregou para o peche dos mercados locais? Hai que saír á rúa para ir e volver, dentro xúntase a xente en pequenos espazos...

Esta medida non ten xeito en materia sanitaria. O manufacturado en plástico e bandexas de polistireno non aseguran máis hixiene nin maior seguridade sanitaria.

En cambio si recoñecen aptitude na mercancía dos produtores de venda directa telefónica, online e no propio Mercaproximidade. ¿Por que logo nos mercados locais non?

O peche unilateral destes mercados sen consultar co sector e sen habilitar medidas compensatorias para as persoas afectadas que garantan a súa subsistencia polo cese da actividade, é dunha irresponsabilidade maiúscula, tal e como se amosou cando a Consellería decidiu acorda-lo peche dos mercados alimentarios de proximidade ata o 31 de marzo e preto de 40 organizacións galegas de diversos ámbitos fixeron público un manifesto pedindo a reapertura dos mesmo, preocupándose que dispoñan dos medios materiais e humanos necesarios para organizar e aplicar correctamente todos os protocolos de seguridade a que obriga a orde do 23 de marzo de 2020 sobre a venda directa de produtos agroalimentarios nos mercados.

A compravenda de alimentos estaba protexida dentro da situación de emerxencia sanitaria, permitíndose os desprazamentos a centros comerciais para a súa adquisición, mesmo con total liberdade horaria, tal e como reflexa o artigo 7 do Real Decreto 463/2020.

Se ben é certo que se recomenda non celebrar actividades ó aire libre, entre as que se incluíron as feiras e os mercados, a orde específica vai dirixida a aqueles eventos que puidesen chegar a concentracións de máis de 1.000 persoas, polo que os mercados





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

de proximidade que se celebran periodicamente en Galicia non entrarían neste suposto, non sendo incluídos tampouco estes espazos na relación de equipamentos e actividades con apertura ó público que quedaban suspendidos segundo o disposto no artigo 10 do Real Decreto 463/2020, do 14 de marzo.

Trátase logo dunha covardía máis ou da xa crónica falla de compromiso para co rural e a súa xente ou, é unha operación de maior calado do PP a favor das grandes distribuidoras alimentarias?

A nosa perplexidade é absoluta, e máis cando se constata que noutras comunidades autónomas se autorizaron expresamente e continuaron a celebrarse os mercados de proximidade con rixidas normas de seguranza e cos controis necesarios. Porén, gobernos como o de Catalunya e Euskadi obrigaron á reapertura dos mercados alimentarios de proximidade mantendo os estritos protocolos anti-Covid, sen necesidade de agardar polo visto bo do Ministerio de Agricultura.

Aquí non. O único que se lle ocorreu á Consellería de Medio Rural foi “...facer que facía...”, tomando unha medida propagandística que paradóxicamente se decide bautizar co nome de “MERCAPROXIMIDADE” e integrala nunha campaña de márketing institucional “VOU DE SUPERFEIRÓN”, onde se louva o esforzo infatigable dos nosos heroes e heroínas: gandeiros, agricultoras, apicultores, viticultoras, bodegueiros, queixeiras, ...ó tempo que se lle entrega o traballo dos nosos labregos e labregas subvencionado con fondos públicos, en bandexa de prata á gran distribución, sen posibilidade de negociación no prezo. Un “trágala” maquillado onde debemos amosar gratitude a un “Goliat” que devora ó noso “Davide”, co beneplácito da Consellería de Medio Rural.

Porén, en lugar de elaborar un protocolo que regulase as diferentes facetas destes mercados locais imprescindibles para a continuidade da actividade agrogandeira,





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

toma contacto coas distribuidoras (tentando rematar co que proclama defender), para incorporar ós pequenos produtores no mercado lineal. O coronavirus serve así de pretexto para conseguir ese fin: que a única venda posible sexa por medio de grandes distribuidoras e que o resto sexa residual, nunha relación abusiva onde o produtor non ten ningún peso na negociación na cadea agroalimentaria.

O mercado local proporciona non só alimentos de calidade e confianza, senón tamén a planta necesaria para asegurar o abastecemento futuro da poboación tanto en modalidade de autoconsumo coma de venda.

E de todos/as é sabido que os labores do campo ou se fan no seu tempo ou son tempo e colleitas perdidas, e sen mercado que proporcione a planta de temporada este dito pode ser unha realidade que manque o abastecemento no verán.

Polo que se ve, o goberno do PP non quere aprender dos erros cometidos. As mascariñas, produto imprescindible no combate á pandemia son fabricadas a millares de quilómetros, outro tanto acontece cos insumos básicos para manter a alimentación do noso gando de leite e carne nas modalidades de vacún, porcino, avícola... en réxime de produción intensiva e tal acontece tamén coa alimentación humana. A Xunta pois, desobedeceu as recomendacións da UE que aconsellaban permitir a libre circulación de bens de primeira necesidade como os alimentos. Esta prohibición favoreceu ós de sempre, ás grandes cadeas da distribución, cando obxectivamente, os últimos estudos científicos aseguran que a venda directa de alimentos é máis segura que a súa comercialización en supermercados pechados e en moitas ocasións ateigados de consumidores e con escasa ventilación.

O proceso debería ser o inverso: a preocupación por unha alimentación saudable de procedencia local que amosa unha parte crecente da sociedade é hoxe unha oportunidade para mudar unhas políticas agrícolas feitas, ata agora, a medida do





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

agronegocio, e para colocar os problemas das labregas e dos labregos e do rural enriba da mesa, como os prezos baixos, unha cadea alimentaria na que a industria e a distribución manteñen unha posición abusiva, a necesidade de apoiar as producións sostibles, os servizos públicos de calidade no rural, que se protexa a terra agraria ou que se garanta que os pequenos produtores poidan producir alimentos saudables cunha remuneración xusta.

É pois o momento de iniciar campañas de apoio a este comercio de proximidade e unha aposta clara pola extensión da actividade agrogandeira que nos encamiñe ao logro dun auto abastecemento básico de alimentos e produtos de primeira necesidade para a poboación galega. A tan de moda, agora que se lle ven os dentes ao lobo, soberanía alimentaria. Por maior calidade nos alimentos, por maior seguridade sanitaria, por desenvolvemento económico, por fixación de poboación no rural... por xestión do territorio.

Esta crise debera servirnos para recupera-lo prestixio que tiña este tipo de actividade mercantil da horta á mesa, o protagonismo do campo propio, na conformación dunha sociedade moderna.

Non será por falta de coñecementos, nin de xente disposta, nin por escaseza de terra ou climas adversos... De todo isto, coñecementos, xente disposta, terra e microclimas amables... temos en abundancia, soamente nos falta intencionalidade e vontade política a favor do pobo galego.

A propia ONU afirma que senón se atende a saúde humana, animal e ambiental como se dunha soa se tratase, seguirán a xurdir novos brotes zoonóticos que provocarán enormes pandemias, polo que a defensa da soberanía alimentaria convértese na menciña fundamental para evitar que isto suceda.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cal é a razón pola que o goberno galego opta por suprimir os mercados locais argumentando falta de seguridade na crise sanitaria da Covid19 e declara esenciais os puntos de venda de alimentos nos supermercados e cadeas alimentarias?

-Ten pensado o goberno galego algún tipo de medidas que corrixa o abandono dos sectores produtivos que conforman o comercio de proximidade de alimentos e produtos básicos?

-Que medidas pensa tomar para potenciar o autoabastecemento de alimentos de cara a conseguir nun futuro próximo unha soberanía alimentaria que se amosou estratéxica en crises coma a do coronavirus?

-Vai facilita-la compra pública de alimentos e fixar uns mínimos nos contratos públicos coa administración autonómica para apoiar ós pequenos produtores locais e de paso mellora-la nutrición e alimentación nestes centros públicos: hospitais, escolas, residencias de maiores, etc..?

-Cando pensa da-los pasos necesarios para implementa-los mercados de proximidade que garantan á cidadanía o acceso a bens esenciais?

-Que medidas está a adoptar na actualidade a Consellería de Medio Rural e a Xunta de Galicia no cumprimento da aplicación estrita da Lei de Cadea Alimentaria de Galicia para que se paguen prezos xustos en orixe e as industrias e distribuidoras non aproveiten a crise para especular cos mesmos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Que medidas económicas compensatorias pensa tomar para paliar as perdas causadas ó adoptar o peche dos mercados agroalimentarios de proximidade?

-Como explica que “Mercaproximidade” se resume en facilitar o contacto entre as grandes distribuidoras e os pequenos produtores favorecendo ós primeiros e condenando ós segundos a un proceso de industrialización contra do que loitan desde hai tempo?

-Como explica a Consellería de Medio Rural que practicamente finalizado o actual período do Programa de Desenvolvemento Rural de Galiza (PDR 2014-2020), aínda non se implementase nin se executase nin un só euro na submedida 16.4 do PDR dotada con 4.520.000 euros e destinada á mellora das canles curtas de distribución e dos mercados locais?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

Maria González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 12/01/2021 11:51:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 11:51:16

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 11:52:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre os continuados cheiros nos terreos das antiga explotación mineira de Touro pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L. (TEN).

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Os problemas de contaminación da mina de Touro véñense arrastrando dende hai décadas e supoñen o maior problema ambiental que sofre o concello, coa contaminación dos terreos e dos ríos e regatos. A esta contaminación sumouse a derivada da actividade de xestión de residuos que dende o ano 2003 se esta desenvolvendo nos terreos das antiga explotación mineira pola empresa Tratamentos Ecolóxicos do Noroeste, S.L. (TEN).

Esta nova actividade, lonxe de servir para recuperar e rexenerar os terreos, como era un dos seus obxectivos iniciais, supuxo que este espazo se convertese en realidade nun macrovertedoiro que sumou un novo problema ambiental moi grave derivado da mala praxe na actividade de xestión de residuos e do depósito de grandes cantidades destes nas entulleiras da antiga mina que realiza esta empresa, que provocan episodios continuos de pestilencia que alcanza aos núcleos de poboación do entorno.

Este problema vense sufrindo desde que TEN iniciou a actividade e, lonxe de se arranxar, agrávase por momentos sometendo aos veciños dos lugares máis próximos a





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

unha situación que en determinados momentos e segundo as condicións climáticas e a dirección do vento faise insostible. A intensidade dos olores xera, non só un problema ambiental, senón un problema de calidade de vida e de risco para a saúde dos veciños e veciñas.

A actividade da empresa está provocando un descenso da calidade de vida de toda a poboación afectada, especialmente das parroquias de Loxo e Fonte Díaz (Touro) e Cebreiro (O Pino), xa que a mala xestión dos residuos e a conversión dos terreos da antiga mina nun inmenso vertedoiro, sen que haxa control, nin das cantidades nin dos tipos de refugallos que alí se depositan, imposibilitan que poidan desenvolver unha vida normal.

O BNG leva denunciado en innumerables ocasións esta situación desde que se iniciou a actividade con mocións no Parlamento español, no Parlamento galego, no concello de Touro, con reunións con veciños/as e recollida de sinaturas, con denuncias ao Seprona, etc.

O goberno municipal, se ben reconece o problema, nunca o considerou de primeira orde e nunca tomou a iniciativa de maneira enérxica e decidida, como para esixirlle á empresa o cumprimento das condicións que se contemplan na Avaliación Ambiental Integral (AAI) nin á Xunta a súa función de inspección sobre as súas actividades.

A A.A.I., outorgada o 8 de xullo de 2015 pola Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental, establece unha serie de condicionantes referidos aos cheiros, tal e como a realización de olfatometría dinámica por unha entidade acreditada pola ENAC e, en función dos resultados desta, levar a cabo todas as accións necesarias para diminuír a xeración de olores e un plan de vixilancia e control de olores. Así mesmo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

propón unha serie de melloras técnicas dispoñibles para evitar os malos olores nos núcleos de poboación.

Por outra banda na AAI tamén se contempla a revisión das condicións recollidas na mesma unha vez pasados catro anos dende as conclusións sobre as mellores técnicas dispoñibles.

Vemos por tanto que non se están a cumprir as condicións que se impuxeron na autorización que no seu momento outorgou a Secretaría Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental e que as administracións que tiñan que velar para que se cumprisen tampouco desempeñaron o seu cometido.

Nin sequera a empresa cumpre coas súas propias obrigas e recomendacións. No seu informe anual de 2018 recoñece que non se realizaron tódalas accións recollidas no plan de melloras (ampliación da superficie cuberta, implantación sistema aireación ou recubrimento do parque de tecnosolos, sistema de regos en vias...).

Propón tamén que cando se detecte un episodio de olor estableceranse as medidas correctoras que o reduzan e o eliminen nun corto espazo de tempo, o que evidentemente non se cumpre segundo se desprende dos propios datos que o citado informe recolle. Neste informe referido ao control de olores dos anos 2015 e 2017 constátase que a concentración dos mesmos do ano 2017 aumentou en catro dos cinco puntos mostrados respecto ao ano 2015.

Tamén se observa o mesmo no libro-rexistro de olores onde entre abril de 2017 e xaneiro de 2018 se rexistran continuos episodios de malos cheiros en Loxo e Touro, moitos deles de varias horas de duración.

Episodios de fedores que continúan ano tras ano, especialmente intensos nos meses de verán, derivados das altas temperaturas e da dirección dos ventos dominantes





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

e que supoñen xa non só un problema ambiental, senón tamén un problema de saúde pública dada a intensidade, duración e pestilencia.

É evidente que ningunha actividade empresarial pode provocar un problema ambiental e de saúde pública tan severo e continuado, e que se por parte da empresa non se procede ao cumprimento de todas e cada unha das condicións da súa autorización, deben ser as administracións públicas as que actúen. O Concello como administración máis achegada e afectada no seu labor de vixilancia, e a Xunta de Galiza na súa función de control e de capacidade coercitiva para coa empresa.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- É coñecedor o goberno galego da existencia de fedores pestilentes que emanan da mina de Touro e da empresa TEN?
- Ten feito algunha inspección e tomado algunha medida ao respecto?
- Cales foron as modificacións recentes da AAI da empresa TEN?
- Tense feito por parte do goberno galego algunha olfatometría en períodos de cheiros pestilentes nas poboacións afectadas polo problema?
- Ten previsto o goberno galego instalar estacións de calidade do aire nas zonas de maior episodios de olores?
- Que tipos de control dos depósitos de tecnosolos que se están a realizar polas entulleiras se teñen feito de parte do goberno galego para verificar que estes cumpren





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

coas condicións recollidas na Instrución Técnica de Residuos (ITR 01/08) da Dirección Xeral de Calidade e Avaliación Ambiental referente a elaboración de Tecnosolos?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 16:36:24

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 16:36:33

María González Albert na data 12/01/2021 16:36:46





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o Consello Agrario Galego.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O desleixo con que o Goberno galego trata todo o referente ao mundo rural e a súa articulación laboralponse de manifesto na de facto ilegalidade en que se encontra o Consello Agrario Galego que na súa composición non reflicte a realidade actual, 18 anos despois das últimas eleccións sindicais.

Coa Lei 1/2006 de 5 de xuño créase o Consello Agrario Galego coma órgano que asume e articula as relacións entre a Administración Galega e as organizacións profesionais agrarias, recoñecéndolles tamén o papel de vertebración democrática do mundo rural segundo explica a exposición de motivos da mesma.

O artigo 1º desta Lei define ao Consello Agrario Galego como un órgano permanente de participación, asesoramento, diálogo e consulta da Administración galega en materia agraria e máis en desenvolvemento rural.

O artigo 4º, que versa sobre a composición do mesmo, establece que estará integrado por vintecatro membros, dos que doce correspóndenlle ás “organizacións agrarias máis representativas de Galiza”.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Seguindo pois a Lei convocáronse as primeiras eleccións democráticas no agro galego que se celebraron o 26 de maio de 2002 e determinaron como as máis representativas das organizacións profesionais agrarias constituídas en Galiza as de Xóvenes Agricultores (XXAA), Unións Agrarias (UUAA) e Sindicato Labrego Galego (SLG).

Mais desde a constitución do Consello Agrario Galego (CAG), no 2006, a realidade do agro galego ten mudado, e ten mudado moito, tanto o mundo rural coma as organizacións agrarias. De feito unha das que facía parte do mesmo desapareceu, en concreto Xóvenes Agricultores.

Vemos pois que no que respecta ás organizacións que formaban parte inicialmente o CAG, téñense producido grandes variacións polo que a situación actual do mesmo non ten nada que ver coa situación de partida, encontrándose, nestes momentos nunha situación anómala, deixando de cumprir o que dispón o artigo 4º da propia lei en canto á composición do mesmo na representación das organizacións profesionais agrarias.

Por outra parte o artigo 5º determina que o pleno do CAG terá de se reunir, como mínimo, en sesión ordinaria catro veces por ano.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Como ten previsto solucionar o funcionamento anómalo do CAG en canto á composición do mesmo?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Como ten previsto medir a representatividade das distintas organizacións agrarias presentes actualmente no agro galego?
- Está a reunirse o CAG de acordo co establecido no artigo 5º da lei do Consello Agrario Galego?
- Que criterios está a seguir a Consellaría do Medio Rural para establecer o diálogo e a representatividade debida coas organizacións e entidades agrarias?
- Por que non hai mesas de diálogo, xerais e sectoriais, con presenza de tódalas organizacións e entidades agrarias, en tanto non se resolve a situación falsa representatividade na que se encontra o Consello Agrario Galego?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 12/01/2021 16:42:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 16:42:16

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 16:42:24





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cando a severidade e frecuencia dos incendios é elevada o lume conduce ao medio natural cara un proceso de degradación debido á perda da cuberta vexetal. Esta situación podería desembocar nun proceso de empobrecemento ou perda do potencial biolóxico do solo, proceso global definido como desertificación.

Unha vez calcinada a terra nos solos prodúcense escorrentías que afectan directamente aos recursos produtivos, con especial afección aos recursos hídricos, á flora, a fauna, as infraestruturas...

Os voluntarios e voluntarias, os veciños e veciñas poden realizar algunhas accións de restauración e recuperación dos ecosistemas calcinados; mais estes traballos son unha obriga das distintas Administracións públicas, obrigas e prioridades recollidas nas súas normativas legais, directivas, consellos...

Unha vez afectado un monte por un incendio forestal é preciso e urxente levar adiante intervencións a curto prazo realizando os traballos precisos –segundo o caso– que eviten a erosión, o estragamento dos solos, a perda de biodiversidade, a protección das infraestruturas...





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A máis longo prazo, tanto Goberno central como a Xunta de Galiza, teñen a obriga de aprobar planos especiais aplicando as medidas de restauración-recuperación dos montes afectados por incendios forestais que sexan precisos, pondo en marcha planos de restauración hidrolóxico-forestais co fin de minimizar os danos e para recuperar, na medida do posíbel, os ecosistemas afectados.

É bo lembrar que os estudos científicos reflicten que as perdas medias de solo, dependendo da orografía e estado da vexetación, poden acadar até 50 toneladas por hectárea e ano. No conxunto da Península Ibérica calcúlase que o 44% do territorio está afectado por algún tipo de perda de solo por erosión e máis de 9 millóns de hectáreas están afectadas por eivas erosivas graves.

Na actualidade, é múltiple e diversa a lexislación aplicábel para a recuperación de áreas queimadas; lexislación de ámbitos estatal e europeo máis tamén galego como a Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza e a Lei 7/2012 de Montes de Galiza.

Así, o artigo 49 da **Lei 3/2007, de prevención e defensa contra os incendios forestais de Galiza**, fala en relación ao mantemento e restauración dos terreos incendiados:

1. ...unha vez rematada a época de perigo alto de incendios forestais, a Administración autonómica galega promoverá a elaboración dun mapa de riscos, asociados aos incendios forestais do último período, no que se concretarán as zonas sensibles á erosión, a afección sobre os cursos e recursos hídricos, forestais e pesqueiros e as infraestruturas.

Así mesmo promoverá a adopción de mediadas urxentes e de colaboración cos afectados polos incendios forestais para levar a cabo nas zonas de actuación





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

prioritaria e que serán acometidas polos diferentes departamentos ou consellerías competentes... Actuacións para a conservación dos ecosistemas naturais, dos recursos forestais, hídricos e do solo e en medidas destinadas a

rexeneración dos terreos...

2. Este mapa de riscos será elaborado por unha comisión de carácter interdepartamental, na que estarán representadas as diferentes consellerías con competencias nos sectores afectados polos incendios forestais...

3. O Consello da Xunta de Galiza poderá declarar de utilidade pública... así como para a realización de calquera actuación destinada a protección hidrolóxica...

Mentres que o Artigo 64 da Lei 7/2012, de montes de Galiza; medidas de restauración.

A Administración forestal establecerá, en caso necesario, medidas de obrigado cumprimento encamiñadas a restaurar os montes afectados por incendios forestais, catástrofes naturais, vendavais, pragas, enfermidades ou outros eventos... As ditas actuacións de restauración terán consideración de interese xeral, e poderán declararse de utilidade pública cando concorran razóns de urxencia que así o xustifiquen...

E o Artigo 65 da mesma lei de Montes fai referencia á Restauración hidrolóxico-forestal.

1. A restauración hidrolóxico-forestal terá como fins prioritarios a recuperación da funcionalidade dos ecosistemas forestais, a loita contra erosión, a xestión, conservación e mellora dos recursos hídricos, a estabilidade dos terreos e a protección de infraestruturas de interese xeral.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

2. A Administración forestal poderá declarar zonas prioritarias de actuación en materia de control da erosión e da restauración hidrolóxico-forestal atendendo preferentemente aos montes protectores, así como os terreos forestais, que se atopen nalgún dos seguintes supostos:

- a) Terreos afectados por incendios...*
- b) Terreos que xeren ou se atopen en risco de desprendementos...*
- c) Terreos que se atopen en risco de sufrir graves episodios de erosión...*
- d) Terreos procedentes de explotacións mineiras históricas...*
- e) Outros terreos afectados por fenómenos ou causas meteorolóxicas antrópicas, bióticas...*

3. Os plans, proxectos, obras e traballos de corrección ou restauración hidrolóxico-forestal que sexan precisos para a recuperación das zonas prioritarias de actuación poderán ser declarados de utilidade pública...

Tendo en consideración todo o anterior, observando a inacción dos últimos anos nas que tanto a Xunta de Galiza como o Estado non levaron adiante ningún plano específico para as zonas calcinadas polos incendios forestais, diante dunha evidente falla do cumprimento da lexislación básica por parte das Administracións públicas, o desleixo, a falla de medidas urxentes, o incumprimento legal das obrigas ao non por en marcha plans de restauración/recuperación das zonas afectadas polos incendios forestais. Tendo en consideración a anomia institucional e o esquecemento dos gobernantes, temos asistido unha e outra vez a situacións nas que a sociedade concienciada do país realiza actuacións urxentes de forma voluntaria intentando





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

minimizar os efectos erosivos, a destrución dos solos, a contaminación dos ecosistemas fluviais, a protección da biodiversidade, do patrimonio natural...

Mais dada a superficie calcinada/estragada polos incendios forestais as labores realizadas de forma voluntaria polas comunidades propietarias de montes e por distintas asociacións non é suficiente, resulta imposible actuar en todos os ecosistemas afectados polo que é urxente que a Xunta de Galiza abandone a súa política de inacción e abandono.

Por todo o anteriormente exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

- Que traballos está a levar a cabo a Consellaría do Medio Rural para cumprir coa lexislación vixente en materia de recuperación de zonas afectadas polos lumes?

-Existe un plano específico de recuperación máis aló de determinadas medidas de urxencia para intervir nas zonas máis afectadas polos lumes deste 2020? En que consiste?

-Que orzamento ten previsto adicar a Consellaría do Medio Rural para estes traballos de recuperación?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do B.N.G.

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 16:39:58

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 16:40:01

María González Albert na data 12/01/2021 16:40:11





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, Carmen Aira Díaz e María González Albert,, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**, sobre o prezo do leite.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Inleit comunícalle a 146 gandeiros unha modificación á baixa do contrato asinado antes da Covid

Un total de 146 gandeiros galegos que entregan a súa produción á nova planta de Inleit de Teixeiro acaban de recibir unha comunicación na que a industria ...

Esta nova saltaba á prensa a primeiros de xullo deste ano. Inleit, esa empresa coa que o PP quere fachendear que vai facer o labor que debera facer ese tan desexado Grupo Lácteo, que para o PP é unha quimera e para nós unha necesidade básica, dábanos a primeira pista do seu papel no panorama da industria láctea en Galiza.

Nada se move para ben no sector do leite. Todo é vello. As tendencias continúan manténdose nunha firmeza que alimenta a apatía no sector, a entrega a unha situación vella de perda de explotacións, aumento en número de cabezas nas que quedan, base territorial insuficiente ao número de cabezas, na maior parte delas, e sobre todo uns prezos por quilo de leite que nos discriminan se os comparamos cos do resto do estado e cos europeos.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O leite que se produce en Galiza ten, en xeral, uns parámetros de calidade superiores aos doutros lugares do estado. Non hai razón obxectiva, pois, para que os prezos que ofrecen as industrias en Galiza sexan inferiores, a non ser que se deba á oportunidade de facer negocio a costa da suor dos produtores galegos en base á cantidade de leite no mercado, ou (que tamén pode ser) que a debilidade estrutural do sector, a dependencia de procesados alleos e o desinterese do goberno galego pola súa saúde fagan del albo fácil para as industrias depredadoras.

Así, Lactalis-Puleva, industria que recolle no noso país o 20% do leite producido ofrecía aquí contratos para o 1 de marzo con prezos á baixa mentres en Francia aumentaba o mesmo nun 7,5%.

As condicións ofrecidas neste contrato impiden a subida de prezos e afastan aos produtores das tendencias alcistas continuadas do mercado. E este é o grande perigo porque as demais industrias estaban á espera, ao axexo, para medir as súas ofertas aos seus produtores pola rebola de Lactalis.

O bloqueo provocado polas industrias que operan con prezos semifixos ao longo do ano impide que as explotacións galegas se beneficien das recuperacións do mercado. Este bloqueo aumenta a diferenza por quilo entre Galiza e o resto do estado e sitúanos á cola desde hai xa anos.

E así, nos contratos presentados pola maioría das industrias que operan en Galiza inclúese un recoñecemento expreso de que o prezo, digamos, "*pactado*" é superior aos custos de produción.

Conteñen tamén cláusulas que vulneran a legalidade en clave de práctica extorsiva mafiosa proponendo a morosidade dun mes e que non foi, que nós saibamos, sancionada polo de agora. Hai outras que fan referencia á gardar unha confidencialidade





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

abusiva e que pretenden evitar que os gandeiros descontentos denunciem diante das organizacións agrarias situacións de abusos contidas no contrato. En definitiva, prácticas *mafiosas* en toda regra..

Porque topamos coa Lei da Cadea Alimentaria, verdadeira lei de apuñalamento do agrario. Teoricamente recolle a necesidade de que a venda dos produtos non sexa nunca inferior aos custos de produción dos mesmos pero na práctica... nada resolve e permite trampas descaradas.

No apartado j) do artigo 9.1 da Lei 12/2013 de Medidas para Mellorar o Funcionamento da Cadea Alimentaria referíndose aos contratos di o que segue:

" Indicación expresa de que o prezo pactado entre produtor primario agrario, gandeiro, pesqueiro, forestal ou unha agrupación destes e o seu primeiro comprador, cobre o custo efectivo de produción."

E quen é o encargado de fixar ese prezo dun xeito obxectivo que non permita variacións interesadas e facilite unha negociación equilibrada?

Quen debe arbitrar esta negociación atendendo a que non se produzan abusos da parte máis forte á máis feble, neste caso o produtor primario?

A ausencia dun referente obxectivo de custe de produción que marque o tope mínimo a negociar, a ausencia dun estudo real destes custes e a falla dun mecanismo de arbitraje de parte da Administración galega fai que o sector estea a vontade da industria e da distribución.

Existe, pois, unha extorsión continuada ao sector leiteiro galego cando a industria, polo mesmo produto e coas mesmas calidades paga menos deste lado do río Navia chegando a diferenza ós 4cts.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Na AGACAL existen mecanismos de investigación que poden fixar custos de produción de xeito obxectivo que poderían servir de referencia para as negociacións onde a Administración Autonómica debера ser a arbitrase necesaria que evitase este cúmulo de arbitrariedades que erosionan o sector.

Non pode o Goberno galego na lexítima función de defensa dun sector produtivo esencial para a vida do noso rural, intervir cos medios de presión que ten ó seu alcance para arbitrar e mediar entre industria e produtores?

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

Cal é o posicionamento do Goberno galego diante da Lei 12/2013 de la Cadena Alimentaria e as súas modificacións que pensa acometer o goberno do Estado?

É partidario o Goberno galego do establecemento dun prezo mínimo referencial derivado de estudos obxectivos de custos de produción nas negociacións dos contratos entre produtores lácteos e industria?

É sabedor o Goberno galego das prácticas mafiosas da industria en xeral incluíndo cláusulas abusivas nos contratos e forzando a que o produtor asine un recoñecemento de que o prezo ofrecido supera os custos de produción?

Cales son as accións de mediación que toma na actualidade o Goberno galego nas relacións entre industria e produtores lácteos?

Que mecanismos de presión exerce na defensa dos produtores nestas relacións?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é a razón pola que suprimiu a Mesa do Leite e renunciou ao seu labor
lexítimo de arbitrase nas relacións ente produtores e industria?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Carmen Aira Díaz

María González Albert

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 16:51:08

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 16:51:11

María González Albert na data 12/01/2021 16:51:20





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre a investigación das causas e o desenvolvemento dos incendios forestais no Macizo Central e no Xurés.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Parlamento de Galiza ten debatido en múltiples ocasións cales son os motivos polos que arde o noso país. Moitas veces temos a impresión de que só interesan as causas deses lumes cando estes son noticia pola dimensión que acadan pero pouco ou nada fai o Goberno da Xunta de Galiza para facer unha análise pormenorizada do que acontece realmente nas zonas de inicio dos mesmos. Así ano tras ano, campaña tras campaña, resulta lacerante a reiteración da actividade incendiaria nos mesmos concellos e parroquias.

Esta realidade, semella, debía levar á administración galega a facer unha análise pormenorizada do que acontece neses espazos determinados. Para a realización desas labores existen en Galiza distintos corpos e entidades con competencia para investigar os lumes desde distintos ámbitos e enfoques:

- Policía Autonómica: con competencias en materia de medio ambiente e investigación dos lumes forestais





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Guarda Civil e Seprona, con competencias en medio ambiente e investigación dos lumes forestais

- Axentes Facultativos dos 19 Distritos Forestais, con competencia en materia de investigación das causas dos lumes forestais

- Exército do Estado Español que mediante a campaña “Centinela”, desprega un sistema de vixilancia nos montes galegos.

- A propia Consellaría do Medio Rural cunha rede de vixilancia a través de torres con persoal, sistema de vixilancia audiovisual e drons.

Pese a toda a exhibición de medios que o conselleiro do Medio Rural non se cansa de recalcar en cada comparecencia pública o certo é que até o de agora a Xunta de Galiza non ten podido -ou sabido- atallar os lume recorrentes no Macizo Central mentres que tanto o conselleiro como os distintos cargos públicos do goberno galego, cando son preguntados polo tema, limítanse a afirmar que se trata “dun problema de orde público xerado por unha panda de desalmados incendiarios” (declaracións en La Región o 27.07.2020).

Esta explicación recorrente non semella suficiente para explicar a transcendencia que tiveron os lumes deste verán nos concellos do Bolo, Chandrexa de Queixa, Laza, Manzaneda, A Pobra de Trives, Viana do Bolo, Vilariño de Conso, Larouco, Vilar de Barrio, Baños de Molgas, Maceda, Castro Caldelas, Montederramo, Muíños, Lobios, Entrimo, Bande, Lobeira, Calvos de Randín e Cualedro.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cales son as conclusións dos resultados da investigación dos distintos lumes forestais que tiveron lugar nos concellos do Parque Natural da Baixa Limia-Xurés e nos Concellos do Macizo Central e Cualedro neste verán 2020?

Que indican os datos parametrizados dos lumes producidos neses mesmos concellos desde o ano 2010?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**

Carmen Aira Díaz

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 16:53:49

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 16:53:53

María González Albert na data 12/01/2021 16:54:05





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Carmen Aira Díaz e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7^a,** sobre as condicións laborais e a falta de recursos dos vixilantes forestais do Servizo de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O Plan de Prevención e Defensa Contra os Incendios Forestais (PLADIGA) é un sistema complexo no que moitas patas diferentes terían que conxugarse para protexer ao noso país dun dos grandes focos de destrución dos nosos montes: os lumes forestais.

Dentro do PLADIGA 2020 establécense como labores dos vixilantes fixos do SPDCIF as seguintes:

- *Observarán o campo para a localización de posíbeis focos de lume, situaranos e transmitiranos ao CCD ou, no seu defecto, ao CCP.*
- *Manexarán e observarán as imaxes das cámaras de vixilancia para localizar posíbeis focos de lume.*
- *Terán coñecemento dos equipos de comunicación e do seu manexo, de acordo coas normas establecidas para a transmisión.*
- *Colaborarán na transmisión de mensaxes.*





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- *Informarán ao CCP ou CCD de calquera incidencia que puidera ocorrer no seu entorno.*
- *Segundo as situacións de risco, poderá ser destinado/a a realizar outras funcións administrativas vinculadas á prevención e defensa contra incendios forestais.*
- *Será responsable, na súa quenda de traballo, do mantemento e adecuado funcionamento do punto de vixilancia.*
- *Observará e cumprirá as normas de seguridade e prevención de riscos laborais.*
- *Aqueloutras tarefas que se van desenvolver tanto no ámbito da extinción como no da prevención segundo as necesidades que en cada momento sexan prioritarias e recollidas na Resolución do 20 de outubro de 2008, da Dirección Xeral de Relacións Laborais, pola que se dispón o rexistro, o depósito e a publicación do convenio colectivo único para o persoal laboral da Xunta de Galicia. (D.O.G. Nº 213 do 3 de novembro de 2008).*

A rede de puntos de vixilancia está constituída polos postos de vixilancia localizados en edificacións ou instalacións aprobadas pola Consellaría do Medio Rural que consta actualmente de 44 postos de vixilancia segundo se determina no Anexo 6 do PLADIGA 2020 que, ao tempo, afirma que “A dotación de medios humanos na Rede de puntos de vixilancia dimensionarase segundo as necesidades do servizo e con vixilantes repartidxs en quendas de traballo na época de maior perigo de incendios, reducíndose a presenza de persoal nas épocas de perigo baixo e moderado”.

Con estas premisas sería sinxelo deducir que as e os vixilantes forestais son un persoal chave na detección precoz dos lumes para evitar a súa propagación e facer que a





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

súa afección sexa ao menor número de hectáreas posíbeis mais, tamén, para detectar actividades sospeitosas nos montes que eviten ou freen, en momentos determinados, até o seu mesmo inicio.

Porén, a teimuda realidade insiste en demostrar que para a Consellería do Medio Rural xs vixilantes forestais semellan ser unha peza menor que non merece traballar coas mínimas condicións necesarias para exercer a súa labor.

Así, ao sucesivo e paulatino peche de casetas de vixilancia únese a evidente escaseza de persoal (repercutido tamén pola falta de emisoristas con moitas prazas sen cubrir) cunha OPE (a última e insuficiente – só 75 prazas) publicada no DOG do 4 de marzo de 2019 e aínda hoxe sen efectivizar.

Esta inacción e deixadez de funcións á hora de celebrar as OPEs convocadas deriva nunha deficiencia constante no servizo ao non cubrir as prazas sen cubrir de emisoristas (por baixas máis non só), facendo que moitas veces, xs vixilantes teñan que baixar ás oficinas deixando as casetas sen persoal en época de alto risco.

Na práctica atopámonos cunhas e cuns profesionais que carecen de dotación de medios públicos: con malos accesos ás torres de vixilancia, usando na maioría dos casos o seu vehículo particular e sen emisora para os seus desprazamentos desde a súa vivenda até o posto de traballo cos evidentes problemas de seguridade que isto supón tendo en conta que a maior parte das torres de vixilancia están situadas en lugares solitarios e de difícil acceso.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por que non se arranxan as pistas de acceso ás torres de vixilancia para evitar accidentes nos desprazamentos dos/das profesionais do servizo de vixilancia forestal?

Por que non se dota aos/ás vixilantes de incendios dunha emisora portátil para os seus desprazamentos entre a caseta e o seu domicilio?

Por que non se dota aos/ás vixilantes de incendios de un vehículo do parque móbil da Consellería e se lles obriga a desprazarse co seu vehículo particular?

Por que non se reabren as casetas de vixilancia que están recollidas no PLADIGA como se estivesen en funcionamento pero campaña tras campaña continúan sen abrirse?

Ten a Consellaría do Medio Rural algunha previsión para a efectivizar a convocatoria da OPE publicada no DOG en marzo do ano pasado ou de convocar unha nova que sirva realmente para cubrir as faltas de emisoristas e de vixilantes das casetas hoxe pechadas así como das que non contan coas/cos 4 vixilantes precisos para cubrir o servizo e que, en termos xerais, dea estabilidade ao persoal e ao servizo en xeral?

É esta falta de medios e persoal un paso previo para algún plan da Xunta de Galiza para substituír aos vixilantes de incendios por medios tecnolóxicos como cámaras ou drons?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **María González Albert**
Carmen Aira Díaz





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Xosé Luis Rivas Cruz
Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María González Albert na data 12/01/2021 16:58:04

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 16:58:08

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 16:58:18





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Cada vez que unha xeadada tardía, un trebón con pedrazo, un ataque de mildeu desmesurado... unha pasaxe onde as perdas agrarias raian na catástrofe xorde o debate sobre axudas directas ou axudas ós seguros agrarios.

Chegados a este punto o posicionamento da Xunta de Galicia do PP é tan incomprendible que chegamos a preguntarnos se non haberá algún xeito de negocio polo medio.

Dise que o sistema de seguros agrarios no estado español nace na chamada Transición a raíz dos Pactos da Moncloa e que foi unha ensalada aliñada pola Dirección General de Seguros e Facenda que montaron todo sen contaren cos clientes, labregos/as e gandeiras/os.

Desta maneira os agricultores e as agricultoras cobren entre o 55% e o 35% da prima do seguro e o resto está subsidiado polo Estado e os gobernos autónomos.

Trátase pois dun pool que copa todo o mercado, situación esta que agacha un monopolio real ó ser Agroseguro a única opción de asegurar aspectos agrarios na actualidade.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tal vez sexa esta condición de única opción quen leve a Agroseguro a non flexibiliza-las características das pólizas para adaptalas ás diferentes realidades agrarias e gandeiras do estado. E así os labregos e gandeiras galegos, unha vez máis, séntense discriminadas debido ós anacronismos e irregularidades que provocan que os seguros agrarios en Galicia teñan unha porcentaxe de pólizas tan exiguu.

Para que un invernadoiro asegurado poida optar ó resarcimento de perdas ocasionadas polo vento, este non pode supera-los 70km/hora porque para Agroseguro máis desta velocidade é temporal e xa non paga, co cal o agricultor se non se declara zona catastrófica queda sen cobertura. Claro que en Galicia episodios con ventos de máis de 70km/hora son frecuentes ó longo do ano.

Se asegura o cultivo de pataca so se contempla unha colleita cando é frecuente que en zonas de Galicia se dean dúas. Tamén no caso dos invernadoiros é Agroseguro quen marca as características dos mesmos pasando de seren instalacións (facilmente desmontables) a construcións con zapatas de cemento riostradas nas cabezas que precisan de proxecto, colexio de arquitectos etc. En Galicia os invernadoiros móntanos os agricultores e non unha empresa especializada e o seguro así non dá cobertura.

Pero o colmo da arbitrariedade está en que un agricultor que subscriba unha póliza sobre fincas e que sexa directivo ou membro dun Tecor queda excluído do agroseguro.

Son tales as arbitrariedades para coa realidade de Galicia froito do descoñecemento das singularidades dos nosos sectores agrícolas e gandeiros que a subscrición de pólizas é mínima a pesar dos intentos da administración por aumentar esta porcentaxe.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por todo o exposto fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

--Sabe o goberno galego das arbitrariedades que supoñen para os sectores agrogandeiros de Galicia as condicións que son normais noutras realidades agrarias das pólizas de Agroseguro ?

--Vistas estas ten o goberno galego disposición de presionar sobre os agroseguros para que adapten as súas pólizas á realidade galega?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:03:40

María González Albert na data 12/01/2021 17:03:44





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:03:55





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre as feiras e mercados tradicionais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Dous días ao mes, en cada entidade maior de poboación (xeralmente a capital de concello), celebrábanse as feiras e os mercados na nosa terra onde tiñan cabida toda caste de produtos de todo tipo de procedencia.

Eran lugar de intercambio dos chamados excedentes agrarios dunha sociedade autárquica e non tan pechada en si mesma coma se quere facer crer hoxe. A eles asistían coa cesta na cabeza as mulleres das aldeas coa quincena de queixos, ovos, carne, fabas, patacas, grao... e regresaban co sal, azucre, arroz, pementón, pastas, teas, etc...

Á feira ía o gando, maior e menor, cestos e cestas, ferreiría, un par de zocas, *O Gaitero de Lugo*, pandeiretas... Todo tiña cabida. Todo canto a sociedade precisaba para a vida. Todo canto se podía mercar e vender. Feiras tan lonxegas como As San Lucas en Mondoñedo, a Feira de Santos en Monterroso ou a Feira de Gando do San Froilán en Lugo.

Tiñan tamén cabida toda clase de charlatáns (inventores da propaganda “agresiva”) e tamén os amigos do alleo sobre os que todos e todas iamos ben instruídos da casa para non caermos nas súas mañas e engados.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A medida que os tempos foron avanzando e vestidos de neon e embalados en plástico foron aparecendo os hipermercados, centros e áreas comerciais afianzados por grupos económicos que co uso da propaganda cientificamente agresiva foron desprazando ás feiras, prazas de abastos, mercadiños e mercados onde os produtores digamos de baixo “standing” tiñan e teñen aínda o seu lugar.

A pandemia da Covid materializou a pouca consideración que lle merecen ás autoridades e modernidades na actualidade este tipo de comercio de proximidade, e así unha das primeiras medidas tomadas foi a súa prohibición inmediata a favor dos puntos de venda dependentes de grandes cadeas de alimentación en aras dunha hipotética protección sanitaria da poboación e alegando o argumento dos bens esenciais.

Pois iso, que nestes mercados e feiras reais, “de proximidade” non se venden bens esenciais. Os clientes asiduos a Mercadona, Froiz, Gadis, LIDL ou a tendas e comercio de alto copete ignoran a importancia que feiras e mercados teñen na economía do rural e prefiren achegarse a un superfeirón ficticio argallado pola Consellería de Medio Rural para entregarlle en bandexa de prata a soberanía alimentaria ao elo da distribución.

A reacción diante dos peches foi por parte dos produtores/as primarios/as, decotío, apostar pola venda de cestas de alimentos a domicilio, que se incrementou, coa chegada de nova clientela e o reforzo da fidelidade da xa existente.

Un cliente importante tiñano na hostalaría que, a pesares de reabrir, fíxoo con afluencias limitadas e mercado menos, e os pedidos de grupos de consumo baixaron, polo que se apostou por buscar alternativas de vender cestas de produtos frescos a domicilio.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No eido institucional, houbo concellos que aproveitaron o confinamento para pechar mercados nos que non crían, mentres outros fixeron todo o posible para mantelos abertos, destacando o de Allariz que, a través da negociación política, foi o único municipio galego quen de manter o seu Mercado da Reserva da Biosfera aberto durante o estado de alarma e o confinamento.

Dende o primeiro momento entenderon que manter os nosos mercados abertos, como o da Biosfera ou a feira semanal, facilitaban o acceso a produtos de primeira necesidade, un dos principais obxectivos fundamentais durante o estado de alarma, poñendo produtos de producións locais (de quilómetro cero) a disposición da poboación, mediante venda directa, sen intermediarios.

Adaptaron todos os protocolos sanitarios dende un principio: mantemento de distancias, desinfección mans e calzado nas entradas, elementos de separación para que a xente non puidese tocar os produtos, e dispensador de números para evitar aglomeracións e colas.

Porque non so dan saída e moven os produtos alimentares primarios e elaborados artesanalmente senón que dan vida ao comercio local da vila ou viliña onde se celebran sendo de vital importancia para o tecido comercial do rural.

Non houbo misericordia ningunha co rural e así a maioría dos concellos, amosando unha covardía impropia de quen ten o deber de defender o propio e o próximo, suprimiron dun tallo o que crían seu problema e asunto resolvido.

A nivel político, dende a Xunta de Galicia non hai interese en promover espazos para comercializar directamente produtos da terra. Creo que consideran marxinais e prescindibles o grosso do pequeno produtor local. E aínda que hai concellos que si





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

apoian activamente a comercialización directa, como o mencionado caso Allariz, por desgraza son as excepcións que deberan converterse nas maiorías.

En xeral, o desinterese é total, e coas medidas contra a Covid moitos concellos aproveitaron para dar un paso de xigante de cara a obstaculizar e mesmo suprimir este tipo de mercados. Sendo como son as feiras e mercados uns espazos máis seguros e polo xeral ao aire libre ou ben ventilados para vender nunha situación de pandemia, foi absurdo ver como foron os primeiros en ser pechados e os últimos en poder abrir.

Desde o BNG coidamos que son horas de restaurar o sentido común e instar ao Goberno galego a necesidade de que elabore protocolos que regulen estes eventos en ben da seguridade sanitaria e que non paralice a cada vez máis minguada actividade mercantil das feiras e mercados.

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

Cal é a consideración que lle merecen ó Goberno galego as feiras, mercados e mercadiños de proximidade?

Cal foi a razón pola que diante do estado de alarma de marzo deste ano actuou de cómplice na supresión de feiras, mercados e prazas de abastos co beneplácito da Subdelegación do Goberno do Estado español ata practicamente a última semana de confinamento durante a primeira ola da pandemia?

Ten algún xeito de protocolo de seguridade sanitaria que regule a actividade desta modalidade comercial?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Vai tomar algunha medida para reactivar esta actividade comercial que evite o seu esmorecemento?

Como explica a Consellaría do Medio Rural que a estas alturas de PDR 2014-2020, a submedida 16.4 destinada ao fomento de canles curtas de distribución e mercados locais e dotada con 4.520.000 euros teña un 0 % de execución?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:15:26

María González Albert na data 12/01/2021 17:15:30

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:15:38





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre a concentración parcelaria.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Galicia perdeu nos últimos 30 anos máis de 150.000 hectáreas produtivas, un 20% da súa superficie agraria útil, e ten neste momento preto de 900.000 hectáreas a mato, unha parte delas cunha moi boa aptitude produtiva, cando paradoxicamente moitas das explotacións agrogandeiras que seguen en activo teñen precisamente na escaseza de terra dispoñible un dos principais freos á súa actividade.

Co 6% do total da superficie rústica do Estado, Galiza concentra o 28% do número total de fincas existentes no Estado español. A nosa terra ten 11 millóns de parcelas rústicas pertencentes a 1,6 millóns de propietarios, o que quere dicir que dous de cada tres galegos/as posúen cando menos unha finca rústica. Polo tanto, cada propietario na nosa comunidade conta de media con 6,6 parcelas e a parcela media non chega aos 2.500 metros cadrados de superficie.

A persistencia destes graves déficits estruturais: a escasa superficie útil por explotación e o reducido tamaño das parcelas acerna irremediabilmente o crecemento do sector agrario galego.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Se ben se ten producido unha reestruturación do sector como consecuencia da desaparición de dúas de cada tres explotacións nos últimos 30 anos, a situación da terra non mudou substancialmente, máis alá do incremento producido na superficie por explotación, motivado en grande medida polo efecto estatístico da notable redución no número de explotacións agrogandeiras.

Asemade, as reticencias tradicionais a figuras como o aluguer ou as dificultades para a mobilidade da terra, as causas de carácter cultural ou as motivadas por unha lexislación laxa, fan que unha parte das hectáreas das explotacións agrogandeiras que pechan non se transfiran ás que seguen en activo, pasando a unha situación de abandono ou forestación.

Se hai algo certo nos procesos de Concentración Parcelaria é que se trata dun lento e tedioso proceder que dura anos e anos que trunca as expectativas de mellora entre as xentes que o solicitan e que depositan esperanzas nesta modificación imprescindible das estruturas agrarias.

As primeiras concentracións parcelarias comezaron a facerse en Galiza na década dos 60 e 70, pero moitas parroquias de importantes zonas produtoras non teñen acometido aínda, medio século despois, ningún proceso deste tipo, ben por falta de interese e unanimidade veciñal, ben por falta de dilixencia da Administración, que é quen pilota estes procesos, nos casos de parroquias que teñen concentracións parcelarias solicitadas desde fai ducias de anos.

Na meirande parte das veces falamos de procesos en que a xuventude e expectativas da maioría dos propietarios de parcelas a concentrar foron esmorecendo ata chegaren á apatía, falta de vontade emprendedora e perda de 20 ou 25 anos nun interminable e tortuoso periplo que non conduce a ningures.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A velocidade con que se moven os cambios nas labores e maquinaria agrícola, os fertilizantes, as mudanzas de cultivos emerxentes, os mercados e posibilidades de investimentos sitúan as novas xeracións na incredulidade perante a futura reestruturación da propiedade agraria entendida como ferramenta esencial para a dinamización e fixación de poboación no rural.

Estes procesos de reestruturación da propiedade e modernización de infraestruturas son por tanto lentos, lentos, lentos... e moi farragosos. Ademais de deixar feridas fondas e conflitos sociais entre a veciñanza, que tardan moitos anos en curar.

A Xunta destina anualmente uns 20 millóns de euros a estes procesos de concentración parcelaria, regulada pola Lei 4/2015, de mellora da estrutura territorial agraria de Galiza, que tratou de axilizar estes procesos, pero na práctica non se está a solventar a problemática existente.

Entre 20 e 25 anos se sitúa a tardanza dos máis deles, tempo suficiente para o seu enquistamento e transmisión á sociedade rural da apatía con que se tratan as diferenzas entre propietarios/as e os recursos públicos que tras eses longos anos se volven incapaces de volver á sociedade o rendimento dinamizador para que foron destinados.

A pasada X Lexislatura, a prensa e propaganda do PP denominouna a “*bombo e platillo*” a *lexislatura do rural* e así tivemos que aturar nos argumentarios prepotentes con que o “Grupo Maioritario da Cámara” agasallaba á oposición afirmacións categóricas de que a fins desa X Lexislatura os procesos de concentración parcelaria en curso estarían finalizados.

E non foi así, Catoira, Figueiras, Vilvestro, San Bicenzo de Curtis, ou as 8 parroquias de Agolada, onde a plataforma “Queremos Parcelarias” elevou a queixa





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

formal ao Parlamento Europeo...e así, cen máis están agardando por unha maquinaria que non resposta, que é lenta, que actúa á defensiva, que crea problemas alí onde non os hai... e que invita á renuncia e ao desespero.

Un total de 104 parcelarias están neste momento sen rematar en Galiza, moitas delas iniciadas hai máis de 10 anos e noutros 17 casos as concentracións están rematadas agardando pola entrega dos títulos aos novos propietarios. Afectan en total a máis de 100.000 hectáreas de superficie, aínda que a meirande parte é superficie forestal, xa que só unha de cada tres concentracións parcelarias que se está a levar a cabo ten lugar en terreo agrícola.

O pequeno tamaño das parcelas e a súa dispersión é un dos principais problemas que lastra o desenvolvemento do sector agrogandeiro e forestal en Galiza, porén as concentracións parcelarias debían ter sido executadas hai 30 anos, cando a maioría dos propietarios eran tamén agricultores e gandeiros, hoxe hai que facelas só alí onde é máis urxente e se necesitan, porque son investimentos importantes que hai que asegurar para o fin para o que se fixeron, evitando que despois esas terras queden no abandono, se urbanicen ou se planten ilegalmente.

Podemos concluír, que tal e como está a executar a Xunta de Galiza o modelo da concentración parcelaria, unha das ferramentas clásicas de mellora da produtividade da terra e loita contra o minifundio, un problema endémico do noso agro, resulta moi pouco efectiva para ordenar o territorio galego no seu conxunto.

Incluso ata o pasado mes de outubro, o alcalde do PP no concello lugués de Friol, José Ángel Santos, esíxelle á Consellaría do Medio Rural que acometa de inmediato a concentración parcelaria da parroquia de Seoane e o núcleo de Mundín. Non se precisan máis palabras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

Cales son as dificultades reais para o retraso desmesurado nas respostas e solucións ás reclamacións na fase final dos procesos de concentración que fan que estes se prolonguen anos e anos de xeito indefinido?

Cantos e en que estado de execución están os procesos iniciados ou reiniciados na X Lexislatura?

Cales son as previsións que teñen a respecto da finalización dos procesos máis adiantados?

Cantas novas solicitudes están á espera de seren avaliadas para a posible iniciación da reestruturación?

Contempla o Goberno galego a continuidade do sistema tal e como está deseñado?

Vai amañar esta situación a tan cacarexada nova Lei de Recuperación e Posta en Valor de Terras Agrarias, que se tería que ter aprobado xa neste 2020 antes das eleccións ao Parlamento galego?

Son os prometidos polígonos agroforestais a panacea universal a este mal endémico minifundista que afoga o noso territorio e con el ó noso tecido produtivo?

Por que non se valora a posta en funcionamento de alternativas máis eficientes, como a promoción de permutas entre particulares e un favorecemento dunha maior exención fiscal?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:18:41

María González Albert na data 12/01/2021 17:18:44

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:18:53





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre a situación dos veterinarios e veterinarias nas campañas de Saneamento Gandeiro.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ninguén que coñeza e ame este noso país pode negar o espléndido estado sanitario da nosa cabana gandeira se o comparamos coa doutras partes do estado. Non é para negar tampouco os sacrificios que costou durante tantos anos de rigoroso control e eliminación de reses, perdas económicas, decepcións... mais con todos os defectos o resultado está aí.

Este labor preventivo de zoonoses ten protagonistas de primeira liña: os/as veterinarios/as. Traballo duro e condicións duras xustificadas pola natureza dos animais obxecto de saneamento.

Mais isto non pode ser desculpa para que esas mesmas condicións laborais raien a explotación e abuso debido á abondosa oferta de persoal laboral e á situación de preeminencia dunha empresa, Tragsatec e unha segunda patronal, o Goberno galego. Pois ao amparo da laxa lexislación laboral e das prerrogativas extraordinarias da empresa pública Tragsatec, os traballadores eventuais das Campañas de Saneamento Gandeiro sofren unhas condicións de traballo intolerables para os mundos que vivimos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

O accidente mortal de Jesús Deiros

O 28 de maio, nunha explotación situada en Chandevilar, no concello de As Nogais, produciuse o accidente laboral con resultado mortal do veterinario Jesús Deiros despois de ser alcanzado na cabeza pola corna dunha vaca ao realizar a lectura da proba da tuberculina.

Reparemos nunha serie de factores a ter en consideración neste desgraciado accidente:

1. A realización da proba da tuberculina no pescozo dos animais e a posterior medición do grosor da pel cun cutímetro aumenta os riscos:

Este xeito de realiza-la proba é o recollido no Anexo I do RD 2611/1996 e realízase sistematicamente dende fai uns anos (anteriormente realizábase na zona da escápula). Isto implica a manipulación dunha zona moi sensible dos animais e que se sitúa ao alcance das cornas no caso das vacas. A reacción de defensa por parte do animal en moitos casos só é evitable prendendo a cabeza do mesmo o cal, no caso de ser un só veterinario, soamente pode ser realizado polo gandeiro (polo que depende da súa vontade de colaboración, o que non sempre se produce do mesmo xeito). No caso de realizarse por dous veterinarios, un deles pode axudar a inmovilizar o animal mentres o outro o manipula.

2. A xestión da atención posterior dunha persoa accidentada é absolutamente vital:

Posteriormente ao accidente, o traballador remata o labor na explotación e finaliza o mesmo na aplicación de campo para smartphone FICADI antes de valorar o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

seu estado de saúde. Este feito só resulta comprensible se temos en conta o ambiente de presión pola realización do traballo que existe na empresa.

Soamente despois de remata-lo seu traballo na explotación Jesús toma consciencia das consecuencias do accidente ao comezar a sentir perda do equilibrio e perda de visión. Entón comproba que está a sangrar abundantemente pola cabeza e chama á persoa responsable para comunicarlle o acontecido, seguindo as normas da empresa.

A persoa responsable ordénalle que agarde á chegada doutros veterinarios da empresa para continuar o seu lote de traballo desa xornada e levalo a que lle presten atención sanitaria.

Jesús séntase no coche a agardar. Habendo dous compañeiros traballando a escasa distancia deste (10 min), a persoa responsable ordena acudir a un equipo situado a 45 min (preto de Piornedo, Cervantes).

O resultado xa o coñecemos. Cando chegaron xa estaba inconsciente e agonizando pola hemorraxia intracranial polo que nada puideron facer.

Por descontado que de estar acompañado e dispoñer dun/ha compañeiro/a que o trasladase con celeridade ao hospital de Lugo o resultado podería ter sido ben diferente.

Un traballo perigoso

Os traballos de campo relacionados coa realización de probas diagnósticas no marco das Campañas de Saneamento Gandeiro implican necesariamente uns altos niveis de riscos laborais ao se realizaren no 100% dun censo de animais extraordinariamente heteroxéneo no seu manexo e instalacións, máis incluso se estamos a falar, moitas veces, de animais bravos cun manexo e suxeición deficientes ou case inexistentes.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Esta é a complexa realidade da gandería susceptible de saneamento gandeiro, realidade que non está suficientemente recollida nin case contemplada na lexislación aplicable posto que as obrigas legais por parte dos gandeiros/as son case nulas a nivel de instalacións, pois a obriga de “poñer os medios necesarios ” do que fala o artigo 16 da Lei 8/2003 de Sanidade Animal no seu punto (b) non ten concreción e a súa interpretación na práctica é totalmente subxectiva.

Así mesmo, a obriga de “inmovilizar o gando que presente dificultades de manexo” recollida na Orde de 4 de abril de 1997 pola que se establecen as normas para o desenvolvemento das campañas de saneamento gandeiro das especies bovina, ovina e cabrúa tamén é un concepto pouco definido e subxectivo. Xa nin digamos nesa mesma orde cando fala de “*O gando que paste en liberdade estará reunido e inmovilizado en mangas, currais ou explotacións no momento de se realizaren as probas*”; calquera lugar pode ser considerado unha explotación!

Pensem que estamos a falar de animais de gran tamaño, cunha forza considerable e alterados por unha situación que lles resulta estraña e acosados por xente de fóra. A miúdo en explotacións pequenas en zonas illadas onde non hai medios axeitados para a súa inmovilización, onde os propietarios son xente de avanzada idade, achacosos e con poucos posibles físicos... o perigo vese incrementado.

Estas características do traballo entendidas como intrínsecas ó mesmo necesitan **unha base legal clara** (*os profesionais teñen que poder negarse a realizar o traballo mentres as instalacións ou o manexo non ofrezan unha garantía de seguridade*). Así mesmo, unha correcta política de prevención de riscos resulta imprescindible tanto á hora de previr coma despois de producirse un accidente, digamos, á hora de prestar auxilio.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Ignorar esta realidade e considerar o persoal veterinario como simples “animais de cargar sacos de patacas” converten a Tragsatec e á Consellaría do Medio Rural en responsables directos dos accidentes laborais que se levan producido polo absoluto abandono das súas responsabilidades.

Pensem no feito de obrigar ós/ás veterinarios/as a traballar individualmente:

Historicamente os traballos de Saneamento gandeiro foron sempre realizados por equipos de dúas persoas o cal é doado de comprender pola súa complexidade e perigosidade. A ninguén se lle ocorrería deixar a un traballador só e illado cando manexa maquinaria perigosa e impredecible.

Neste sentido o libro “Campañas de Saneamento Gandeiro 1993-1996” publicado pola Xunta de Galiza no ano 1997 di na súa páxina 33 en canto á organización das mesmas: *“A base organizativa actual no seu esquema xeral segue sendo a desenvolvida dende o ano 1989: O Servizos Centrais como órgano director técnico; Os Servizos Provinciais de Sanidade Animal como executores no nivel provincial e un veterinario coordinador para cada zona á fronte dun grupo de equipos de dous veterinarios que realizan o traballo de campo, asistidos polo Laboratorio Rexional de Sanidade Animal de Lugo e os dous centros de apoio seus en Guísamo (A Coruña) e Cabanas-Salcedo (Pontevedra) para os diagnósticos serolóxicos. Todo isto complementado polo traballo do persoal administrativo que informatiza e tramita os datos obtidos.”*

O mesmo razoamento se pode atopar ata o ano 2012 no “Manual de Actuacións do Programa de Sanidade Animal” da empresa Tragsatec.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Mais a teimosa realidade é ben diferente. Non é raro ver no saneamento un só veterinario, coa presa nos ollos, cos animais sen inmovilizar convenientemente, sen manga, e cun tempo tasado de tres minutos por res. Razóns? **A letra pequena da empresa e as ameazas continuadas.** Quen cuestione un tempo, unhas condicións de traballo perigosas, asista a unha reunión sindical... pasará á lista de apestados pola empresa e que non conten cun traballo (traballíño) para a próxima campaña.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

- É sabedor o Goberno galego das condicións terceiromundistas de traballo dos profesionais que realizan as Campañas de Saneamento Gandeiro a cargo da encomenda feita á empresa Tragsatec?

- Pensa tomar algunha medida ó respecto?

- E consciente de que sen un mínimo de condicións de suxeición das reses por medio de mangas ou calquera outro similar, os profesionais están indefensos ?

- Cal é a súa opinión a respecto do número de veterinarios mínimo por equipo?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

María González Albert





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:22:50

María González Albert na data 12/01/2021 17:22:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:23:14





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Xosé Luis Rivas Cruz, María González Albert e Carmen Aira Díaz, deputado e deputadas do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª**.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

As novas técnicas agrarias e os cambios na produción e conservación de forraxes animais para o inverno trouxo consigo a introdución e xeneralización do plástico como material imprescindible no proceso de ensilado. Tamén se botou man das rodas usadas de automóbil como elemento de presión dos silos.

Cálculos aproximados cifran en 9.000Tm. de plástico en forma de lona que se xeran anualmente nas zonas onde existe actividade agrogandeira das cales so se ven recollendo despois de ser usado arredor dun 50% tendo as outras un destino nada recomendable medioambiental e esteticamente.

Os máis dos concellos con explotacións gandeiras, pola súa conta e risco, vendo os problemas que xeraban estes plásticos, optaron por montar un servizo gratuíto de recollida e acopio para facilita-lo traballo das empresas de transporte e xestión e darlle traza ó problema.

A súa magnitude, a queima destes plásticos polos propios usuarios e sobre todo a proliferación destes por ríos, regatos, montes e leiras, máis a presión dos concellos





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

fixo que a Administración Autonómica tomase cartas no asunto e con fondos europeos establecese un programa de colaboración asegurando a recollida gratuíta.

O montante do gasto era unha cantidade irrisoria, 24.200euros.

Este programa de axuda institucional foi interrompido no 2.017 argumentando que xa os gandeiros e agricultores acadaran a concienciación suficiente do perigo medioambiental que supoñían estes restos e que o obxectivo estaba conseguido. Mais se so se retiraba un 50% quedaban arredor de 4.500tm que se repartían por montes, explotacións, camiños e vertedoiros incontrolados. O obxectivo, pois, non estaba acadado.

En novembro do 2018 presentouse unha iniciativa desde o BNG na Comisión 7ª chegándose a unha transacción co PP e un acordo unánime polo que a Xunta volvería financiar e tomar conta da recollida destes refugallos.

Con este sistema gratuíto chegábase a duras penas a recoller o 50% máis ou menos dos plásticos agrícolas xerados, ó finaliza-lo mentado programa volvemos velos nos contedores, cunetas das estradas, montes...

A realidade actual é que son os concellos con carga gandeira e agraria, con conciencia do problema e que xa viñan colaborando na recollida quen apeitaron co reto e continuaron coa recolla e transporte con cargo ás arcas municipais.

Nas empresas que se encargaban do seu tratamento, estes plásticos reconvertíanse en granza materia prima reutilizable que saía ós mercados internacionais e que era absorbida en grandes cantidades por China. Este mercado mudou, China deixou de comprar tanta cantidade e na actualidade esta granza que procede da reciclaxe ten pouca demanda baixando o seu prezo de xeito que, segundo parece, apenas cobre custos ás empresas que os tratan.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Nestes momentos ós custos de recollida e transporte hai que lle sumar que as empresas de tratamento cobran sobre 100 euros/tm por procesar estes residuos.

E o desafío está servido. Concellos que poñen taxas ou que afrontan gastos que a fin de ano se converten en cifras dificilmente asumibles. O concello de Lalín estimaba en 100.000 euros o desembolso anual por este concepto.

E as rodas? Que facer con elas?

Nestes momentos as rodas a xeito de pesos para mante-la lona dos silos premida caeu en desuso e comezan a apareceren en vertedoiros incontrolados, camiños, monte, e en calquera lugar creando outro problema medioambiental moi serio ademais do feísmo.

O feito demostrado cientificamente que os plásticos ó degradarse pode incorporarse en forma de micropartículas que poden pasaren á cadea trófica e seren incorporadas ata o organismo humano está facendo medra-la conciencia social do problema. Non obstante nestes momentos non é dabondo e o problema segue aí. Plásticos e rodas vellas son unha ameaza para a sostibilidade e equilibrio da terra agraria.

Por todo isto formúlense as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

-Cales son as razóns polas que o goberno galego ninguneou o acordo parlamentario de novembro do 2018?

-É consciente o goberno galego do problema medioambiental que representan os plásticos agrícolas non recollidos e as rodas que nun tempo próximo premían os silos?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

-Como controlou a recollida dos plásticos de orixe agrícola neste tempo en que non se axudou á mesma e cantas tm. se recolleron e cal cre foi o destino das que non se recolleron?

-Ten previsto tomar algunha medida a respecto destes residuos?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Xosé Luis Rivas Cruz**

Maria González Albert

Carmen Aira Díaz

Deputado e deputadas do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:27:32

María González Albert na data 12/01/2021 17:27:36

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:27:45





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre a execución do Programa de Desenvolvemento Rural.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Ao remate do anterior programa de desenvolvemento rural (2007-2013), e por razóns que descoñecemos, quedou sen executar unha porcentaxe, de ao redor do 5% do total pero que supuña un importante montante: 55.946.377 millóns de €, unha cifra que se elevaría a 74.000.000 m de € se aos fondos de Bruxelas se lle engade a parte que lle correspondería cofinanciar á Xunta de Galiza e ao Ministerio, cos que sen dúbida se poderían ter emprendido medidas que sería beneficiosas para o conxunto do rural galego.

Dado que estamos chegando ao remate final do programa 2014-2020 e atopamos medidas e submedidas cunha minúscula porcentaxe executada, étranos un temor xustifico a que quede desta volta tamén unha importante cifra, en millóns de €, sen executar.

Hai medidas que teñen executado o 3% do seu orzamento pero noutras a execución é do 0%, sería pouco argumentable que de tódolos fondos europeos que lle corresponden a Galiza e que necesitamos aquí para facer rendible o traballo agrícola, gandeiro e forestal en condicións de dignidade, quede unha parte sen investir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

A denominación xenérica dalgunha delas puidera facernos pensar que non é importante pero temos confianza plena en que se non o fora non estaría incluída no PDR galego.

Debemos pensar pois, a que achacamos a lentitude de execución desas medidas e submedidas, e prantéxansenos varias posibilidades, nomearemos un par delas:

-Falta de axilidade e compromiso político na toma de decisións para levar ao rural galego camiño do seu futuro.

-Falta de medios materiais e persoal suficiente para a xestión destas medidas, xa que o sistema público de asesoramento e xestión agraria está extenuado por falta de dimensionamento adecuado das plantillas.

Con estes 2 puntos non queremos dicir que non haxa máis causas, o que si temos claro é que deixar que o rural galego perda oportunidades por omisión, indolencia ou o que sexa é unha clara falta de respecto ao traballo rural e non axuda a dignificalo nin económica nin socialmente.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª:

Que acontece para que non se executen os orzamentos de tódalas medidas e submedidas dos programas de desenvolvemento rural?

Cal é o criterio que se usa para baleirar de contido as submedidas nas que a execución é mínima ou 0?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Tense avaliado o efecto de deixar sen executar parte dos fondos do PDR do período anterior e mesmo deste período?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:30:44

María González Albert na data 12/01/2021 17:30:49

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:30:56





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Carmen Aira Díaz, María González Albert e Xosé Luis Rivas Cruz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre as oficinas agrarias comarcais.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Neste novo milenio a agricultura e gandería tiveron que adaptarse progresivamente a novas formas de traballo, tanto no desenvolvemento agrario como nos trámites burocráticos precisos para levar adiante os requirimentos administrativos das explotacións agrogandeiras.

Evidentemente a solicitude de fondos que veñen de Europa a través da PAC, requiren dunha atención e duns trámites administrativos que fan que sexa preciso asesoramento cualificado e profesional a través de distintos órganos de asesoramento e xestión.

Cada negociación dun novo regulamento da PAC trae como consecuencia unha serie de cambios ou innovacións que son un reto para as persoas que viven e traballan na agricultura, neste caso os ecoesquemas da PAC que introducen diferencias importantes a respecto do regulamento vixente.

A pretensión de propiciar un continuo cambio de cara a unha agricultura sostible con protección da biodiversidade e máis eficientes na xestión de recursos naturais e a conservación dos ecosistemas, eleva as exixencias para as persoas agricultoras.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Polo tanto adaptarse aos novos requisitos que se exigen, tamén require de asesoramento continuado por parte de persoal técnico, porque evidentemente as empresas agrícolas teñen que enfrontarse a un cambio de modelo e de concepto que fai preciso que crean nel para que sexa viable.

Dentro do contexto actual, vense cada vez máis necesario o asesoramento tanto privado a través das entidades de asesoramento, como público, dotando de medios materiais e recursos humanos suficientes ás oficinas agrarias comarcais. É preciso un compromiso de apoio técnico obxectivo dende a administración pública, de modo que unha dotación de recursos axeitada, posibilitaría que estas oficinas desenvolveran as súas competencias completas e incluso poderían amplialas en beneficio do rural e das persoas que viven nel e del.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :

Cal é a planificación do Goberno da Xunta para reforzar as oficinas agrarias comarcais tanto en canto a dotación de RRHH como para o desenvolvemento máximo de competencias?

Que idade media ten o cadro de persoal das oficinas agrarias comarcais e que xubilacións están previstas para os próximos 3 anos?

Visto isto, que previsión de oferta de emprego teñen para a substitución do persoal que deixaría vacante a súa praza? Van a continuar coa súa política de amortización de prazas do funcionariado público e desmantelamento dos servizos que ofrece a Consellaría de Medio Rural a través das OACs?





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Teñen pensado analizar as competencias que están a desenvolver a distintas oficinas para valorar o establecemento dunha carteira de servizos máis homoxénea pero que recolla as peculiaridades de cada comarca?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Carmen Aira Díaz**

María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:33:52

María González Albert na data 12/01/2021 17:33:55

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:34:03



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputada pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 2.^a, Ordenación Territorial, Obras Públicas, Medio Ambiente e Servizos**.

O proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tamagos, en Verín – Ourense, actuación formulada ao abeiro do disposto na Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e do Decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supra-municipal foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 20 de abril de 2011 (DOG 09 de maio de 2011).

A iniciativa para a súa formulación e a competencia para o seu desenvolvemento lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Segundo a delimitación que consta no proxecto sectorial aprobado, o parque Empresarial de Tamagos ten unha superficie total de 127,6 hectáreas, das que 56 hectáreas corresponden á superficie neta de uso empresarial.

A súa execución está prevista en tres fases, a desenvolver en función da demanda de solo empresarial que se rexistre na zona, establecéndose, en todo caso, un prazo máximo de 8 anos para completar o seu desenvolvemento.

No momento da súa aprobación foran xa adquiridos pola Administración autonómica, por mutuo acordo cos propietarios, un total de 96,3 hectáreas de solo, o que supón algo máis do 75 % do ámbito, quedando pendente a adquisición por expropiación forzosa dos restantes terreos para o que debería formalizarse o corresponde proxecto de expropiación, cuxa redacción e tramitación estaba previsto que se producira inmediatamente despois da aprobación do proxecto sectorial.

Así mesmo, a licitación das obras de urbanización da primeira fase estaba prevista para o último trimestre de 2011, unha primeira fase que afectaría a unha superficie total de 297.669 metros cadrados, cunha superficie industrial de 170.391 metros cadrados.



Porén, transcorridos 9 anos dende a aprobación, ningún promotor ten iniciado as actuacións necesarias para poñer en marcha este parque empresarial, cuxo desenvolvemento é estratéxico e crucial para o desenrolo económico do concello de Verín e nomeadamente de toda a comarca de Monterrei, hoxe azoutada por unha grave crise económica e de emprego, agravada pola imposibilidade de ofertar solo empresarial de calidade o que está a producir a deslocalización de empresas locais e imposibilitando que callen proxectos empresariais novos.

De acordo co anterior, a falla de previsións concretas doutras administracións para a posta en marcha desta actuación, o propio Concello de Verín estaría disposto a actuar como promotor, e chegar a un acordo que lle permita asumir o Concello o impulso da actuación iniciando, dende a iniciativa municipal, a execución dunha primeira fase do parque. Fase que, con independencia das previstas no proxecto sectorial, sería preciso dimensionar de acordo coas posibilidades municipais, e tendo en conta as condicións de demanda existentes e da propia iniciativa.

Esta forma de execución véñse de declarar como viable, mediante a lei antes mencionada, para a implantación de iniciativas empresariais de Galicia, Lei 5/2017, a través precisamente dun Estudio de Delimitación, que permita concretar a proposta a realizar á Administración autonómica, asegurando a viabilidade técnica, económica e xurídica da mesma.

Por todo o exposto, os deputados e a deputada que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas e actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tamagos, aprobado polo Consello da Xunta de 20 de abril de 2011, diante do que constitúe unha acción estratéxica para o desenvolvemento económico da comarca de Monterrei?
2. Cales son os motivos para que 9 anos despois do acordo a aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, non se teña iniciado ningunha actuación urbanística que permita desenvolver o parque empresarial de Tamagos?
3. Prevé a Xunta de Galicia a licitación da primeira fase do proxecto sectorial de Tamagos? No seu caso, en que prazo?



4. Contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de asinar un convenio co Concello de Verín, ámbito municipal onde se asenta o parque empresarial, para que sexa este que actúe como promotor?

5 . No seu caso, estaría disposto a Xunta de Galicia a unha cesión ou venda o Concello de Verín, da parte de solo necesario para o desenvolvemento da primeira fase do proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputados e deputada do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2021 17:04:00

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2021 17:04:08

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 17:04:16





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

María González Albert, Xosé Luis Rivas Cruz e Carmen Aira Díaz, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 7ª,** sobre o Plan Forestal e o Consello Forestal.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A historia do Plan Forestal de Galiza vén de lonxe. Xa pola altura do ano 2015 había un documento que falaba da necesidade de contar cun inventario actualizado, que ese Plan debía ser consensuado e que debería de estar dotado dun orzamento.

En marzo de 2016 diversas organizacións, entre as que se atopaban as catro da Alianza por un Rural Galego Vivo (ADEGA, CIG, FRUGA e ORGACMM), xunto con Amigos da Terra, APDR, APROPIGA, Comité en defensa do Monte Galego, FEG, OVICA, SLG, SOS Coello de monte e UNITEGA asinaron un comunicado no que manifestaban que *“a finais de 2014 a Consellaría do Medio Rural acordou elaborar unhas propostas para a revisión do Plan Forestal de Galiza, vixente desde 1992. Para tal fin creouse no Consello Forestal un grupo de traballo que se reuniu durante 2015. Finalmente elaboráronse unhas directrices, resultado dun inquérito deseñado por dous coordinadores propostos pola Consellaría”*.

Nese mesmo comunicado as organizacións mencionadas denunciaban que *“Esta metodoloxía de traballo, restrinxida aos membros do Consello Forestal e con excesiva presenza do sector da madeira (20 dos 25 membros), tentou ser superada mediante o compromiso inicial de incorporar ao documento os resultados das consultas aos*





BLOQUE
NACIONALISTA
GALIEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

colectivos externos. Perante o incumprimento deste acordo, organizacións como a ORGACCM presentes no Consello Forestal, permearon ao resto das entidades que vivimos, xestionamos e traballamos no medio rural os documentos de traballo, trasladando no seu nome as conclusións.

Xa que logo, as directrices inicialmente aprobadas non son nen representativas do sector, nen democráticas, nen produto dun consenso entre todos os sectores relacionados co monte e co medio rural.”

O Diario Oficial de Galiza (DOG) de 5 de xullo de 2018 publicaba a Orde de 28 de xuño pola que se aprobaba inicialmente a primeira revisión do Plan Forestal de Galiza e abríase o trámite de información pública.

No mes de setembro do mesmo ano 2018, 76 entidades asinan un novo documento que leva por título “Achegas á primeira revisión do Plan Forestal da Galiza”.

En novembro de 2018 o Parlamento de Galiza rexeita cos votos en contra do Partido Popular e coa abstención do PSOE a Iniciativa Lexislativa Popular “para a protección e mellora dos hábitats de bosque autóctono, a racionalización da xestión do monte e a loita contra os incendios forestais”. Unha ILP que obtivo os votos favorábeis dos grupos parlamentares do BNG e En Marea. Esta ILP viña avalada por máis de 40.000 sinaturas da cidadanía galega.

No ano 2019, en xullo, 20 entidades asinan o manifesto “Por un monte con futuro” e o día 20 de outubro convocouse e celebrouse unha manifestación baixo o mesmo lema.

Despois de todo este longo proceso nin as organizacións políticas, nin a cidadanía, nin as organizacións integradas na Alianza por un Rural Galego Vivo nada





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

sabemos da situación actual na que se atopa o Plan Forestal de Galiza máis aló de todo o que ven aparecendo nos medios de comunicación.

Non se sabe, polo tanto, se as achegas feitas no seu momento en setembro de 2018 por esas máis de 75 entidades foi tido en conta ou en cales foron tidas en conta e cales non.

Non sabemos se existe un novo texto que veña a substituír aquel ao que facía referencia o DOG de 5 de xullo do 2018 no que se publicaba a Orde de 28 de xuño pola que se aprobaba inicialmente a primeira revisión do Plan Forestal da Galiza.

Falase de que a Consellaría do Medio Rural está a elaborar un Inventario Forestal de Galiza sen que nada saibamos a día de hoxe da súa execución e polo tanto sen saber nada dos prazos determinados para a súa finalización.

A única información da que se dispón neste momento son as referencias que ao mesmo se fixeron nas reunións do Consello Forestal de Galiza (CFG). Así na acta de sesión de 17 de decembro de 2019, no punto 3.2) de información sobre o desenvolvemento legislativo recóllese que o profesor Juan Picos fixo unha breve presentación a respecto do Inventario Forestal continuo da Galiza. Por outra banda na Orde de traballos do CFG de 25 de Marzo figuraba como punto 2 dos mesmos o Inventario Forestal continuo da Galiza (Uvigo/USC). Isto é todo o que sabemos na actualidade.

No Lei de Medidas Fiscais e Administrativas do proxecto de Orzamentos de 2021 a Xunta de Galiza inclúe unha modificación do Artigo 14 da Lei 7/2012 de 28 de xuño, de montes de Galiza, que pasaría agora a ficar redactado así:

“Artigo 14. Plan forestal de Galicia





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Aos efectos da avaliación ambiental estratéxica da primeira revisión do plan forestal de Galicia, a Consellería competente na materia forestal presentará ante o órgano ambiental o estudo ambiental estratéxico e a Proposta final do plan ou programa, tomando en consideración as alegacións formuladas nos trámites de información pública e de consultas xa realizados, nun prazo máximo de 3 meses dende a entrada en vigor desta lei, para a súa tramitación de acordo co establecido na Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental”.

Isto, unido ás distintas informacións que veñen aparecendo en prensa falando de reducións do 5% na superficie de eucalipto, dun volume de case 5.000 millóns de investimento no monte de aquí a 2040 e da necesidade dun proceso de exposición pública que fica semella agora ficar pechado en falso lévanos a cuestionar o proceso e o resultado final.

O Plan forestal de 1992 foi conculcado e non serviu coma guía de nada. En 2016 a superficie prevista de eucalipto para 2.032 xa estaba duplicada. A argumentación por parte da Xunta de Galiza sempre é que ese Plan Forestal suscitara un amplísimo consenso. E para que serviu ese consenso? A realidade é a existencia dun caos na ordenación e nas terras de posíbel uso forestal.

Esta realidade é da que se parte na actualidade para planificar (é un falar) da política de montes do futuro? Mal exemplo se damos por válido e punto de partida a aberrante conculcación dunha planificación que non serviu de guía para nada.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 7ª :





BLOQUE NACIONALISTA GALEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

- Cales son as intencións (texto de referencia, proceso participo das entidades que viven e traballan no espazo rural, e prazos que ten previstos) da Consellaría do Medio Rural ao respecto do mencionado Plan Forestal de Galiza tendo en conta que é fundamental contar con datos fiábeis, que tería de proporcionar ese Inventario Forestal Galego, para poder facer unha diagnose correcta da situación actual do monte galego?

- Ten previsto a Consellaría do Medio Rural que sexa o Consello Forestal da Galiza o organismo no que se debata como paso previo ao proceso parlamentar o texto do novo Plan Forestal?

- Ten pensado a Consellaría do Medio Rural facer unha modificación do Decreto 306/2004, polo que se crea o Consello Forestal da Galiza na que se muden a configuración e funcións do mesmo?

- Vai ser o actual Consello Forestal o que emita avaliación sobre o novo Plan Forestal ou vai ser un novo Consello Forestal xurdido de acordo co proxecto de Decreto que pretendía mudar a anterior composición e funcións do CFG?

- Significa esa modificación da Lei de Montes incluída na Lei de Medidas Fiscais e Administrativas dos Orzamentos 2021 que a Xunta da por finiquitado o proceso participativo para a elaboración do Plan Forestal de Galiza?

- Vai servir de tapadeira ás políticas de expansión forestal con plantacións alóctonas que todos os proxectos e propagandas que se presentan a primeiros desta XI Lexislatura auguran?

Santiago de Compostela, 12 de xaneiro de 2021





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Asdo.: María González Albert

Xosé Luis Rivas Cruz

Carmen Aira Díaz

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Rivas Cruz na data 12/01/2021 17:37:22

María del Carmen Aira Díaz na data 12/01/2021 17:37:25

María González Albert na data 12/01/2021 17:37:32



A Mesa do Parlamento

Guadalupe Murillo Solís, Noelia Pérez López, Marisol Díaz Mouteira, José Antonio Armada Pérez, Alberto Pazos Couñago, Paula Prado del Río, José Manuel Rey Varela e Ana Belén García Vidal, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 1ª, Institucional, Administración Xeral, Xustiza e Interior**.

O Concello de Ourense dispón, no centro mesmo da cidade, dunha zona deportiva municipal na que se sitúa o Pavillón dos Remedios. Un complexo referente en materia deportiva dentro da xenética ourensá que alberga tanto disciplinas individuais como de equipo.

Unha instalación con máis de medio século de antigüidade na que, a pesar das melloras que se foron acometendo por parte do Consello Municipal de Deportes nos últimos anos e nos diferentes espazos, carrexábanse unha serie de deficiencias e limitacións tanto para os técnicos como para os deportistas que facían uso dela.

A Xunta de Galicia consciente de que a cooperación interadministrativa é esencial para proporcionar servizos de calidade aos cidadáns materializou, o pasado día 13 de xuño de 2019, a sinatura dun convenio entre a Secretaría Xeral para o Deporte e o Concello de Ourense para acometer as obras de reforma integral do Pavillón Municipal dos Remedios que se iniciaron a finais do pasado ano.

Polo exposto, os deputados asinantes presentan a seguinte pregunta en Comisión:

- 1.- Cal é o grao de execución do proxecto de reforma integral do Pavillón dos Remedios (Concello de Ourense), en que consistiu dita reforma, prazo previsto para o seu remate e a súa posta en funcionamento e cal foi o orzamento que a Xunta de Galicia investiu en dita infraestrutura?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/01/2021 17:41:13

Noelia Pérez López na data 12/01/2021 17:41:47

María Sol Díaz Mouteira na data 12/01/2021 17:42:06

José Antonio Armada Pérez na data 12/01/2021 17:42:18

José Alberto Pazos Couñago na data 12/01/2021 17:42:48

Paula Prado del Río na data 12/01/2021 17:43:02

José Manuel Rey Varela na data 12/01/2021 17:43:25

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Ana Belén García Vidal na data 12/01/2021 17:43:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



A Mesa do Parlamento

Raquel Arias Rodríguez, Carmen Pomar Tojo, Ramón Carballo Páez, Guadalupe Murillo Solís, Marta Rodríguez-Vispo Rodríguez, Ovidio Rodeiro Tato e Borja Vereza Fraiz, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro no disposto no artigo 152 e concordantes, do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión de Control da CRTVG.

A Lei 9/2011 dos medios públicos de comunicación audiovisual de Galicia exíxelle á CRTVG unha labor de servizo público, satisfacendo as necesidades de información, cultura, educación e entretenemento da sociedade.

Unha misión que se traduce na difusión, divulgación e emisión de contidos de interese xeral para os galegos e as galegas e que salvagardan a identidade da nosa comunidade, as súas tradicións, costumes e, por suposto, o patrimonio indivisible da realidade galega.

Dende o Grupo Popular consideramos fundamental que os medios públicos poñan en antena contidos dedicados ao noso patrimonio, ou o que é o mesmo: contidos que poñen en valor a nosa riqueza histórico artística, arquitectónica, etnográfica, cultural e tradicional.

Somos coñecedores de que o patrimonio ten un peso relevante na programación da CRTVG dende múltiples espazos culturais, os informativos ou a ficción feita, ou promovida, pola corporación.

Pero tamén en programas e contidos centrados unicamente no noso patrimonio. E ademais en Prime Time.

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Cinguíndonos ao último mes cabería resaltar programas sobre a Catedral de Santiago, a súa construción e a súa restauración, ou pazo de Meirás.

E coa mirada un pouco ampliada merece a pena centrarse noutros como os castros, ou máis innovadores como “Desmontando Galicia”, ou “un país en 360º”, entre outros.

Por todo isto os deputados asinantes presentamos as seguintes preguntas:

- 1.- Podería facer unha valoración sobre a produción e difusión da programación sobre o patrimonio artístico cultural de Galicia nos últimos tempos?
- 2.- Cáles son as previsións respecto a novos programas ou novas tempadas dos que xa se proxectaron?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Raquel Arias Rodríguez na data 12/01/2021 18:08:42

Carmen María Pomar Tojo na data 12/01/2021 18:09:08

Ramón Carballo Páez na data 12/01/2021 18:09:25

María Guadalupe Murillo Solís na data 12/01/2021 18:09:44

Marta Rodríguez Vispo Rodríguez na data 12/01/2021 18:10:05

Ovidio Rodeiro Tato na data 12/01/2021 18:10:15

Borja Vereá Fraiz na data 12/01/2021 18:10:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo e Leticia Gallego Sanromán, deputado e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta para a súa resposta oral en Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O conxunto da economía está a sufrir un enorme impacto como consecuencia dos efectos da covid-19. Impactos continuados no tempo que teñen un comportamento asimétrico nos distintos sectores económicos, especialmente virulentos no pequeno comercio, nos vendedores ambulantes, nas axencias de viaxe e especialmente no sector da hostalería.

Segundo datos correspondentes o ano 2019 (proveñen do Clúster do Turismo en Galicia), o sector da hostalaría rexistrou máis de 21.000 establecementos, empregou a máis de 66.825 persoas e facturou, 4.700 millóns de euros, o equivalente o 4,5 % da riqueza da nosa Comunidade Autónoma. Do total de establecementos de hostalería 19.052 eran bares e restaurantes.

O sector da hostalería necesita a adopción de medidas económicas extraordinarias que supoñan axudas directas por parte da Xunta de Galicia, diante dunha situación totalmente insostible dende o punto de vista económico, máxime despois das medidas restritivas que se veñen de adoptar nesta terceira onda da pandemia, despois das xa soportadas durante a primeira e segunda onda.

A propia Consellería de Sanidade vén de anunciar recentemente a adopción de medidas máis contundentes e restritivas, limitando os aforos en interiores e en terrazas, e adiantando horarios de peche as 18:00 h, para o sector da hostalaría en moitos concellos do país, e moi especialmente en A Coruña, Arteixo, Cambre, Culleredo, Ourense, Barbadás, Santiago, Teo, Ames, Vigo e Verín.

O certo é que estas medidas, que entendemos que son as que clinicamente hai que tomar, deben conlevar medidas compensatorias dende o punto de vista económico.

Ate o día de hoxe, máis alá do ruído propagandístico, a Xunta de Galicia unicamente ten aprobado unha liña de axudas directas a hostalaría por importe de 17 millóns de euros, cando as propias transferencias extraordinarias do Estado no



ano 2020 acadaron a contía de 735 millóns de euros, dos cales 224 millóns foron transferidos para compensar a caída da actividade económica.

O propio orzamento da Xunta de Galicia para o ano 2021, en trámite de aprobación, prevé un incremento da capacidade de gasto en máis de 1.574 millóns de euros, dos cales 685 millóns son transferidos directamente polo Estado (con cargo o 1,1 % do déficit permitido a comunidades autónomas) e 430 millóns proveñen do Fondo REACT-EU .

En consecuencia, dende o punto de vista da capacidade orzamentaria , a Xunta de Galicia ten capacidade para establecer un auténtico plan de choque, mediante a adopción dunha batería de beneficios fiscais e de axudas directas para o sector da hostalaría; desde logo medidas que teñen que ter maior impacto que as previstas no actual Proxecto de lei de medidas fiscais e administrativas, que acompaña a Lei de orzamentos, onde se contemplan unicamente beneficios fiscais para o conxunto da hostalaría de Galicia por importe de 96.000 euros (bonificación no canon de vertido e canon de saneamento).

No actual contexto a situación do sector da hostalería é francamente desesperada, con miles de negocios pechados dende a declaración do estado de alarma, con máxima incerteza sobre a continuidade dos locais que aínda permanecen abertos e con miles de empregos en risco a pesares do importante paquete de axudas habilitadas por parte do estado – máis de 1.200 millóns en prestacións directas por ERTE e axudas a autónomos dende que se iniciou a pandemia - e de moitos dos concellos galegos para paliar esta desfeita.

Con maior intensidade, que xa é dicir, en provincias coma Ourense, onde practicamente a metade da poboación ocupada vive do sector servizos (47.000) e onde o 23 % da poboación ocupada son pequenos autónomos (23.000), máxime diante da adopción de medidas de restricións extremas no acceso os locais de hostalería, con impedimentos de consumo no interior dos mesmos, redución de aforos en terrazas ou mesmamente acordando o peche practicamente total dos bares e locais de ocio en vilas coma Verín, Barbadás e na cidade de Ourense.

Desde o inicio da crise, a actitude do Goberno da Xunta de Galicia ten sido a ausencia sistemática, con axudas de escaso calado e pouca profundidade diante dunha crise que supón a destrución de miles de postos de traballo.



Por todo o exposto, o deputado e as deputadas que asinan formulan a seguinte pregunta para o seu debate en Comisión:

A tenor do recrudecemento dos efectos da covid-19 no sector da hostalaría, vai o Goberno a adoptar novas medidas de axuda directa ao sector?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2021

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2021 19:08:32

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2021 19:08:56

María Leticia Gallego Sanromán na data 12/01/2021 19:09:06



Á Mesa do Parlamento

Juan Carlos Francisco Rivera, Matilde Begoña Rodríguez Rumbo, Luís Manuel Álvarez Martínez e Patricia Otero Rodríguez, deputados e deputadas pertencentes ao **Grupo Parlamentario dos Socialistas de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa a seguinte **pregunta** para a súa resposta **oral** en **Comisión 3.^a, Economía, Facenda e Orzamentos**.

O proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tamagos, en Verín – Ourense, actuación formulada ao abeiro do disposto na Lei 10/1995 de Ordenación do Territorio de Galicia e do Decreto 80/2000 polo que se regulan os plans e proxectos sectoriais de incidencia supra-municipal foi aprobado por acordo do Consello da Xunta de Galicia de 20 de abril de 2011 (DOG 09 de maio de 2011).

A iniciativa para a súa formulación e a competencia para o seu desenvolvemento lle corresponde á Comunidade Autónoma de Galicia a través do Instituto Galego de Vivenda e Solo.

Segundo a delimitación que consta no proxecto sectorial aprobado, o parque Empresarial de Tamagos ten unha superficie total de 127,6 hectáreas, das que 56 hectáreas corresponden á superficie neta de uso empresarial.

A súa execución está prevista en tres fases, a desenvolver en función da demanda de solo empresarial que se rexistre na zona, establecéndose, en todo caso, un prazo máximo de 8 anos para completar o seu desenvolvemento.

No momento da súa aprobación foran xa adquiridos pola Administración autonómica, por mutuo acordo cos propietarios, un total de 96,3 hectáreas de solo, o que supón algo máis do 75 % do ámbito, quedando pendente a adquisición por expropiación forzosa dos restantes terreos para o que debería formalizarse o corresponde proxecto de expropiación, cuxa redacción e tramitación estaba previsto que se producira inmediatamente despois da aprobación do proxecto sectorial.

Así mesmo, a licitación das obras de urbanización da primeira fase estaba prevista para o último trimestre de 2011, unha primeira fase que afectaría a unha superficie total de 297.669 metros cadrados, cunha superficie industrial de 170.391 metros cadrados.



Porén, transcorridos 9 anos dende a aprobación, ningún promotor ten iniciado as actuacións necesarias para poñer en marcha este parque empresarial, cuxo desenvolvemento é estratéxico e crucial para o desenrolo económico do concello de Verín e nomeadamente de toda a comarca de Monterrei, hoxe azoutada por unha grave crise económica e de emprego, agravada pola imposibilidade de ofertar solo empresarial de calidade o que está a producir a deslocalización de empresas locais e imposibilitando que callen proxectos empresariais novos.

De acordo co anterior, a falla de previsións concretas doutras administracións para a posta en marcha desta actuación, o propio Concello de Verín estaría disposto a actuar como promotor, e chegar a un acordo que lle permita asumir o Concello o impulso da actuación iniciando, dende a iniciativa municipal, a execución dunha primeira fase do parque. Fase que, con independencia das previstas no proxecto sectorial, sería preciso dimensionar de acordo coas posibilidades municipais, e tendo en conta as condicións de demanda existentes e da propia iniciativa.

Esta forma de execución véñse de declarar como viable, mediante a lei antes mencionada, para a implantación de iniciativas empresariais de Galicia, Lei 5/2017, a través precisamente dun Estudio de Delimitación, que permita concretar a proposta a realizar á Administración autonómica, asegurando a viabilidade técnica, económica e xurídica da mesma.

Por todo o exposto, os deputados e as deputadas que asinan formulan as seguintes preguntas para o seu debate en Comisión:

1. Que medidas e actuacións vai levar a cabo a Xunta de Galicia para desenvolver o proxecto sectorial do Parque Empresarial de Tamagos, aprobado polo Consello da Xunta de 20 de abril de 2011, diante do que constitúe unha acción estratéxica para o desenvolvemento económico da comarca de Monterrei?
2. Cales son os motivos para que 9 anos despois do acordo a aprobado polo Consello da Xunta de Galicia, non se teña iniciado ningunha actuación urbanística que permita desenvolver o parque empresarial de Tamagos?
3. Prevé a Xunta de Galicia a licitación da primeira fase do proxecto sectorial de Tamagos? No seu caso, en que prazo?



4. Contempla a Xunta de Galicia a posibilidade de asinar un convenio co Concello de Verín, ámbito municipal onde se asenta o parque empresarial, para que sexa este que actúe como promotor?

5 . No seu caso, estaría disposto a Xunta de Galicia a unha cesión ou venda o Concello de Verín, da parte de solo necesario para o desenvolvemento da primeira fase do proxecto sectorial do parque empresarial de Tamagos?

Pazo do Parlamento, 12 de xaneiro do 2021

Asdo.: Juan Carlos Francisco Rivera
Matilde Begoña Rodríguez Rumbo
Luís Manuel Álvarez Martínez
Patricia Otero Rodríguez
Deputados e deputadas do G.P. dos Socialistas de Galicia

Asinado dixitalmente por:

Juan Carlos Francisco Rivera na data 12/01/2021 19:03:04

Matilde Begoña Rodríguez Rumbo na data 12/01/2021 19:03:13

Luis Manuel Álvarez Martínez na data 12/01/2021 19:03:22

Patricia Otero Rodríguez na data 12/01/2021 19:03:31



A Mesa do Parlamento

Ramón Carballo Páez, Cristina Sanz Arias, Encarna Amigo Díaz, José Manuel Balseiro Orol, Raquel Arias Rodríguez, Elena Candia López, Sandra Vázquez Domínguez, Daniel Vega Pérez, Teresa Egerique Mosquera, Ovidio Rodeiro Tato, Elena Suárez Sarmiento e José Luis Ferro Iglesias, deputados e deputadas do Grupo Parlamentario Popular de Galicia, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte pregunta para a súa resposta oral na Comisión 4ª, Educación e Cultura.

O 25 de marzo de 2019 a Consellería de Educación, Universidade e Formación Profesional adxudicaba –por preto de 4,3 millóns de euros- a obra de construción do novo CEIP Sagrado Corazón, que estará emprazado neste singular barrio da cidade de Lugo.

O novo colexio virá a substituír ao actual centro, que ocupa unhas instalacións cedidas por Abanca. O obxectivo final é dispoñer inmoble de uso educativo, con 18 unidades, e capacidade para 450 alumnos.

O novo CEIP Sagrado Corazón contará con 18 unidades para 450 alumnos e dará servizo ao alumnado do barrio Sagrado Corazón e o seu contorno, asumindo a zona de influencia do CEIP existente e, ademais, aos futuros escolares residentes nas novas vivendas que xurdirán como consecuencia do desenvolvemento dos novos polígonos de uso residencial.

Executaranse tamén os equipamentos deportivos, cunha pista polideportiva cuberta, pista descuberta, patios e espazos libres.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulamos as seguintes preguntas:

- 1.- En que fase concreta se atopan as obras de construción do novo CEIP Sagrado Corazón de Lugo?
- 2.- Que previsións ten a Xunta de Galicia no que respecta a este proxecto?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Ramón Carballo Páez na data 12/01/2021 17:45:21

Cristina Sanz Arias na data 12/01/2021 17:45:45

María Encarnación Amigo Díaz na data 12/01/2021 17:46:07

José Manuel Balseiro Orol na data 12/01/2021 17:46:31

Raquel Arias Rodríguez na data 12/01/2021 17:46:47

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



María Elena Candia López na data 12/01/2021 17:47:06

Sandra Vázquez Domínguez na data 12/01/2021 17:47:31

Daniel Vega Pérez na data 12/01/2021 17:47:59

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 10:43:22

Ovidio Rodeiro Tato na data 13/01/2021 10:44:08

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 10:44:21

José Luis Ferro Iglesias na data 13/01/2021 10:44:37

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

A política de descartes cero que establece a Política Pesqueira Común da Unión Europea choca frontalmente có denominado principio de estabilidade relativa.

Este principio, que data do 1983 (antes da entrada de España na UE), establece uns criterios de reparto das cotas de pesca baseados na actividade realizada nos caladoiros europeos dos 10 países que daquela formaban parte da Comunidade Económica Europea. Compre recordar que ditos criterios tomáronse nun momento no que non existía a obriga de desembarco de capturas.

Sempre defendemos a necesidade de evitar progresivamente os descartes de pesca en base a estudos rigorosos feitos especie por especie, caladoiro a caladoiro, buscando outras alternativas de pesca, e así o subscribimos nun Ditame do Consello Galego de Pesca sobre a reforma da Política Común de Pesca.

Somos conscientes dos problemas que provocaría o feito de non poder descartar especies pola borda no caso de determinadas pesquerías mixtas, xa que se obrigaría a levar a porto todas as capturas efectuadas, incumprindo co actual sistema de Totais Admisibles de Capturas.

A determinación desta obriga a partir de 2019 e a posible insuficiencia do alcance das medidas de flexibilidade nos leva aos deputados asinantes, a formular as seguintes preguntas:

1. Que valoración fai o Goberno da Xunta de Galicia da implementación da política de descartes cero?
2. Que xestións e traballos ten feito este departamento a través de diversos plans có obxectivo de minorar a afectación á nosa frota?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 10:54:32

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 10:54:45

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 10:54:59

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 10:55:09

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal



José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 10:55:18

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 10:55:32

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 10:55:48

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

A Consellería do Mar desenvolveu ao longo dos últimos anos un gran esforzo inversor en actuacións de construción e mellora de infraestruturas portuarias vinculadas á pesca, así como do subministro de equipos que permitiron mellorar a comercialización a través da conservación das descargas, da súa trazabilidade ou da selección e etiquetaxe.

Estas actuacións foron posibles, en parte, gracias ao Fondo Europeo de Pesca, dentro do Programa Operativo aprobado para Galicia, a través da medida 3.3, destinada a portos de pesca, lugares de desembarque e fondeadoiros, dentro do Eixe 3, de medidas de interese público. Gracias a este impulso, atendéronse a meirande parte das necesidades e demandas do propio sector, nun período ademais complicado para os investimentos, polo tanto agradecemos dobremente ese traballo.

Hai que destacar a mellora ou a nova construción de lonxas e instalacións auxiliares nos peiraos co obxecto de mellorar as condicións de traballo dos profesionais do mar que desenvolven a súa actividade diariamente nestes espazos, sobre todo no relativo á comercialización, á trazabilidade e á seguridade alimentaria, entre outros aspectos.

Polo exposto, os deputados asinantes, formulan as seguintes preguntas:

1. Que balance fai a Consellería do Mar deste esforzo inversor acometido nos últimos anos polo ente público Portos de Galicia?
2. Cales foron os principais investimentos, desagregados por obras, subministros, servizos e convenios?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 10:56:44

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 10:56:56

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 10:57:09

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 10:57:17

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 10:57:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 10:57:35

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 10:57:53

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

O mar é un elemento que define e caracteriza boa parte da riqueza da nosa particular “terra” e ademais é unha fonte de recursos moi prezada, pois arredor del configúrase un sector primario estratéxico a nivel económico, social e tamén cultural.

Galicia sempre foi unha potencia pesqueira e segue a ter na pesca un dos seus piares económicos que engloba non só á actividade propiamente extractiva, senón tamén a miticultura, a piscicultura, o marisqueo, a conserva e os transformados.

Sen embargo, coincidindo coa entrada na Unión Europea, a flota pesqueira entrou nunha dinámica de adalgazamento motivada en boa parte pola asunción das cotas de pesca que limitaban o esforzo pesqueiro dunha potencia neste ámbito como era Galicia.

Sabemos que a Consellería do Mar traballa día a día para precisamente que a nosa flota obteña maiores cotas de pesca e tamén somos conscientes da aposta que pola formación se fai dende este Departamento, así como das axudas existentes para adquisición de novas embarcacións.

Por todo o dito, os deputados asinantes, formulamos a seguinte pregunta en Comisión:

Que medidas está a tomar a Xunta de Galicia para establecer vías que permitan o relevo xeracional no sector pesqueiro?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 10:58:37

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 10:58:50

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 10:59:05

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 10:59:14

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 10:59:24

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 10:59:35

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 10:59:50

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Fai uns meses, representantes do sector dos buques cerqueiros de Galicia sinalaban que afrontan este ano coa certeza de que vai ser máis difícil que o anterior ante a falta de cotas nalgunhas das súas principais especies: a xarda, que se reduciu nun 20%; a sardiña, que será, como moito, igual que no 2018; e o cabalón, que cada ano vai a menos.

As dúas especies nas que os cerqueiros teñen as súas esperanzas postas son o xurelo e a anchoa.

Estes representantes sinalaban, con relación á xarda, que a súa captura vai resultar anecdótica pola escaseza.

No tinxinte á sardiña, manifestaban as súas dúbidas pola falla de claridade sobre cal será a cota, pero prevese que se manterá en termos do 2018.

Alén disto, apuntaba a que, pola contra, o xurelo e a anchoa presentan un mellor estado, xa que hai máis cantidade dispoñible, aínda que non en todos os caladoiros.

Conscientes de que a Xunta de Galicia defendeu ao sector nas negociacións en Bruxelas, co obxectivo de mellorar a evolución das cotas de pesca que propoñía a Comisión Europea, os deputados asinantes formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Como valora a evolución da frota cerqueira galega nos últimos anos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 11:00:35

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 11:00:46

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 11:01:00

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 11:01:09

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 11:01:16

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 11:01:28

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 11:01:41

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia,** ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo.**

O selo pescadeRías é unha marca de calidade creada e rexistrada pola Xunta de Galicia que acredita que os produtos da pesca artesanal e do marisqueo están convenientemente identificados, teñen un alto nivel de frescura e comercialízanse por empresas situadas na nosa Comunidade.

Con este selo os produtos do mar procedentes da frota artesanal poden ser distinguidos con facilidade no mercado co que se atopa o consumidor a diario.

A certificación ofrece unha garantía de frescura e calidade, de respecto ao medio ambiente e de aplicación dunhas prácticas hixiénicas e de manipulación adecuadas por parte das empresas que os puxeron no mercado.

A boa evolución da certificación a través desta marca e calidade non últimos anos é un exemplo que reflicte o incremento da demanda de alimentos saudables e de produtos ecolóxicos que acrediten calidade e sustentabilidade.

A propia Consellería do Mar avanzou que entre os obxectivos estratéxicos para esta lexislatura está seguir traballando para que nas grandes cadeas de distribución sigan estando presentes os produtos galegos identificados como tales. Sen lugar a dúbidas os nosos peixes e mariscos son unha inmejorable tarxeta de presentación do mar de Galicia.

En relación con este asunto, os deputados abaixo asinantes, formulan a seguinte pregunta en Comisión:

Cal esta a ser a evolución dos produtos certificados baixo o selo de calidade PescadeRías?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 @gppgalicia

 @GrupoPopularGal



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 11:02:21

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 11:02:32

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 11:02:45

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 11:02:54

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 11:03:05

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 11:03:15

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 11:03:30

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

[@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

[@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)



Á Mesa do Parlamento

Teresa Egerique Mosquera, José Manuel Balseiro Orol, Ana Belén García Vidal, Manuel Santos Costa, Alberto Pazos Couñago, Elena Suárez Sarmiento e Daniel Vega Pérez, deputadas e deputados do **Grupo Parlamentario Popular de Galicia**, ao abeiro do disposto no artigo 152 e concordantes do Regulamento da Cámara, presentan ante esa Mesa, a seguinte **pregunta para a súa resposta oral na Comisión 8ª, Pesca e Marisqueo**.

Desde Galicia veuse traballando, desde a colaboración entre sector marítimo-pesqueiro e Consellería do Mar, nunha modificación da normativa que permitise flexibilizar tanto a regularización das embarcacións cuxos datos non coincidían cos do seu rexistro como de obter maior adecuación nas súas disposicións de potencia ou arqueo de cara a efectuar as súas tarefas marisqueiras ou pesqueiras.

É certo que se produciron certas sancións a varias embarcacións alegando exceso de cabalaxe nos seus motores, e tamén é certo que a Consellería do Mar mediou ante a Secretaría General de Pesca e coa Dirección General de Marina Mercante para intentar habilitar unha lista específica que contemplase as embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos, co obxectivo de buscar unha posible solución para estes barcos que contan cunha estrita limitación de potencia.

Somos coñecedores de que os titulares de embarcacións destinadas á extracción de recursos específicos e marisqueo solicitan un aumento da potencia dos seus motores por unha cuestión de seguridade no traballo, pois resulta máis doado escapar das ondas en caso de mal tempo cando o motor posúe maior potencia.

Por outra banda, o exercicio de marisqueo a flota esixe de faenar en zonas de escaso calado, o que impide que moitas veces poidan acceder cos barcos, facendo recomendable o uso de outras embarcacións de menor porte.

Podemos concluír que estamos ante unha reivindicación xusta que busca garantir o traballo destes mariscadores nunhas condicións de maior certeza, fiabilidade e operatividade.

Pola súa banda, e tras as peticións formuladas polo sector pesqueiro galego e pola Consellería do Mar, a Secretaría General de Pesca accedeu a analizar o tema, propoñendo unha modificación do Real Decreto de Ordenación Pesqueira en orde a efectuar a consideración como auxiliares de lista 4ª dos buques que se utilizan para capturas de percebe, algas, ourizos, a similitude dos buques auxiliares de coral, empregados de facto para acercar aos mariscadores alí onde se atopa o recurso.



Por tanto, os deputados asinantes consideran oportuno formular a seguinte pregunta en Comisión:

En que estado se atopa actualmente o procedemento de adecuación das disposicións normativas sobre potencia das embarcacións que faenan a marisqueo e/ou a recursos específicos?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021



Asinado dixitalmente por:

Teresa Egerique Mosquera na data 13/01/2021 11:04:06

José Manuel Balseiro Orol na data 13/01/2021 11:04:16

Ana Belén García Vidal na data 13/01/2021 11:04:29

Manuel Santos Costa na data 13/01/2021 11:04:38

José Alberto Pazos Couñago na data 13/01/2021 11:04:46

María Elena Suárez Sarmiento na data 13/01/2021 11:04:55

Daniel Vega Pérez na data 13/01/2021 11:05:07

Parlamento de Galicia. Rúa Hórreo, 63 | 15701 Santiago de Compostela | Tel. 981 551 510

gp-pp@parlamentodegalicia.gal

 [@gppgalicia](https://www.facebook.com/gppgalicia)

 [@GrupoPopularGal](https://twitter.com/GrupoPopularGal)





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Daniel Castro García, Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG)**, ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª**, sobre a necesidade de que a Xunta de Galiza subministre de todo o material necesario aos clubs de fútbol base, fútbol feminino e fútbol sala galego para poder comezar a tempada con todas as medidas de seguridade sanitaria necesarias..

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O comezo das actividades deportivas neste contexto de pandemia leva sendo un proceso moi complexo como levamos observando nos últimos meses. Os cambios nos protocolos sanitarios, os desacordos entre clubs e federacións e a dificultade inherente de organizar as competicións deportivas no medio dunha pandemia levaron a que o comezo das ligas e campionatos estivese cargado de polémicas.

Pese a isto e sabendo desde o BNG da dificultade do contexto no que estamos a vivir, consideramos que existiron e existen unha serie de comportamentos e de decisións por parte da Xunta de Galiza e federacións deportivas que non se poden permitir.

Neste caso, no fútbol autonómico galego, observamos un total desprezo aos clubs amateur do noso país. En primeiro lugar non entendemos a falta de atención aos mesmos, sabendo ademais que en moitas localidades rurais o equipo de fútbol do concello é unha das poucas actividades de ocio e saudables que se pode realizar ou consumir.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En segundo lugar, consideramos indefendible a presión e as obrigas que se puxeron enriba dos equipos de preferente galega, de primeira, segunda e terceira autonómica e das diversas categorías de fútbol base de ligas galegas ao dicirlles que se non daban o seu si a competir nun período de catorce días e nun escenario totalmente incerto correrían o risco de descender.

É por isto, e por outros moitos motivos, que unha inmensa cantidade de equipas galegas decidiron alzar a voz e agruparse para defender os seus dereitos decidindo negarse a competir ao non darse as condicións necesarias para un comezo da competición seguro, sen riscos e coa viabilidade económica necesaria.

Todo isto levou a que a Federación Galega de Fútbol, ao non contar cos clubs suficientes para iniciar as ligas decidise cancelar as competicións de categoría autonómica. Porén, no tocante ao fútbol base, fútbol feminino e fútbol sala galego seguimos sen saber con certeza como se van levar a cabo as competicións, no medio dunha terceira onda e nun contexto no que se desprazarían miles de persoas polo noso país nas fins de semana.

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Considera a Xunta de Galiza que se dan as condicións sanitarias e de seguridade para que as competicións de fútbol base, fútbol feminino e fútbol sala galego comecen en febreiro deste ano?

Pensa a Xunta de Galiza dotar de todos os medios e necesidades económicas aos clubs galegos para que o inicio das tempadas non supoña un gasto inalcanzable?





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Cal é o plan da Xunta de Galiza a respecto do inicio das competicións de fútbol base, fútbol feminino e fútbol sala galego?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Daniel Castro García**

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2021 11:39:11

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2021 11:39:15

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2021 11:39:26

Daniel Castro García na data 13/01/2021 11:39:36





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Rosana Pérez Fernández, Carme González Iglesias e Daniel Castro García, deputadas e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 8ª,** sobre a situación da pesca galega logo do acordo entre a UE e o Reino Unido en relación ao Brexit.

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

O acordo acadado entre a UE e o Reino Unido sobre o Brexit o pasado 24 de decembro non só confirmou os peores temores do sector pesqueiro galego senón que abriu unha mancha de interrogantes e incertezas sobre un futuro da pesca galega a medio e longo prazo que, cando menos, conta con todos os ingredientes para consideralo moi preocupante.

A medida que van pasando os días e se van coñecendo cada vez máis detalles do acordo máis inxustificábeis nos resultan as declaracións dos primeiros momentos realizadas polas principais autoridades europeas e do goberno de España, que celebraron o acordo e que mesmo o cualificaron de “xusto e equilibrado”. Declaracións que, dende o punto de vista dos intereses do sector pesqueiro galego e da entidade que este ten no conxunto da economía do noso país, resultan mesmo irrespetuosas e amosan, claramente, o nulo valor que para a UE e o goberno do Estado teñen a pesca e a economía galega e, o que é máis grave aínda, a escasísima importancia e falla de peso político que ten Galiza para esas institucións.





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Unha relevancia que tampouco o propio goberno galego foi quen de poñer enriba da mesa con contundencia dende o mesmo momento en que a cidadanía do Reino Unido tomara a decisión de non seguir formando parte de UE e esixindo o que nos corresponde como principal produtor pesqueiro dentro do Estado e un dos principais dentro da UE.

Independentemente das cifras, dos parámetros e das valoracións que tomemos como referencia, resulta evidente que o resultado do acordo ten consecuencias moi negativas para a nosa pesca, agora e no futuro, e que, chegados a este punto, as medidas a tomar para tratar de reverter a situación non poden ser meramente conxunturais e limitárense a compensacións puntuais senón que deben ir moito máis alá, á cerna do problema e encamiñadas a remover os acordos políticos de fondo que provocaron unha discriminación de partida da nosa flota dentro da UE.

En primeiro lugar. Faise indispensable traballar politicamente en todas as institucións co obxectivo claro de iniciar un proceso de revisión da noción, ata o de agora rixida e inamovíbel, de ‘rexión altamente dependente da pesca’, inspirada no seu momento, entre outros, polo propio Reino Unido.

Galiza ten elementos suficientes como para ser recoñecida como tal porque a actividade pesqueira inflúe económica, laboral e socialmente de tal xeito no conxunto que as graves dificultades que o sector pesqueiro vén acumulando dende hai anos contribúen en alto grao na redución da actividade económica total e na perda de emprego, de maneira que o tecido socioeconómico vese gravemente afectado.

En segundo lugar. O coñecido como ‘principio de estabilidade relativa’ (PER) é cuestionado a día de hoxe dende ámbitos políticos, económicos, xurídicos e científicos e, precisamente, as negociacións sobre o Brexit eran o momento considerado por moitos





BLOQUE NACIONALISTA GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

como o idóneo para intentar negociar un novo status para a frota galega que puidese evitar a súa continua desaparición.

Agora, asinado o acordo entre a UE e o Reino Unido, e vistos os resultados do mesmo, esa posibilidade ten que cobrar forza e reunir todos os esforzos para poder levala a cabo e conseguir que a UE derroque o PER definitivamente.

A aplicación deste ‘principio’ -polo cal se asigna unha porción fixa de total admisíbel de capturas, TAC, a cada estado membro da UE para unha determinada poboación de peixes en función do rexistro de capturas históricas de cada flota-mantense dende os anos 80 e, a pesar de ser cada vez máis discutíbel e discutido, resultou intocábel nas sucesivas reformas da política pesqueira común. Galiza foi a grande perdedora desas decisións e sofre especialmente as consecuencias deste mecanismo ano tras ano dende a adhesión do Estado español á UE co reparto discriminatorio dos TACs e as cotas que se establecen, e a día de hoxe as súas posibilidades de pesca son moi inferiores á súa capacidade.

En terceiro lugar. Faise urxente abordar tamén a participación de Galiza na defensa dos seus intereses e na toma de decisións que lle afectan de xeito tan directo para o que cómpre recoñecerlle capacidade de negociar directamente e que as cuestións en materia de pesca ou outras que afecten ás súas competencias non podan ser adoptadas sen contar co seu consentimento e aceptación.

Por razóns obvias, a consecución destes tres obxectivos non é tarefa doada nin vai ser inmediata a súa materialización e, polo tanto, cómpre poñer en marcha outro tipo de medidas a curto prazo que sirvan para paliar as consecuencias puntuais máis inminentes que se van derivar da redución do 25% das cotas de pesca para a frota galega en augas británicas. Así, as repercusións económicas e sociais que implica o acordo





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

tomado requiren, tanto no económico como no social, axilidade na súa programación e efectividade na súa aplicación. A resposta e o soporte do goberno galego non pode quedar á marxe de prever medidas de apoio económico e social para o sector pesqueiro e as zonas máis afectadas.

Por outra banda, non parece ter lóxica que diante dun tema de tal envergadura os grupos políticos representados no parlamento galego non teñan máis mecanismos de participación e de aportación que un tempo moi reducido nunha comisión ou no pleno. Mesmo a propia conselleira de Mar propuxo nunha súa comparecencia no pleno, no mes de maio de 2017, “realizar cada semestre unha sesión monográfica, na Comisión 8ª, na que se dea conta da información dispoñíbel e se proceda a analizar e complementar os informes e argumentos”. Sesións que nunca se levaron a cabo dende aquela e que a día de hoxe fanse imprescindíbeis á hora de que os grupos políticos teñan todos os datos, coñezan polo miúdo os detalles do acordo, participen nos debates e contribúan coas súas aportacións nas decisións dos pasos a dar de cara ao futuro.

Tamén, o artigo 21 do Decreto 123/2011, polo que se regula o Consello Galego de Pesca, contempla que “poderán asistir ás reunións do Pleno ou das comisións sectoriais, con voz pero sen voto, as persoas, representantes de organismos, institucións e entidades públicas ou privadas que, polas súas actividades, coñecemento ou experiencia, a presidencia considere oportuno por razón dos asuntos que se vaian tratar. Respecto da Comisión sectorial de política social e seguridade da frota, a presidencia poderá invitar ás súas reunións un representante de cada un dos grupos con representación no Parlamento de Galicia”.





BLOQUE
NACIONALISTA
GALLEGO

OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Por estes motivos fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 8ª:

Que valoración fai o goberno galego do recente acordo entre a UE e o Reino Unido sobre o Brexit no referido ao sector pesqueiro galego?

Considera o goberno galego que Galiza ten elementos suficientes como para ser recoñecida polo Estado español e pola UE como 'rexión altamente dependente da pesca'? De ser así, está disposto a levar a cabo todos os trámites necesarios para ese recoñecemento?

Considera a Xunta de Galiza que se debe revisar o chamado 'principio de estabilidade relativa' que serve como base á PPC e á discriminación que a frota galega vén padecendo dende a incorporación do Estado español á UE? De ser así, está disposta a realizar todas as accións precisas para promover a súa revisión?

Considera o goberno galego que Galiza deba ter capacidade directa de negociación naqueles asuntos de especial relevancia para a súa economía, nomeadamente en materia pesqueira? De ser así, está disposto a demandala do goberno do Estado?

Ten previsto a Xunta de Galiza programar e levar a cabo plans de soporte económico e social ao sector pesqueiro e ás zonas máis afectadas polo recente acordo entre a UE e o Reino Unido que palíen as consecuencias puntuais máis inmediatas do mesmo? De ser así, con que orzamento e prazos de execución contarían?

Considera o goberno galego que o acordo sobre o Brexit entre a UE e o Reino Unido en materia pesqueira ten a relevancia suficiente como para a creación dunha comisión especial no parlamento galego? De ser así, está disposto a promovela? Vai





OFICINA PARLAMENTAR

Parlamento de Galiza

Rúa do Hórreo, s/n. Tel. 0034 981 551 545
Fax. 0034 981 551 420. Fax prensa: 0034 981 551 421
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

levar a cabo as actuacións necesarias para dar cabida no pleno e nas comisións sectoriais do Consello Galego de Pesca onde se aborden as cuestións derivadas do Brexit aos grupos políticos con representación no parlamento galego?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: Rosana Pérez Fernández

Carme González Iglesias

Daniel Castro García

Deputadas e deputado do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Rosana Pérez Fernández na data 13/01/2021 12:33:21

María do Carme González Iglesias na data 13/01/2021 12:33:32

Daniel Castro García na data 13/01/2021 12:33:39





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputada do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

Pouco despois da morte do Ditador Francisco Franco, o seu sucesor Juan Carlos de Borbón concedía á súa descendencia os títulos nobiliarios do Señorío de Meirás e do Ducado de Franco, coa dignidade de Grandeza de España. Con estes títulos a Monarquía lexitimaba e concedía privilexios á familia do Ditador, unha situación que se mantivo por decisións dos sucesivos gobernos do Estado. E asemade dáballe continuidade e lexitimidade á concesión de títulos nobiliarios por parte do Ditador a destacados dirixentes fascistas, títulos que foron renovados por todos os gobernos de España e sancionados polo Monarca.

A concesión dos citados privilexios, a apropiación por parte da familia Franco de propiedades e bens públicos, a impiedade dos crimes do franquismo, o esquecemento das vítimas da Ditadura conforman unha páxina negra da transición e poñen en evidencia as eivas do réxime do 78. Constitúen unha vergoña para a democracia, unha ofensa para as vítimas e un ataque á dignidade colectiva do pobo galego.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

No mes de marzo de 2018 o BOE publicaba a solicitude de Carmen Martínez Bordiú para herdar o título do Ducado de Franco. Unha herdanza polo demais libre de cargas por decisión no seu día de Juan Carlos I.

A xuízo do BNG e de moitas persoas e entidades, a pervivencia destes títulos é incompatíbel co respecto aos valores democráticos e co recoñecemento á memoria de centos de miles de persoas que foron vítimas da Ditadura.

Por todo isto formúlanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

Está de acordo o goberno galego coa concesión de títulos nobiliarios á familia Franco e coa renovación dos citados privilexios?

Que medidas prevé adoptar o goberno galego para rematar con este atentado aos valores democráticos e con esta ofensa á memoria das vítimas da Ditadura?

Considera necesario demandar ao goberno do Estado a anulación de todos os títulos nobiliarios que honran a nomes relacionados coa represión franquista?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**
Iria Carreira Pazos
Luis Bará Torres





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Deputados e deputada do G.P. do BNG

Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2021 12:58:38

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2021 12:58:43

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2021 12:58:53





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63. Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

Á Mesa do Parlamento

Luis Bará Torres, Iago Tabarés Pérez-Piñeiro e Iria Carreira Pazos, deputados e deputado do **Grupo Parlamentar do Bloque Nacionalista Galego (BNG),** ao abeiro do disposto no Regulamento da Cámara, presentan a seguinte **Pregunta para resposta oral na Comisión 1ª.**

EXPOSICIÓN DE MOTIVOS

A recente sentenza do xulgado de primeira instancia número 1 de Coruña que condena á familia Franco a devolver O Pazo de Meirás ao Estado sen ningún tipo de indemnización pon en evidencia o roubo sistemático perpetrado polo Ditador Francisco Franco en Galiza durante a Ditadura, no que constituíu un auténtico “latrocinio” de bens mubles e inmobles de titularidade pública e privada que acabaron no patrimonio persoal do Ditador e da súa familia. Estamos diante dun claro exemplo de enriquecemento ilícito e de malversación de fondos públicos posto que unha grande parte destes bens foron adquiridos mediante a coacción, a forza ou o uso de recursos públicos.

Se ben o Pazo de Meirás é o expoñente máis claro desta apropiación de bens, existen moitos outros que tamén pasaron a ser propiedade do Ditador por medios fraudulentos, irregulares ou ilícitos, como é o caso da Casa Cornide, as estatuas de Abraham e Isaac, as pías bautismais de San Xián de Moraime, o Pazo de Bendaña (Dodro), diversas obras de arte, así como fontes, cruceiros, balaustradas e escudos que foron trasladados desde outros pazos galegos.





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

En realidade, estamos a falar dun macroespolio que contou coa participación do aparello do Estado e coa complicidade da elite política e empresarial daquel tempo, que tamén resultou beneficiada da trama: por iso o BNG considera que o estudo desta apropiación de bens tamén debe poñer o foco nas prebendas e beneficios que obtiveron as persoas que participaron na trama que fixo posíbel o enriquecemento dos Franco.

Para o BNG, o coñecemento da verdade histórica é unha mostra de saúde democrática e de transparencia. E tamén o primeiro paso para que se faga xustiza, para que se recoñeza o roubo sistemático e a corrupción a grande escala que son sinais de identidade do franquismo, e para que se devolvan aos seus lexítimos propietarios todos aqueles bens que foron adquiridos e transmitidos de maneira enganosa, ilícita ou fraudulenta.

Por todo isto, fórmulanse as seguintes preguntas para resposta oral na Comisión 1ª:

1. Ten previsto a Xunta de Galiza encargar a unha comisión independente un informe amplo e exhaustivo sobre todos os bens que puideron pasar a formar parte do patrimonio dos Franco de maneira irregular ou ilícita?

2. Considera necesario o goberno galego facer unha avaliación dos beneficios obtidos pola familia Franco como consecuencia da venda daqueles bens que foron adquiridos de maneira ilícita ou fraudulenta?

3. Considera de interese o goberno galego elaborar un inventario de propiedades mobles e inmobles espoliadas no que figure a súa procedencia, a propiedade orixinal, o método de adquisición ou apropiación, os valores históricos, artísticos e culturais, o





OFICINA PARLAMENTAR
Parlamento de Galiza
Rúa do Hórreo, 63, Tel. 0034 981 551 545
gp-bng@parlamentodegalicia.gal
15702 Santiago de Compostela
Galiza

valor económico estimado, a situación actual e as entidades ou persoas lexitimadas para a súa recuperación?

Santiago de Compostela, 13 de xaneiro de 2021

Asdo.: **Iago Tabarés Pérez-Piñeiro**

Iria Carreira Pazos

Luis Bará Torres

Deputados e deputada do G.P. do BNG


Asinado dixitalmente por:

Xosé Luis Bará Torres na data 13/01/2021 13:05:14

Iria Carreira Pazos na data 13/01/2021 13:05:17

Iago Tabarés Pérez-Piñeiro na data 13/01/2021 13:05:29





PARLAMENTO
DE GALICIA

BOLETÍN OFICIAL DO
PARLAMENTO DE GALICIA

Edición e subscricións:

Servizo de Publicacións do Parlamento de Galicia. Hórreo, 63. 15702. Santiago de Compostela.

Telf. 981 55 13 00. Fax. 981 55 14 25

Dep. Leg. C-155-1982. ISSN 1133-2727

CSV: BOPGDSPG29xpL416s3

Verificación:

<https://sede.parlamentodegalicia.gal/tramites/csv/>

